

O principal obxectivo deste caderno temático é animar os responsables políticos e técnicos municipais a incorporaren a perspectiva metodolóxica da investigación-acción participativa nos seus proxectos, afrontando os desafíos que a realidade social e cultural vai presentando en chave participativa e comunitaria.

Esta publicación é froito do proxecto *interea* que vén promovendo a Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación da Coruña coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña desde os inicios desta década.

 **interea** ediciones

 DEPUTACION  
DA CORUÑA  
[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
USC  
ESTADO UNIDOS DA CORUÑA

5

Caderno temático

A investigación-acción participativa no quefacer municipal

ALUGASE

Caderno temático

5

M. Belén Caballo Villar  
Raúl Fraguera Vale  
[coords.]

A investigación-acción participativa no quefacer municipal

 DEPUTACION  
DA CORUÑA  
[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

A colección *Cadernos Temáticos para a Acción Cultural Local* nace como unha iniciativa dedicada a xerar recursos documentais de referencia para os persoas responsables municipais das árees de cultura e de educación da provincia de Coruña, mais tamén para aquelas persoas ou institucións que estiveren interesadas no desenvolvemento das políticas municipais no noso territorio.

O formato de cada caderno inclúe unha primeira parte de fundamentación teórica que sitúa o lector nas chaves que lle permiten contextualizar a importancia do tema, unha segunda parte que recolle "boas prácticas" que ilustran o discurso teórico con exemplos de accións municipais exitosas, e unha última que ofrece unha escolma de recursos documentais para ampliar a información dos contidos do caderno.

Agardamos que a consulta, a lectura e o uso destes cadernos temáticos poida ser de utilidade, ainda cando non pretendamos que sexan un patrón teórico, normativo ou metodolóxico do que se debe ou do que pode facer. Lonxe diso, son textos abertos, inductores de voces e de comentarios críticos que se aventuren na procura da súa mellora.

## Caderno Temático 5 A investigación-acción participativa no quefacer municipal

M. Belén Caballo Villar  
Raúl Fraguela Vale  
[coords.]

Autores:

Gumersindo Alonso Bernárdez

M. Belén Caballo Villar

María Dolores Candedo Gunturiz

Rita Gradaílle Pernas

Emilio Lucio-Villegas Ramos

Pablo Montero Souto

Germán Vargas Callejas

© Editorial:

Deputación Provincial da Coruña

Alférez Provisional, s/n

15006 A Coruña

Supervisión lingüística: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

Deseño e maquetación: Grupo Ókino

Ilustración da capa e da contracapa: Grupo Ókino

Depósito Legal: C-1285/07

ISBN Obra Completa: 84-9812-007-1

ISBN Caderno Temático 5: 84-9812-062-4

Imprenta Provincial

A Coruña, 2007.

Este Caderno Temático 5 enmárcase no proxecto *interea: Iniciativas no Territorio e Recursos para a Acción Local*, ao abeiro dun Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e as Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña.

As opinións emitidas no Caderno Temático 5 son de exclusiva responsabilidade dos autores.

A colección de cadernos temáticos forma parte da aposta da Deputación da Coruña por unha política de apoio, de asesoramento e de coparticipación na acción sociocultural e educativa dos concellos da provincia. Desenvolvidos a través do *proxecto interea*, os cadernos pretenden a achega de recursos en termos de reflexións e experiencias principalmente, a técnicos e a políticos municipais das áreas de cultura, de educación e de patrimonio histórico-artístico, mais tamén a outras persoas e institucións vinculadas á acción local.

A publicación desta quinta entrega da colección supón un novo avance nunha iniciativa que toma sentido nas necesidades dos seus destinatarios e que recibe anovados folgos con cada contribución. Este número, "A investigación-acción participativa no quefacer municipal", achéganos a unha das metodoloxías de investigación más vinculadas á participación social.

As dinámicas de participación que melloran o benestar das comunidades non se improvisan, senón que requieren procesos educativos, de concienciación colectiva e de acción coordinada entre distintas institucións e profesionais. Os nomeados procesos deben habilitar canles que lles permitan aos individuos adquirir os coñecementos, as habilidades e as actitudes necesarias para seren cidadáns que participen, libres, responsables e preocupados polo ben común e pola solidariedade.

A través da investigación-acción participativa, os xestores municipais poden xerar dinámicas caracterizadas pola implicación da cidadanía nas decisións sobre as políticas públicas. É precisamente no ámbito local onde existe un maior potencial para aplicar con éxito este tipo de modelos e mecanismos de natureza social e participativa.

Para rematar, desexo expresarles o meu agradecemento pola boa acollida que tiveron os números anteriores, e polo interese amosado polos materiais que son froito do *proxecto interea*, unhas realidades que nos animan a seguir mellorando as nosas propostas, na procura de novas alternativas nos modos de traballar e de cooperar entre o ente provincial e os municipios por nós administrados a prol do desenvolvemento local.

Celestino Poza Domínguez  
Deputado provincial da Área de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

# Índice

Limiari.....	7
1. A investigación-acción: teoría e práctica para a transformación social.....	9
1.1. Sobre a orixe e o concepto da investigación-acción.....	10
1.2. Orientacións para a súa aplicación.....	20
1.3. Dificultades no traballo con investigación-acción.....	25
2. Unha metodoloxía para o desenvolvemento comunitario.....	27
2.1. Arredor da participación e do desenvolvemento.....	28
2.2. A investigación-acción participativa como instrumento de acción local.....	34
2.3. Desenvolvemento comunitario e escenarios de investigación-acción participativa.....	38
3. A promoción da cultura local como contido da investigación participativa.....	47
3.1. Sobre a cultura e a identidade cultural.....	48
3.2. Cultura e animación sociocultural.....	53
3.3. Algunhas notas sobre cultura e educación de persoas adultas.....	57
3.4. Cultura e investigación participativa. Apuntamentos sobre o coñecemento cotián.....	61
4. Boas Prácticas.....	70
5. Recursos documentais.....	95
6. Bibliografía.....	101

## Índice de representacións gráficas

1 A investigación-acción como proceso activo, reflexivo e transformador da realidade.....	14
2 Trazos que definen a investigación-acción.....	18
3 Espiral dos ciclos da investigación-acción.....	20
4 Ciclo da investigación-acción segundo Whitehead.....	22
5 O desenvolvemento comunitario como un proceso de análise.....	29
6 Ámbito local e procesos de participación.....	30
7 O proceso de investigación-acción como eixo do desenvolvemento comunitario.....	35
8 Cara a un enfoque ascendente de participación social.....	41
9 Algunhas diferenzas entre democratización e democracia cultural.....	55
10 A concepción tradicional dos museos frente a formulacións baseadas na participación social.....	60
11 O coñecemento popular: recurso para a análise e a transformación da realidade.....	63
12 Procesos de recuperación da identidade cultural.....	67
13 A investigación participativa como recurso para a recuperación e a posta en valor da cultura local.....	69

## Limiari

Foi na década dos corenta do pasado século cando Kurt Lewin acuñou o termo "investigación-acción" para aludir a unha metodoloxía que rompía coa concepción tradicional da investigación social e que apostaba por integrar as persoas "observadas" en todo o proceso investigador, e por concederelles un papel activo e protagonista co propósito de que redundase na transformación da súa realidade. Esta metodoloxía, como lembran Callejo e Viedma (2005) véñese utilizando en campos tan diversos como a empresa, a sanidade, a educación, o desenvolvemento comunitario, a intervención pública...

Desde aqueles inicios, a investigación-acción foi evolucionando e diversificándose para derivar na denominada **investigación-acción participativa**, onde destaca o papel central da participación dos implicados en todo proceso investigador. A partir do Simposio Mundial sobre Investigación-Acción que tivo lugar en 1997 en Cartagena (Colombia), acuñouse con bastante acordo o termo **investigación participativa**, nun intento por subliñar o potencial transformador que conteñen os procesos participativos en que se basea esta metodoloxía.

A investigación participativa é, pois, algo máis que unha metodoloxía que facilita coñecer a realidade social. É, na medida en que implica os cidadáns e as cidadás nese proceso de coñecemento, un instrumento de transformación social. Ao identificar e comprender os problemas colectivamente, ao tomar conciencia deles, ao descubrir as potencialidades da comunidade e ao crear redes de diálogo e de colaboración ao longo do proceso, a investigación-acción participativa ofrece canles para un desenvolvemento local participado. Trátase, pois, dun proceso de aprendizaxe colectiva en que, a través da participación, se descentraliza o poder e se reparte para lograr un maior compromiso cidadán coa realidade social e coas políticas públicas que repercuten na calidade de vida de todos.

Nos últimos tempos, e ao fio da crise das democracias representativas, están a rexurdir con forza as metodoloxías de investigación-acción no ámbito local coa intención de crearen unha maior conciencia cidadá e, consecuentemente, corresponsabilizar as comunidades nos procesos de xestión e de desenvolvemento dos seus territorios.

Desde o *equipo interea* entendemos que agora é o momento para impulsarmos proxectos que asuman esta concepción e esta metodoloxía no ámbito da cultura. De feito, no curso 2005-2006, e no marco do plano formativo do *Proxecto interea*, puxérонse en marcha dous grupos de investigación-acción configurados por persoal técnico municipal no eido da cultura e que están a traballar na análise dos desaxustes entre a oferta e a demanda das programacións culturais municipais, así como na procura de estratexias que lles faciliten aos veciños seren menos "spectadores" e máis "actores" da súa realidade cultural.

Nesta liña, o caderno temático que vos presentamos pretende acadar varios obxectivos. En primeiro lugar, servir de material de apoio para aquelas dinámicas que se basean en investigación-acción participativa xa iniciadas na nosa provincia, como a anteriormente descrita. En segundo lugar, dar conta da evolución desta metodoloxía de investigación e situar as súas posibles contribucións no marco da cultura e dos procesos de desenvolvemento humano das comunidades. E por último, mais como o principal propósito, animar os responsables políticos e os técnicos de diferentes municipios a incorporaren esta perspectiva de traballo nos seus proxectos, mediante o afrontamento dos desafíos que a realidade social e cultural vai presentando desde unha perspectiva participativa e comunitaria.

Estas son as razóns que nos levan a abordar, nun primeiro capítulo, a investigación-acción como metodoloxía participativa, e a achegármonos á súa orixe e aos pasos que debemos seguir na súa posta en marcha. O segundo capítulo avanza cara á investigación-acción participativa, e ofrece unha reflexión sobre o papel da participación nos procesos de desenvolvemento comunitario, enmarcando as posibilidades desta metodoloxía en dinámicas que teñen que ver coa promoción integral dos territorios, co compromiso cívico, coa autoorganización etc. O terceiro pon a énfase no valor da participación como unha estratexia para o cambio social. Analiza o papel e o potencial da investigación participativa no ámbito da cultura, adéntrase no concepto de cultura e incide na importancia da identidade cultural e o coñecemento cotián para o desenvolvemento das comunidades locais.

Por último, están as boas prácticas e os recursos documentais. Unha oportunidade para se pór en contacto con experiencias que se están a desenvolver en diferentes realidades municipais e para afondar no coñecemento desta metodoloxía de traballo a través da consulta dos materiais reseñados.

En definitiva, unha ocasión para sabermos máis sobre como traballarmos *para e coa* comunidade en chave de participación e de desenvolvemento.

*Equipo interea*

## 1. A investigación-acción: teoría e práctica para a transformación social<sup>1</sup>

Na última década do século pasado e nos albores do presente, o desenvolvemento das Ciencias Sociais singularízase pola revaloración e pola implementación de técnicas e de orientacións metodolóxicas que se afastan das concepcións instrumentalistas e positivistas, ao formular novos enfoques para o estudo e a comprensión das realidades. Estes enfoques, a maioría das veces, fan referencia a vertentes de corte cualitativa ou a unha integración equilibrada entre o cualitativo e o cuantitativo (Pérez Serrano, 1990). A valoración do cualitativo corresponde cunha visión renovada das Ciencias Sociais, que pretende comprender a realidade desde unha perspectiva menos unidimensional e máis complexa, isto é, estudar as situacións, os problemas, desde diversas ópticas e tomando en conta a singularidade de cada un dos suxeitos, dos grupos ou das sociedades que están inmersas no devandito proceso.

A comprensión complexa da realidade non supón necesariamente o desenvolvemento de novas ferramentas metodolóxicas, xa que, nalgúns casos, simplemente esixe a reutilización crítica dos medios e das técnicas que, en determinada época, foron cuestionadas polo seu carácter discursivo e cualitativo. É o caso das historias de vida, as entrevistas en profundidade, os grupos de discussión e todo aquilo que centra o seu potencial investigador na riqueza da palabra, na imaxe ou na observación da existencia cotiá. Esta ruptura coa liña "dura" da investigación en Ciencias Sociais, deu lugar a espazos de renovación e de construcción dunha ciencia máis humanizada, no sentido de tomar en conta o carácter afectivo e cognitivo dos "obxectos de estudio", en termos más adecuados, daquelas persoas que forman parte dos procesos de investigación.

Neste marco de valoración do suxeito e das súas capacidades para transformar a realidade inscríbese a investigación-acción, que pretende facer das persoas, os grupos e as comunidades, actores e protagonistas da investigación. Deste modo supérase a visión unidimensional centrada nos procedementos condutistas ou ben en trazos cuantificables, co fin de concibir as persoas como suxeitos

<sup>1</sup> Elaboración a cargo de Rita Gradaillé Pernas e Germán Vargas Callejas.

de investigación e, ao mesmo tempo, como investigadores capaces de transformar a súa propia realidad. Esta orientación conecta o carácter descriptivo, explicativo e interpretativo da ciencia coas cualidades e coas influencias culturais, cognitivas, afectivas e sociais propias da esencia humana.

Na liña de afondar neste retorno ao suxeito como actor dos procesos de investigación, así como de valorar a súa capacidade para coñecer e transformar a realidad, oriéntase este primeiro capítulo, xa que pretende recompilar e desenvolver algunas pautas que se relacionan coa investigación-acción co obxecto de propola como unha técnica metodolóxica apropiada para o coñecemento e para a transformación da realidad, a partir da implicación activa das persoas, que se consideran en todas as súas dimensións.

### 1.1. Sobre a orixe e o concepto de investigación-acción

Como unha proposta metodolóxica alternativa para o coñecemento, a interpretación e a transformación da realidad, a investigación-acción remóntanse a finais da primeira metade do século XX. Segundo recoñecen diferentes autores, Kurt Lewin é o artífice desta liña de investigación, ao definir os principios e as características fundamentais que deberían integrala (*action research*)<sup>2</sup>. Así, considera que debería centrarse no coñecemento das "relacións humanas con atención especial aos problemas de cambio de actitudes e de prexuízos e na mellora da calidade destas relacións como consecuencia da súa propia investigación" (Pérez Serrano, 1990: 35). Nesta tarefa, sitúanse os procesos e os procedementos propios da investigación nun contorno real, no que conflúe a acción realista e a reflexión crítica sobre esa acción, ao mesmo tempo que se propón un proceso dialéctico destinado a cambiar algún elemento da realidad ou do comportamento humano. Nesta mesma dirección sitúase o enfoque de Carl Rogers, quen -desde un ámbito psicolóxico- formula a transformación das condutas a partir da comunicación e os procesos de interacción entre os suxeitos e destes co seu contorno.

Por outra parte, Pérez Serrano (1990) observa que a Animación Sociocultural foi un dos ámbitos onde máis se empregou a orientación da investigación-acción, pola importancia que lle concede ao labor da comunidade e á capacidade de autoxestión das persoas e dos grupos; sendo un desenvolvemento (sostible e democrático) potenciado pola capacidade dos propios actores para sistematizar, pensar e reflexionar -cun alto nivel de rigor científico- sobre as súas propias accións. Esta tarefa segue vixente no contexto contemporáneo, sobre todo naqueles contornos onde se levan adiante proxectos que se orientan ao desenvolvemento comunitario e local.

<sup>2</sup> A *action-research*, segundo Lewin, fundámntase nunha acción realista, seguida por unha reflexión autocritica e obxectiva, ademais dunha avaliación dos resultados.

Desde unha perspectiva histórica, a investigación-acción xorde do intento dos "prácticos" por pensar sobre as súas propias accións, coa finalidade de lle dar un enfoque científico ás súas tarefas e propostas (Corey, 1953). Esta preocupación tivo diversas orientacións, xa que algúns se preocuparon por pretender a xeneralización dos seus estudos, mentres que outros se centraron en investigacións más diagnósticas e de focalización dos problemas (Taba e Noel, 1957). Esta última orientación é a que perdura a día de hoxe, en parte, porque se asumiou que os estudos cualitativos non explicaban realidades globais, senón situacións concretas. De aí que a xeneralización pretende a comprensión profunda e singularizada dos feitos sociais.

Desde a súa orixe ata o presente, a investigación-acción desenvolveuse en diferentes direccións, en función dos contextos e dos problemas. En todo caso, a pesar dos contrastes de enfoque, existe un elemento central que enlaza e dá sentido a todas estas vertentes: a preocupación por mellorar a práctica a través da integración acción-reflexión, que desemboca case sempre na transformación, uns aspectos presentes en todas as orientacións e manifestacións da investigación-acción.

Pola súa complexidade, polisemia e as súas imbricacións con cada realidad, a investigación-acción non resulta fácil de definir. Non obstante, para avanzarmos nesta tarefa é pertinente afirmarmos que non é unha acción positiva nin instrumentalista, xa que tampouco está centrada na perspectiva sistemática e racional, posto que integra elementos que a ciencia tradicional e a investigación de orde positivista negaron ou nin sequera chegaron a ter en conta. Neste sentido, e segundo a López de Ceballos (1987: 7), podemos afirmar que a investigación-acción é "unha vivencia", unha maneira de experimentar e de transformar a realidad; por tanto, un proceso que pode ser desenvolvido polos membros dun colectivo en canto non require unha especialización e se fundamenta na capacidade de observar, de revisar e de sistematizar. En coherencia con esta afirmación, a investigación-acción constitúe unha experiencia vital que, nos seus diversos niveis, está aberta a todos os compoñentes da comunidade.

A investigación-acción "non parte de eruditas reflexións epistemolóxicas nin de laboriosas consideracións ideolóxicas" (López de Ceballos, 1987: 7), senón que se centra nas accións do día a día, coa diferenza de que estes procesos son vivenciados cun alto nivel de conciencia e de criticidade; unha actitude que permite comprender, interpretar e asimilar a realidad cunha visión diferente que, necesariamente, inclúe a acción transformadora. Por tanto, non só se coñece o que se vive para ter un rexistro de feitos, senón para cambiar determinadas realidades con base nunha visión e acción científica.

A calidade de "vivencia" da investigación-acción, non nega o seu carácter científico, é máis, segundo Pérez Serrano (1990: 13), "a investigación-acción pódese entender como unha continua e dialéctica experiencia de aprendizaxe en espiral en que por medio da interacción todos os implicados

nela descobren, redescobren, aprenden e ensinan". Esta idea implica a inclusión da variable "formación", que é unha cuestión fundamental para a comprensión do que é, significa e representa a investigación-acción; que alén do coñecemento, da sistematización e do desvelamento dunha realidade, pretende a formación das persoas nos procedementos técnicos e metodolóxicos que supoñen coñecer, analizar, interpretar e transformar a realidade local.

Sen descoidar a cualidade aberta, participativa, formativa e transformadora da investigación-acción, diversos autores propoñen as seguintes definicións:

Segundo Elliott a investigación-acción é "un estudo dunha situación social co fin de mellorar a calidade da acción dentro da mesma", o que supón a comprensión e explicación dos problemas e das situacións sociais, e a reflexión sobre estas, de maneira que comprender unha determinada realidade serve como base para poder transformala (Latorre, 2003).

Nunha liña máis académica, Bartolomé (1986; cf. Latorre, 2003: 24) afirma que a investigación-acción "é un proceso reflexivo que vincula dinamicamente a investigación, a acción e a formación, realizada por profesionais das ciencias sociais, sobre a súa propia práctica. Lévase a cabo en equipo, con ou sen axuda dun facilitador externo ao grupo". Un aspecto que queda patente nesta definición é o labor investigador que desenvolven os propios suxeitos implicados nunha situación ou problema do que, como indicaba Elliott, pode derivar nun coñecemento profundo da realidade e, consecuentemente, na formulación adecuada e pertinente de axustes ou de modificacións para cambiar a realidade.

Desde unha perspectiva máis centrada na educación, Kemmis (1984) considera que a investigación-acción é unha forma de indagación autorreflexiva realizada por aqueles que participan nas situacións sociais -incluíndo as educativas- para mellorar a racionalidade e a xustiza da práctica social ou educativa; a comprensión sobre estas e a situación e as institucións en que estas prácticas se desenvolven. A proposta de Kemmis pon especial énfase na autorreflexión, na intervención sobre as prácticas e no resultado da transformación concreta de determinadas situacións.

#### Elementos da investigación-acción

Se seguimos estas propostas e se tomamos en conta as ideas de Lewin, a investigación-acción recolle, basicamente, tres elementos:

- 1) a investigación: coñecemento, comprensión e explicación de situacións, problemas, fenómenos sociais...
- 2) a acción: intervención activa e reflexiva sobre aquilo que se coñece coa finalidade de transformalo;

3) a formación: todo proceso de investigación-acción supón a aprendizaxe de múltiples coñecementos tanto de rango metodolóxico como de procesos de comprensión, de explicación e de transformación da realidade.

Nesta liña, a investigación-acción é o proceso metodolóxico de coñecemento da realidade por parte dos que están directamente implicados nela, a través do estudo e da sistematización de realidades, da reflexión sobre as súas accións e as connotacións que se derivan do agravamento ou da resolución da situación investigada.

A investigación-acción é un coñecemento colectivo práctico, teórico e reflexivo da propia realidade co fin de transformala, na procura do benestar do colectivo que está implicado no proceso.

O seguinte esquema recupera as propostas elaboradas por autores como Habermas<sup>3</sup>, Paulo Freire, Gadamer e outros, que centran a súa atención nas posibilidades comunicativas, interpretativas, de acción e de transformación das persoas. Así as cousas, o esquema que formulamos representa esa cualidade activa, reflexiva, transformadora da realidade e, ao mesmo tempo, formativa dos suxeitos (grupos, equipos, comunidades) que son os protagonistas do coñecemento e da comprensión da súa propia realidade.

<sup>3</sup> Habermas, na súa *Teoría da Acción Comunicativa*, reivindica o valor social, ético e científico da comunicación e a argumentación como un sistema de comprensión da realidade e base para a súa transformación.

## Representación gráfica núm. 1

A investigación-acción como proceso activo, reflexivo e transformador da realidade



## Características da investigación-acción

A investigación-acción como unha orientación metodolóxica para o coñecemento, a análise e a explicación das accións humanas e dos fenómenos sociais experimentados polos que viven estas cuestións, singularízase polos seguintes trazos:

1) É **participativa e colaborativa**, nela implicanse aquelas persoas que queren mellorar as súas propias prácticas ou os que, dunha maneira ou doutra, se vén involucrados nalgún problema; deste xeito, os propios suxeitos do problema transfórmanse en protagonistas da investigación. Un dos trazos más destacados da investigación-acción nos procesos de desenvolvemento local é a súa capacidade para integrar os diversos compoñentes da comunidade, de maneira que a realidade sexa desvelada en toda a súa complexidade e as accións transformadoras respondan aos intereses das persoas involucradas no proceso.

A cualidade participativa da investigación-acción fai que as persoas se concentren naqueles problemas ou situacións que consideran máis importantes para a súa existencia. Deste modo, as persoas focalizan os problemas e potencian as súas posibilidades de transformación, en canto concentrان os recursos e os esforzos para coñecer e daren resposta a cuestións concretas. Esta concepción participativa da investigación-acción tamén crea o marco axeitado para que os procesos de toma de decisión e construcción de consensos sexan argumentativos e racionais, uns espazos de expresión onde todos os colectivos interesados teñan a posibilidade de dar a coñecer as súas inquedanzas e propostas.

2) Fundámese na reflexión e na autocrítica, dous elementos que outorgan unha entidade singularizada a este enfoque de investigación, que non só pretende o coñecemento aséptico e frío da realidade senón unha implicación persoal. Este feito supón que, máis alá das accións mecánicas, son procesos reflexivos sobre aquilo que se está a facer, sobre como se está a facer e para que. Nesta liña, a investigación-acción promociona tamén a autocrítica, en canto que a través dos procesos reflexivos permite aos actores da investigación pensar sobre a súa propia práctica e criticala, coa finalidade de xerar respuestas adecuadas para a superación -ou o cambio- dalguna situación ou problemática singular. Esta reflexión contribúe a fomentar actividades colectivas, porque enriquece o proceso de investigación, permite reflexionar sobre os problemas, e concreta solucións desde múltiples ópticas e en base aos intereses dos suxeitos que están implicados na investigación.

3) É exploratoria, en canto que o seu propósito é afondar na comprensión dos suxeitos sobre algunha situación ou fenómeno social. Por tanto, non só se orienta á procura de explicacións finalistas, tampouco parte do principio de esgotar descriptivamente a realidade, a súa orientación é de apertura cara aos problemas, sobre todo pensando na cualidade dinámica da realidade; uns aspectos que manteñen a tensión dos investigadores fronte a todo o novidoso. Neste sentido, afondar no coñecemento -ademas da descripción dos factores accidentais da realidade- esixe o coñecemento dos principios causais, algo que inevitablemente leva a asumir unha perspectiva exploratoria, de apertura aos múltiples elementos e situacións da realidade e, sobre todo, de interese polas consecuencias de todo aquilo que se vai transformando ou axustando no proceso.

4) É complexa, xa que trata de coñecer a realidade nas súas múltiples dimensións, para integrar as diversas perspectivas dos participantes na investigación. Se ben, a maioría das veces, a investigación-acción se centra no estudo de casos específicos, o seu nivel de delimitación e concreción non supón unha redución nos niveis de comprensión da realidade. Máis ao contrario, as pequenas parcelas de realidade outorgan a posibilidade de as coñecer en profundidade, tomando en conta as súas múltiples relacións, as súas orixes, os procesos e os efectos. Ao mesmo tempo, facilita as relacións entre as múltiples realidades, en canto que as cuestións e as problemas que forman parte de tramas sociais involucran as dimensións sociais, económicas, educativas, culturais... propias da existencia humana. Nesta liña, figurativamente pódese representar a investigación-acción como unha arañeira, que ten múltiples puntos de fixación formados por diversos compartimentos, dependentes uns dos outros e gardando o "todo"

unha interrelación complexa, non só pola súa forma senón tamén pola súa complexidade; unha complexidade conformada polas diferentes realidades sociais e sobre todo pola diversidade de esquemas de coñecemento e de interpretación que realizan os suxeitos que participan na investigación.

5) Permite a expresión e a comprensión dos problemas desde o punto de vista dos que están involucrados no problema, posto que os axentes da investigación son as persoas que están inmersas nunha determinada situación. Neste sentido, os investigadores teorizan sobre os seus problemas, propoñen cambios para transformaren a realidade en función da concepción que teñen da problemática existente, un aspecto que permite integrarse de maneira "vívida" no proceso de investigación. Nesta liña, non se debe analizar e interpretar a realidade só desde o enfoque erudito dos especialistas, senón que cómpre garantir o equilibrio coas expectativas que a sociedade ten a respecto desa realidade.

6) É unha investigación sobre a práctica dos colectivos que levan adiante a investigación. Este é un dos principais trazos da investigación-acción, o seu estudo das accións, para coñecer as dificultades, a potencialidade, as vantaxes que poden xerar prácticas más axeitadas en calquera ámbito de exercicio profesional ou ben no marco da comunidade para crear mellores condicións de existencia. A atención á práctica, ao traballo cotián, ás experiencias das persoas, non supón o abandono da teoría, en todo caso, a teoría xerada pola investigación-acción, xorde da propia práctica e oriéntase cara a ela. En consecuencia, esta modalidade de investigación recolle a dialéctica constante entre a teoría e a práctica, entre a acción e a reflexión, mais sempre considerando o carácter concreto e vivencial das prácticas humanas.


7) É un proceso sistemático e colectivo de aprendizaxe social que se rexe por regras concretas, que se axusta ás esixencias da investigación social, por tanto posúe altos niveis de fiabilidade. O carácter experiencial e a integración dos actores no proceso de investigación, non reduce a profundidade científica da orientación metodolóxica. No que respecta aos procesos que se levan a cabo, cómpre dicir que están sistematizados e controlados, e que responden a un proceso minucioso de planificación orientado á comprensión e á explicación dalgunhas parcelas da realidade. Por tanto, a investigación-acción constitúe un proceso sistemático, organizado e colectivo de aprendizaxe social, xa que todas as persoas integradas nunha acción teñen a posibilidade de coñecer, manexar e aplicar as técnicas e as metodoloxías empregadas. Por outra parte, é importante recoñecer que esta aprendizaxe non se reduce a cuestiós de carácter metodolóxico, xa que durante este proceso -e en función do problema sobre o que se traballe- o colectivo de investigadores vai aprendendo máis arredor desa realidade; de aí que se potencien as capacidades persoais e colectivas para a intervención. A aprendizaxe debe superar as barreiras individuais e -de acordo co interese e co nivel de integración na investigación- deberá estar aberta para todas as persoas que aprenden, quer da acción quer da reflexión, compartindo visións e coñecementos cos demais.

8) Contribúe ao cambio e á consolidación dunha consciencia social. Nesta perspectiva, a investigación-acción non é aséptica nin neutra, senón que se orienta á xeración dun cambio que moitas veces atinxe a toda unha colectividade, adquirindo un carácter político (Latorre, 2003). No contexto da comunidade, a partir da aplicación da metodoloxía da investigación-acción, os problemas a que se pretende fazer fronte refirese a cuestiós de orde participativa, de integración, de redistribución de bens, de atención aos desfavorecidos e de mellora das condicións de vida de toda a comunidade. Isto supón a toma de conciencia social a respecto das problemáticas que existen na comunidade. Na dialéctica entre a vivencia práctica e a reflexión colectiva, as persoas descubren a realidade e son conscientes dos seus problemas, ao mesmo tempo que formulan solucións conxuntas. Desde esta perspectiva, cómpre sinalar que a investigación-acción crea un sentido de comunidade, de complicidade social, orientado ao cambio social ou -en termos más contemporáneos- ao logro de mellores condicións de vida.

Centrando a atención no carácter participativo e transformador da investigación-acción, cómpre afirmar que é un procedemento metodolóxico útil para consolidar a democracia e promocionar a integración dos individuos en base a obxectivos e a metas comúns.

Esta potencialidade política foi desenvolvida e aproveitada en procesos de animación sociocultural e de desenvolvemento comunitario local, ao utilizar esta metodoloxía para animar as persoas na toma de conciencia dos seus problemas, ao mesmo tempo que serve para procurar solucións dun xeito colectivo e colexiado. Esta singularidade política, pode constituir un nesgo significativo no proceso de desenvolvemento da investigación, de aí a necesidade de respectar a sistematización; un aspecto que garante o rigor e o respecto ás regras e aos procedementos científicos que elevan o nivel de fiabilidade desta metodoloxía de investigación.

Representación gráfica núm. 2  
Trazos que definen a investigación-acción



Fonte: Pérez Serrano (2001:182).

### O que non é a investigación-acción

Desde un punto de vista estritamente educativo, e co fin de clarificar o concepto e a práctica da investigación-acción, consideramos as propostas de Pérez Serrano (1990: 51), a partir das achegas de Kemmis e Mc Targgart (1988: 29-30) a respecto do que non é a investigación-acción:

- 1) Non é aquilo que fan habitualmente os educadores cando reflexionan sobre o seu trabalho. A investigación-acción é máis sistemática e colaboradora e recolle os datos sobre os que se basea unha rigorosa reflexión de grupo.
- 2) Non é simplemente a resolución de problemas. A investigación-acción implica a formulación do problema e non soamente a súa solución. A investigación-acción procura a comprensión e a mellora do mundo a través do cambio.
- 3) Non é unha investigación sobre outras persoas. É unha investigación que considera as persoas como axentes autónomos e responsables, participantes activos na elaboración da súa propia historia, capaces de seren más eficaces nesa elaboración se coñecen aquilo que fan.
- 4) Non é o método científico aplicado aos procesos educativos. Non se limita a someter a proba determinadas hipóteses ou a utilizar datos para chegar a conclusións. Adopta unha visión de Ciencia Social distinta daquela en que se basean as Ciencias Naturais. A investigación-acción concirne tamén ao propio suxeito. É un proceso que segue unha evolución sistemática e cambia tanto o investigador como as situacións en que este actúa.


De maneira global, unha singularidade que caracteriza a investigación-acción é a súa natureza antropológica, en canto que o seu fundamento son as accións-prácticas das persoas, as perspectivas e os procesos de interacción e convivencia. Nesta modalidade de investigación, as persoas son as que transforman a súa realidade social, profesional, laboral... desde unha acción colectiva -teórica e práctica- dialéctica da ciencia e da cotidianeidade/afectividade humana.

## 1.2. Orientacións para a súa aplicación

A investigación-acción ten unha finalidade pragmática, xa que pretende a transformación da realidade a partir dos intereses dos suxeitos que conforman esta situación. Por tanto, máis que de construír unha teoría, trata de contribuír á resolución de problemas presentes nos diversos campos da interacción social, de aí que un dos principios de partida da investigación-acción sexa que os problemas que trata poidan ser resoltos a partir de solucións prácticas (Elliott, 1991).

Partindo destes supostos, a investigación-acción non centra a súa atención en utopías porque a solución compete á acción práctica dos individuos e dos colectivos. O interese da investigación-acción céntrase en cuestións concretas, nos comportamentos das persoas e naqueles procesos en que -a partir da reflexión e a práctica- se pode incidir na liña dun cambio social. En síntese, un proceso real e concreto que esixe unha serie de etapas e procedementos que -segundo Latorre (2003: 32)- recolle as seguintes fases: planificar, actuar, observar e reflexionar.

Representación gráfica núm. 3  
Espiral dos ciclos da investigación-acción



Fonte: Latorre (2003:32).

As fases da investigación-acción non se desenvolven de maneira lineal, máis ao contrario, seguen unha lóxica de espiral de ciclos que se singulariza pola súa complexidade na interacción e complementariedade das diferentes etapas, considerando un dinamismo que se rexe polas necesidades de cambio ou polo axuste do proceso de investigación.

Se atendemos ao esquema desenvolvido por Latorre, onde define as fases da investigación-acción e a súa dinámica, as persoas que participan neste proceso deben:

1) Desenvolver un plano de acción que necesariamente debe fundamentarse nun diagnóstico previo da realidade práctica que se desea transformar. O plano ten que estar ben estruturado e ten que recoller elementos como a definición do problema, os obxectivos, a metodoxía... que se vai aplicar no proceso da investigación. Por outra parte, débese ter en conta que un plano non é unha receita que debe cumplirse ao pé da letra, senón que se contempla como un documento orientativo que, en calquera momento e en función das esixencias da dinámica de investigación ou das condicionantes da realidade, pode ser cuestionado e reestruturado. De aí a importancia de xerar planos flexibles e adaptables ás condicións cambiantes dos fenómenos sociais.


2) A actuación ou a execución do planificado supón a posta en práctica daquilo que se pensou e organizou previamente. A aplicación do plano, tal e como sinala Latorre (2003), debe ser deliberado e debe responder á acción voluntaria das persoas, ao mesmo tempo que se tomará en conta o elemento de control. Este feito implica que a aplicación exitosa de calquera plano require unha avaliación constante, de modo que a realidade non supere nin desvirtúe as previsións feitas na fase de planificación.

3) A observación ou a visión crítica da realidade investigada resulta fundamental para avanzar no proceso, debido a que a observación pode conceder a información necesaria para realizar unha avaliación concreta e fundamentada de todo o proceso da investigación. Desde esta perspectiva, a observación -como método de control e compilación de información- debe estar ben estruturada, de maneira que ningún factor do proceso e os seus efectos queden ignorados.

4) A reflexión ou a acción crítica de pensar sobre o que se fixo é un factor esencial no proceso de investigación-acción. É máis, sen este elemento sería imposible mellorar a práctica, posto que só en base á reflexión se poden redefinir as accións e resignificar os feitos e os fenómenos experimentados durante o proceso investigador. No proceso cíclico da investigación-acción, a reflexión crítica constitúe a base para unha nova planificación; o que supón avances cualitativos nos procesos de transformación da realidade, porque a realidade é repensada, transformada e resignificada, quer individual quer colectivamente.

Con todo -e á marxe de que todo proceso de investigación-acción debe recoller as fases de planificación, acción, observación e reflexión da acción-, a orde, a prioridade e a profundidade con que se estude cada unha destas fases dependerá da perspectiva de cada autor e das persoas que están no terreo da práctica. En coherencia con esta afirmación, Whitehead (1991; cf. Latorre, 2003: 38) realiza unha proposta que incide fundamentalmente na concreción das accións e na implicación persoal dos investigadores:

**Representación gráfica núm. 4  
Ciclo da investigación-acción segundo Whitehead**



Fonte: Whitehead (1991).

Á vista do modelo que presenta Whitehead, incídese na idea de que a transformación práctica é inherente á investigación-acción; ao mesmo tempo que recupera, dunha maneira sinxela e ordenada, a capacidade de sistematización e de praxe, se a entendemos como un motor do cambio social. Segundo este autor, os elementos representados deben ser considerados nun sentido cílico, o que implica unha reflexión teórico-práctica continuada da realidade de que se partiu. Consecuentemente, este cambio supón un proceso constante de acción e reflexión, desde unha perspectiva crítica e transformadora.

En coherencia coas liñas expostas ata o de agora, podemos afirmar que todo proceso centrado na investigación-acción debe considerar: o coñecemento da realidade, a elección do ámbito de intervención/do obxecto da acción, a planificación da investigación-acción, a intervención, a reflexión e a transformación de realidade. Para a súa concreción na práctica, cada unha destas fases require a realización doutras tarefas e accións que facilitan a posta en marcha, o axuste e o desenvolvemento do proxecto deseñado.

Compartimos que o punto de partida da investigación-acción debe ser a identificación dun problema, de tal modo que as persoas que conforman esa realidade social sexan actores e protagonistas no proceso de resolución das necesidades explicitadas.

A realización da investigación-acción supón a implicación das persoas, sobre todo daquelas que están inmersas no problema que se quere analizar. A participación é importante debido, fundamentalmente, a que os procesos de interacción entre as persoas melloran os niveis de aprendizaxe e permiten tratar o tema desde unha perspectiva más complexa e multidisciplinar.

Unha vez que se conformou o grupo de investigación e que se identificou o problema, débese proceder ao seu coñecemento en profundidade, de modo que sexa o conxunto dos interesados os que levan a cabo este labor de diagnóstico, coa finalidade de obter os datos suficientes para comprender e explicar o problema concreto. Unha vez obtidos estes datos, é imprescindible elaborar un plano de acción que considere cuestiós relativas ao que está a suceder, ao porque resulta problemática a situación que se formulou, así como identificar e promover estratexias que fagan fronte a esta realidade. Nun sentido más propositivo, o plano de acción debe ter en conta o problema e as súas implicacións, o estado da situación, así como xerar planos de acción estratégica que se orienten a superar a problemática analizada (Latorre, 2003).

Neste proceso non podemos obviar a revisión documental, xa que a información e o seu fluxo son elementos de suma relevancia para desenvolver a investigación-acción, sobre todo polo carácter vinculante da información, xa que unha deficiente difusión pode derivar na apatía ou no feito de non sentirse implicado no problema tratado.

Na fase dedicada á acción débense ter en conta os feitos concretos e as actividades dos que están comprometidos na acción, todo sen deixar de lado os obxectivos da investigación, que se desenvolven ao mesmo tempo que a acción. En todo caso, a investigación e os seus obxectivos deben servir á acción, posto que a finalidade da investigación-acción, ademais de facilitar a creación dunha teoría centrada na práctica, é a transformación concreta da práctica. Segundo Latorre (2003), a acción debe ser informada, comprometida e intencionada, o que supón que a acción sempre debe fundamentarse na planificación.

Ademais, debemos ter en conta que a acción se desenvolve de maneira paralela á observación, que é unha fase máis do proceso de investigación-acción e que implica observar de forma continua tomando notas de todas aquelas cuestións inherentes ao proxecto. Para a realización adecuada da investigación é necesario observar os efectos do que se está facendo, e sobre esta base prever o que vai suceder e cómo se afrontarán os problemas emerxentes.

Os datos compilados da acción a través da observación constitúen a base para a reflexión, esta fase non forma parte do proceso final, senón que é un elemento máis que se integra en todas as fases do proceso investigador. A reflexión implica pensar e re-pensar todo o que se foi realizando, as implicacións desta práctica na resolución dos problemas, a adecuación aos intereses dos participantes así como a pertinencia da investigación para transformar a realidade que se estuda. Desde esta perspectiva, cómpre sinalar que a reflexión debe ser sistematizada e debe fundamentarse en datos concretos, ademais de se centrar nos procesos, nos problemas e nas restricións que se identifican ou manifestan na aplicación e no desenvolvemento do proxecto.

Segundo Desroche (cf. López de Ceballos, 1987: 24), todas as fases e os procesos inherentes á investigación-acción pretenden explicar ou tratar de entender más e mellor os actores e a súa acción; empregar os datos obtidos co fin de mellorar a acción; entender a investigación como un medio de mobilización social.

Non estamos fronte a unha modalidade aséptica de investigación, senón fronte a un proceso que supón o compromiso das persoas e a implicación colectiva na procura de solucións a problemas concretos e próximos á súa existencia cotiá.

Coincidimos con López de Ceballos (1987) en que o centro de todo o proceso de investigación-acción son as persoas (os animadores, os grupos e a poboación en xeral) e non as cousas nin os datos. En consecuencia, o fundamental non é aquilo que suceda coas cousas ou cos datos, senón as implicacións ou o significado que estes teñen para a vida concreta do colectivo que participa no proceso. Nesta liña, compartimos con Esteves (1986) que as escolas, os centros de formación, os servizos sociais, as comunidades locais (rurais e urbanas) ou os movementos sociais, constitúen os contornos onde máis se

desenvolveu este modelo de investigación; uns ámbitos da vida que -na súa maioría- están estreitamente relacionados coas condicións de existencia cotiá das persoas. Neste sentido, sublinhamos de novo que unha das singularidades da investigación-acción son os procesos de orientación encamiñados á transformación ou á mellora das condicións de vida das persoas.

### 1.3. Dificultades no traballo con investigación-acción

A pesar das vantaxes desta metodoxia de investigación, un dos maiores problemas con que debe enfrentarse é a resistencia dalgunhas persoas no proceso de participación, debido a que a súa implicación nun proxecto desta natureza esixe un compromiso individual e colectivo constante, unha circunstancia que, por múltiples motivos e situacións, ás veces resulta difícil de lograr. Por tanto, sen a participación e o compromiso das persoas, e sen procesos que impliquen reflexión e cambio, non se chega a ningún obxectivo concreto; de aí que moitas veces derive nun fracaso a implementación deste tipo de proxectos.

En coherencia co anterior, os intereses particulares ou colectivos poden constituir un problema no proceso da investigación-acción. Neste sentido, non debemos esquecer que todo individuo e conxunto humano actúa en base a uns intereses e unhas expectativas previamente establecidas e, por tanto, se a investigación que se formula non responde a estes intereses ou vai en contra destes, será difícil congregar persoas comprometidas arredor do proxecto. Por esta razón, á hora de deseñar unha iniciativa deste tipo é preciso analizar en profundidade os intereses -individuais e colectivos- que se moven arredor do problema ou da cuestión que se pretende estudar.

Outro aspecto que debemos ter en conta é a integración de múltiples actores no proceso da investigación-acción, un feito que pode ter unha dupla lectura. Por un lado, supón unha vantaxe, en tanto que garante diversidade de opinións desde unha óptica multidisciplinar; mais, por outro, pode entenderse como unha desvantaxe, pola complexidade que supón ter múltiples visións sobre un mesmo problema, que pode crear dificultades á hora de consensuar acordos sobre como tratalos e concretar as solucións, un feito que ralentiza a realización dos proxectos. Con todo, entendemos que a diversidade, más alá de xerar problemas, constitúe unha vantaxe para tratar de solucionar problemas emerxentes na realidade social. Unha visión enriquecida polos procesos de información e integración de todas as persoas nun diálogo construtivo.

O carácter participativo da investigación-acción tamén permite a reflexión crítica arredor do proceso investigativo, facilita a avaliación das múltiples etapas e procedementos, ao tempo que permite axustes e -caso de necesidade- a introdución de cambios ou de elementos novos. Uns axustes que se producen no marco da discusión, a concertación e a consulta de todos os participantes; un feito que

deriva en altos niveis de autonomía e de autoconfianza nos membros do grupo e da comunidade que investiga. Esta dinámica favorece a ruptura de procesos unidireccionais e verticais, más propios das formas tradicionais de enfocar a investigación, que privilexian o individuo fronte ao colectivo, para derivar en situacións crónicas de dependencia.

A investigación-acción, polos múltiples procedementos que implica, ten un carácter intrinsecamente participativo e é unha das técnicas máis axeitadas para a integración da comunidade arredor dunha tarefa concreta. Os problemas da comunidade ou dunha parte significativa desta, constitúen o material ou o obxecto de investigación que, desde unha óptica participativa, debe tomar en conta os seguintes aspectos: estar aberta a toda a comunidade; aproveitar as potencialidades prácticas e os coñecementos teóricos dos propios participantes; distribuír as responsabilidades e as tarefas entre todos; socializar as etapas, os procedementos e os resultados da investigación; xerar unha retroalimentación constante entre os implicados; centrarse na resolución de problemas reais da comunidade local.

Polas súas características, a investigación-acción é útil para a concreción, o coñecemento e a resolución de problemas nas comunidades locais, pois nelas as posibilidades de interacción e de coñecemento persoal son maiores, algo que permite coñecer e aproveitar de maneira óptima as potencialidades dos diversos membros da comunidade. En todo caso, a referencia á comunidade local, non supón a súa redución á comunidade rural, en canto esta modalidade de investigación, de exploración e de transformación da realidade é tamén útil para contornos urbanizados, sendo a condición más básica para a súa aplicación, a implicación dun colectivo arredor dun problema ou dunha cuestión concreta que interese á maioría, o principio básico a partir do que se pode desencadear todo o proceso que supón a investigación-acción.

Para concluírmos, podemos afirmar que a investigación-acción, a pesar das dificultades que pode xerar, é unha metodoloxía de coñecemento e transformación da realidade útil para o cambio social, sobre todo en contornos educativos e naqueles espazos de convivencia onde as relacións humanas se caracterizan pola súa proximidade, como é o caso das comunidades urbanas e rurais; uns espazos de vida onde a investigación-acción, se amosa como un instrumento e un medio pertinente para coñecer, comprender, explicar e transformar a realidade. Eis a finalidade desta metodoloxía, e nela radica a súa vitalidade e importancia, en facer protagonistas os suxeitos na tarefa de mellorar as súas propias condicións de vida.

## 2. Unha metodoloxía para o desenvolvemento comunitario<sup>4</sup>

*É necesario vivir intensamente a relación profunda entre teoría e práctica..., esta deixa de ter repercusións cando non hai unha práctica que a motive.*

*Paulo Freire, 1988*

No marco das institucións locais e dos movementos sociais, moi particularmente os servizos ou os dispositivos de promoción social, cultural ou de participación cidadá, estanse a promover novas estratexias nos xeitos de incentivar ou de implementar liñas sustentables de desenvolvemento. Así, desde a esfera do local e na procura de acadar melloras substanciais na calidade de vida, faise necesaria unha optimización das intervencións públicas e un maior grao de implicación-participación da cidadanía nos seus propios procesos de desenvolvemento.

Deste xeito, e ante a crecente necesidade de activar marcos de desenvolvemento e de promoción integral dos territorios (entidades locais, barrios ou distritos etc.), téñense propiciado, particularmente desde os paradigmas de investigación cualitativos, escenarios metodolóxicos que identifican como unha finalidade prioritaria as súas capacidades de transformación e cambio social (Pérez Serrano, 2004). Estes escenarios, en boa medida, afondan nas múltiples interpretacións das realidades sociais, nas súas posibles significacións e na necesaria implicación dos actores principais na participación arredor dos propios procesos de reflexión-acción.

<sup>4</sup> Elaboración a cargo de Gumersindo Alonso Bernárdez e María Dolores Candedo Gunturiz.


## 2.1. Arredor da participación e do desenvolvemento

Con especial incidencia nas últimas décadas, as metodoloxías cualitativas teñen fundamentado procesos de definido carácter integrador, na intención de analizar e transformar a realidade social equiparando nos procesos de desenvolvemento a xa tradicional natureza dos componentes e descritores socioeconómicos (potencialidades territoriais, recursos endóxenos etc.) cos de índole comunitario ou territorial (recursos humanos, calidade de vida, contornos socioeducativos e culturais, chaves de participación social, redes comunitarias etc.).

Parece superarse, pois, unha estendida concepción economicista do desenvolvemento que, centrada maioritariamente nos procesos de crecemento económico e nas variables cuantitativas, teñen informado numerosos procesos de planificación ou desenvolvemento territorial acentuando, case en exclusiva, aquelas capacidades e posibilidades territoriais que pola súa natureza ou condición (vantaxes competitivas) posicionarian estrateticamente a unha zona ou área territorial.

Neste senso salientanse, en boa medida, as potencialidades transformadoras de espazos, dinámicas e recursos comunitarios que redunden, desde a participación comprometida de todos os axentes, instancias políticas e sociais (administracións, grupos de acción local, contornos empresariais, sociedade civil, redes culturais, recursos educativos e socioculturais etc.), nunha progresiva mellora das condicións de vida, das posibilidades de desenvolvemento e coparticipación das comunidades nos seus propios procesos de desenvolvemento.

Representación gráfica núm. 5  
O desenvolvemento comunitario como un proceso de análise



Salienta esta visión de proceso, en clara relación coa mellora das condicións de vida dunha determinada comunidade, Marchioni (2001), cando caracteriza o **desenvolvemento comunitario** como un proceso de mellora no seo das comunidades ou entidades locais e con elementos caracterizadores asociados a:

- grao de implicación/participación do conxunto da poboación, que asume progresivamente o seu protagonismo no proceso de desenvolvemento, ao mesmo tempo que propicia unha necesaria estrutura organizativa para este fin;
- grao de resposta, implicación e corresponsabilidade por parte das diferentes administracións e dispositivos no proceso comunitario, moi particularmente os concellos e aqueles cunha funcionalidade singular no ámbito local (axencias de desenvolvemento, departamentos, dispositivos ou recursos promocionais etc.);

- optimización do uso equilibrado e coordinado dos recursos, a partir da efectiva coordinación dos cadros profesionais, presenza e natureza dos dispositivos de actuación e de promoción social, respuestas institucionais e necesidades comunitarias ou determinación dos axentes implicados (rede comunitaria) co fin de garantir unha resposta globalizada como suxiren as particularidades dos feitos comunitarios.

Nesta chave, e a partir dunha lectura contextualizada dos territorios, cómpre salientar o valor operativo dos procesos de participación cidadá, por canto optimizan as posibilidades de encontro entre as respostas en materia de intervención pública ou comunitaria (coa importancia que isto conleva na planificación territorial ou sociocultural), e as necesidades reais da cidadanía no marco dos múltiples escenarios sociais que na actualidade se describen.

#### Representación gráfica núm. 6 Ámbito local e procesos de participación



Se seguimos a Romero (2004), é precisamente na esfera do "local", concibido como un espazo territorial en relación a chaves xeográficas, relacionais ou de identidade entre outras, en que se manifestan de xeito directo e relacionado os problemas e as situacions a que se pretende fazer fronte desde a cultura da participación e os procesos de desenvolvemento comunitario.

Así, temos asistido nos últimos tempos a un auxe crecente do concepto local que, sen esquecer o impacto das tendencias globalizadoras, se vén manifestando, entre outros elementos, en relación a chaves de tipo:

- político-administrativo, en alusión aos procesos de descentralización funcional das políticas públicas (en particular no plano social e comunitario), o aumento do peso específico dos axentes sociais ou a posta en marcha de fórmulas renovadoras de participación (consellos, redes...) e a xestión política (regulamentos, partenariado etc.) como unha esixencia da sociedade civil e do maior grao de compromiso cidadán;
- socioeconómico, por canto se están a pór en valor numerosas iniciativas asociadas ao desenvolvemento de novas oportunidades de emprego (ámbito rural, servizos comunitarios etc.), á promoción de formulas alternativas de economía social (cooperativismo social, transnacionalidade etc.) ou a un singular aproveitamento das múltiples vantaxes competitivas dos territorios (creatividade empresarial, grao de emprenditorialidade<sup>5</sup>...);
- socioeducativo e cultural, facendo especial fincapé no crecente peso e atención arredor dos procesos de construcción das identidades locais (uns elementos asociados a compoñentes históricos, de re-creación cultural, códigos e "visións" de comunidade...) e os distintos elementos problematizadores en relación coas dinámicas de integración/exclusión social de colectivos, franxes de poboación en risco de exclusión social (adolescentes e mozos, poboación inmigrante, mulleres, desempregados etc.) ou coas diferentes redes de participación e mobilización social con presenza no territorio.

Unha especial significación cobran, neste senso, os referentes teóricos e metodolóxicos, que se ofrecen en chave pedagóxico-social e que subxacen dos procesos de planificación estratéxica, os planos de acción local, as axendas culturais ou os procesos de desenvolvemento territorial, por canto deberan supor procesos continuados de transformación-educación social das comunidades desde a participación e o compromiso assumido polos seus axentes principais<sup>6</sup>.

<sup>5</sup> Entendida tamén como unha avantaxe competitiva, a emprenditorialidade serve como indicador da capacidade, individual ou colectiva de acometer novos retos ou desafios de índole empresarial en relación a cuestiós como: visión estratéxica, identificación de oportunidades de negocio, asunción de risco ou motivación para emprender.

<sup>6</sup> Para unha maior información, pode ser de interese consultar o caderno temático número 2 desta colección, coordinado por Héctor Pose e Raúl Fraguela, dedicado á *Planificación estratéxica en cultura*.

## Espazos locais e desenvolvemento

Ilustra esta concepción Borja (2001) cando, no contexto actual de globalización, identifica o papel crecente dos espazos locais por canto están a adquirir progresivamente maior relevancia como uns ámbitos de integración social e de xestión de competencias relativas ao desenvolvemento de políticas públicas orientadas ao benestar social dos seus cidadáns. Do mesmo xeito, recolle o desafío fronte ao cal as realidades locais se sitúan na tentativa de axeitarse progresivamente ás novas particularidades que conforman o tecido social dos espazos comunitarios actuais e, moi particularmente, a contribución significativa que deben asumir en relación coa promoción de dereitos e contornos cidadáns, que se asocian, entre outras particularidades, á:

- necesidade de propiciar espazos habitables, integrados e cunha dotación de recursos comunitarios acordes cunha cobertura axeitada ás necesidades básicas da poboación ou ás particularidades territoriais;
- potenciación de vías activas de inserción laboral ou de empregabilidade, que posibiliten opcións reais de emprego para os diferentes sectores e colectivos de poboación ou, no seu defecto, canles de cobertura social;
- desenvolvemento de estratexias de formación e educación permanente en relación coas esixencias do cambiante mercado de traballo e coa mobilidade xerada pola sociedade da información e o coñecemento;
- visión integrada de atención e de xestión das necesidades comunitarias en relación cos dispositivos, cos recursos e coa natureza das propostas de intervención (saúde comunitaria, educación, promoción e participación social etc.);
- optimización das políticas e das prácticas de xestión pública que conducen a unha mellora decidida das cotas de benestar e da calidade de vida, asumindo criterios de sustentabilidade (comunitaria, medioambiental etc.) e de mellora social (dimensións persoal e relacional);
- capacidade de xerar procesos ou condicións favorables para un verdadeiro proceso de inclusión social (moi particularmente daqueles grupos de poboación en risco social), superando, pois, o recoñecemento formal dos seus dereitos e propiciando a súa incorporación en materia de participación, política ou na vida cultural.

Con todo, o concepto "local" debería situarnos, desde as posibilidades que nos ofrece pola súa significatividade e proximidade, ante un marco ou unha dimensión relacional propicia para o traballo compartido e a posta en valor dos axentes-actores con presenza nas comunidades de referencia e *capacidade de liderato* nos procesos de crecemento persoal e comunitario.

A participación, ao mesmo tempo que cataliza as demandas, as necesidades e as reivindicacións sociais, afonda nun verdadeiro proceso de democratización cultural ao visibilizar as diferentes perspectivas dos actores sociais representados (institucións públicas, grupos de base, minorías, axentes socioeconómicos etc.) e ao dotar dunha especial significación a súa presenza no propio cerne dos procesos de desenvolvemento e planificación comunitaria.

Estaranse a salientar, nesta óptica, os elementos chave na vida comunitaria e na súa democratización, como o interese cidadán e a dimensión relacional, a natureza dos servizos comunitarios e a súa complementariedade, a integración equilibrada dos intereses e das expectativas persoais e colectivas, ou a eficacia na xestión dos recursos públicos como unha expresión de compromiso cívico e de construcción cidadá.

Así entendida, a democracia cultural pode concibirse como unha dinámica que promove procesos de participación individual e colectiva e de vida asociativa na realización das actividades culturais, contribuíndo a promover transformacións estruturais na sociedade (AAVV, 1996).

Parece pois que, diante da progresiva transferencia de competencias ás entidades locais ou da esixencia social de establecer medidas eficaces-operativas en materia de desenvolvemento, a participación convértese nunha ferramenta imprescindible nos procesos de desenvolvemento local-comunitario.

Esta participación, identificada como "*metodoloxía para actuar localmente*" e en favor dun proceso estruturado de cambio, debe tomar en consideración, segundo a Martí (2005), polo menos tres aspectos:

- ser considerada, non como un fin en si propia, senón como unha estratexia para definir modelos locais de desenvolvemento que integren por igual obxectivos sociais, económicos e territoriais;
- debería posibilitar que diferentes actores locais (dun abano amplio e representativo) estean en condicións de se relacionaren, desde unha posición de autonomía. Recóllese, neste senso, unha finalidade organizativa e relacional co fin de fortalecer as estruturas vertebradoras da sociedade civil;
- do mesmo xeito, debería entenderse como unha metodoloxía educadora a partir da cal todos os actores (cidadáns, organizacións, técnicos comunitarios, voluntarios e responsables públicos) reflexionasen criticamente e se corresponibilizasen coa realidade social que os rodea.

En efecto, desde a articulación da participación ao uso máis tradicional (oficinas de información ao ciudadán, canles de información-comunicación institucional etc.), pasando por procesos más estruturados de consulta ou toma de decisiones (consellos de barrio, regulamentos de participación ciudadá...), ata procesos más complexos e dinámicos, como os que a continuación se suxiren en relación coas metodoloxías cualitativas, todos deberían contribuír ao obxectivo último da integración e da cohesión social como unha expresión tanxible de maiores cotas de benestar e desenvolvemento humano.

En resumo, se observamos a participación como un medio ineludible para mellorar a calidade de vida, as metodoloxías cualitativas no ámbito micro-local (barrio, distrito, municipio etc.) poden contribuír significativamente a acadar modos sustentables de desenvolvemento estratexicamente dispostos ao servizo da re-construcción cidadá, da promoción social comunitaria en termos de calidade (servizos, procesos...), eficiencia e grao de mobilización social (visibilización, transparencia etc.).

## 2.2. A investigación-acción participativa como instrumento de acción local

Tal e como avanzamos, as metodoloxías cualitativas teñen aumentado a súa presenza e notoriedade no campo social, moi particularmente no concerninte aos procesos asociados ao desenvolvemento comunitario. Destacamos neste senso as múltiples coincidencias que desde o plano cualitativo se fan efectivas na materialización dos procesos de desenvolvemento comunitario vinculadas a aspectos como o achegamento ou discernimento das realidades sociais, a súa comprensión e análise ou as posibilidades de transformación-acción social no seo das comunidades obxecto de intervención. Así denominada, a investigación-acción participativa representa unha aposta metodolóxica orientada ao cambio social e centrada na promoción de transformacións nos diferentes niveis, realidades ou sistemas sociais desde a súa máxima de "coñecer transformando", ou a optimización das prácticas sociais desde a reflexión-acción (ver o primeiro capítulo deste caderno temático).


Se a identificamos como unha proposta metodolóxica emerxente, moi especialmente no ámbito das ciencias sociais, a investigación-acción participativa supón, como avanzabamos, unha opción preferente en favor dos procesos de cambio social ou reactivación da comunidade (participación ou vertebración comunitaria).

Estes procesos de cambio e de mellora social, ao pór en valor a inexcusable importancia da experiencia (fronte á tradicional dicotomía entre teoría e práctica), sitúan as realidades sociocomunitarias (feitos e contextos sociais, pedagóxicos, culturais etc.) como un obxecto preferente de investigación. Así, dentro deste proceso, definido como secuencial, a dimensión investigadora convértese nunha peza nuclear da "acción transformadora" que, desde os seus inicios sitúa na realidade

social e comunitaria (particularmente nos seus axentes principais) unha responsabilidade inequívoca por canto identifica, afonda e delimita respuestas ás súas necesidades, particularidades ou visións alternativas de comunitade.

Representación gráfica núm. 7

O proceso de investigación-acción como eixo do desenvolvemento comunitario



Amósase, deste xeito, o proceso investigador, desde o modelo de investigación-acción, como unha xenuína expresión -moi especialmente en termos metodológicos- no momento de evidenciar vías de transformación e posibles solucións no eido comunitario. Estes procesos e recursos, más que un "catálogo de receitas", suxiren un "manual de uso" sobre as posibles maneiras de organizar os procedementos (métodos) e os diferentes instrumentos que usamos (técnicas) no discernimento da realidade e na súa conformación ao servizo da mellora e da calidade de vida (De la Riva, 2003).

Como nas súas orixes proponerían autores como Lewin (1944), identificando ao investigador como un verdadeiro axente de cambio, a investigación participativa representa unha aproximación sistemática á realidade orientada a apoiar e facilitar os procesos de transformación social no seo das propias comunidades.

En efecto, a investigación-acción, fronte ás vías metodolóxicas tradicionais cuestionadas polo seu excesivo illamento das realidades que son obxecto de estudo, salienta a necesidade de promover procesos de discernimento (proceso investigador e formulación de coñecemento) desde a propia realidade ou acción, moi particularmente en todas aquelas disciplinas e nas áreas de coñecemento cunha manifesta carga social (traballo social, educación social, desenvolvemento da comunidade etc.) e comunitaria (psicoloxía social, pedagoxía social etc.), como a que nos ocupa.

Os aspectos relacionados coa procura de alternativas cualitativas á formulación do coñecemento científico (sen obviar unha obrigada credibilidade teórica), unha maior aproximación entre as bases teóricas (coñecemento formalmente entendido) e as realidades que son obxecto de investigación (interacción entre reflexión e acción), a prioridade de promover cambios e transformacións desde a perspectiva do propio suxeito da acción (carácter declaradamente aplicado-participativo) ou, mesmo, un enfoque marcadamente ético (modo democrático-dialóxico de resolución de problemas), convértense para o efecto en sinais fundamentais da súa identidade.

De recoñecermos a complexidade, as tipoloxías e a amplitude de particularidades da metodoloxía de investigación-acción, en palabras de Paillé (2001), podería, xenericamente, definirse a investigación-acción como "unha forma de indagación comprometida nunha acción e non allea ou distante, e este compromiso adoptaría o xeito tanto da experimentación práctica como da intervención social ou política, converténdose entón nun compromiso para a acción".

#### A investigación-acción participativa como metodoloxía cualitativa

De igual maneira, se destacamos a súa determinante perspectiva cualitativa arredor das realidades e dos procesos sociocomunitarios, esta identificarase, en maior medida, desde a seguinte caracterización:

- é naturalista, lévase a cabo nos mesmos lugares da acción e cos actores implicados, con axuda de procedementos pouco complicados;
- emprega, a miúdo, métodos cualitativos de recollida de datos (entrevista, observación ou recollida de documentos);
- emprega, esencialmente, métodos de análise cualitativa ou quasi-cualitativa;
- dá lugar a un informe e a unha análise da acción máis que a unha exposición de resultados.

Deste xeito, parece oportuno, se seguimos a Caride Gómez (2001), en función tamén da estrutura metodolóxica que acompaña os procesos de planificación e de intervención comunitaria, anticipar os seguintes trazos definitorios da investigación-acción:

- A investigación-acción integra o coñecemento e a acción, e converte a práctica en obxecto de análise, isto é, como se configura a realidade comunitaria ou participativa nos contornos ou escenarios sociais, ao recoller a necesidade de conformar a aprendizaxe a través da reflexión sobre a práctica de quien están implicados nunha determinada realidade ou iniciativa social. Alúdese, pois, en maior medida, a "espazos abarcables" (en alusión a escenarios ou áreas territoriais ben definidas) nos cales se fagan tanxibles as problemáticas, as expectativas ou as conseguintes propostas de intervención social nunha rede comunitaria de proximidade.

- A investigación-acción parte da práctica e propicia unha investigación construída "en" e "desde" a realidade situacional (espazos e dinámicas de participación), contextual (facendo especial fincapé nas particularidades territoriais) e vivencial dos suxeitos. Recóllese con especial incidencia o valor educativo ou "función bisagra" (Pérez Serrano, 2004) que as actuacións presentan en si propias (concienciación, identificación de necesidades, grao de compromiso etc.), e non tanto polo seu valor instrumental. A investigación-acción participativa constitúe, neste senso, un proceso formativo de primeira orde por canto require actitudes persoais e colectivas (motivación, grao de mobilización social...) e aptitudes (traballo en equipo, organización, conceptualización etc.), claramente vinculadas cos procesos de participación e desenvolvemento.

- A investigación-acción implica o protagonismo dos "prácticos", incidindo na necesidade de que sexan os propios axentes das "prácticas" (persoas, grupos, entidades sociais...) os que asuman, individual e colectivamente, a súa responsabilidade. Así, nas realidades comunitarias, recóllense como os elementos fundamentais a valoración autocítica dos modos de discernimento (identificación de limitacións e potencialidades) ou o grao de participación e natureza das estratexias de promoción comunitaria (asociacionismo, plataformas ou consellos institucionais) con presenza nos contextos ou áreas territoriais de referencia, por canto estes poden favorecer ou limitar os procesos de desenvolvemento comunitario. A investigación-acción participativa supón, neste senso, un "recoñecemento" da/s realidade/s a partir dun determinado grao de conciencia social ou de sensibilización (persoal e colectiva) e un posterior "reencadre" (en relación con chaves de tipo histórico, social, cultural ou socioeconómico) na contribución e na determinación de novas posibilidades ou escenarios de desenvolvemento.

- A investigación-acción ten por obxecto a mellora da práctica, desde unha perspectiva cualitativa, para dotar de novas significacións e valores as propias accións. Recóllese desde esta percepción, e en función da realidade previamente xustificada, a necesidade de optimizar as posibilidades de dinamización e promoción comunitaria con carácter "ascendente", e dótase de especial protagonismo aos colectivos sociais e á rede asociativa na promoción e participación desde as súas diferentes facetas e graos de compromiso-implicación (beneficiarios, promotores, dinamizadores, informantes etc.). Neste senso, os procesos comunicativos xogan un importante labor na transmisión de vivencias, motivacións ou conformación de estruturas relacionais vinculadas aos procesos de vertebración comunitaria.

- A investigación-acción supón unha visión particular sobre o cambio social, como unha estratexia que integra o coñecemento, a reflexión e a acción na mesma metodoloxía de intervención e coa finalidade última de promover en primeira persoa iniciativas, dinámicas innovadoras e, mesmo, estruturas promotoras do cambio social. Ao quedar xa expresado, o presente suposto de análise céntrase na visión social e comunitaria arredor das posibilidades, en chave reflexiva e de autocrítica, de promoción e dinamización dos escenarios, territorios ou comunidades propios da sociedade civil e das súas estruturas de participación. Dunha efectiva identificación de necesidades, actores, colectivos ou, mesmo, intereses comunitarios dependerá, en boa medida, a natureza e a continuidade do proceso.

En clara relación co propio concepto de desenvolvemento comunitario, como unha estratexia-marco de actuación, a investigación-acción debería conseguir, en palabras de Fals Borda (2000), "dun lado, capacitar os grupos e as clases oprimidas para a adquisición da suficiente creatividade e forza transformadora, que se expresan a través de proxectos, accións e loitas específicas; e doutro, producir e desenvolver un proceso de pensamento socio-político co cal as bases populares se poidan identificar".

Parecen, pois, consolidarse, neste senso, as posibilidades efectivas dos axentes, colectivos ou dos grupos de acción local ao converterse en "plataforma unitaria" para un desenvolvemento harmónico, desde a perspectiva dos propios interesados e axustada en maior medida ás súas necesidades. As concepcións ampliadas de desenvolvemento (asociadas a xustiza social, sustentabilidade etc.), un recoñecemento multidimensional das realidades locais e comunitarias e a significación dunha multiplicidade de axentes sociais (políticos, técnicos e cidadáns principalmente) constitúen a propia natureza dos procesos de desenvolvemento comunitario.

### 2.3. Desenvolvemento comunitario e escenarios de investigación-acción participativa

Por tanto se ten identificado de acordo co marco conceptual do desenvolvemento comunitario e da man dos procesos de investigación-acción, as canles e as estratexias de participación convértense na chave dos procesos de vertebración ou de desenvolvemento local.

Recolle Romero (2004), neste senso, a propósito dos procesos de desenvolvemento comunitario, a súa pertinencia por tanto contribúe ao despregue harmónico e concertado das capacidades das persoas, dos grupos e das organizacións da comunidade co fin de realizar, de xeito sustentable, as súas potencialidades, para fazer fronte aos seus problemas e necesidades, para xerar mudanzas orientadas a mellorar o seu benestar colectivo e para asumir crecentemente o control das súas condicións de vida.

É así como asistimos a unha declarada revitalización nas últimas décadas dos modelos vixentes de desenvolvemento e das estratexias operativas de acción-intervención (ámbito local, contornos territoriais ou escenarios comunitarios), argumentando teses de trabalho relacionadas con enfoques territoriais integrados e cunha decidida vocación de implicación-participación da sociedade civil (a través dos seus axentes relevantes e do tecido asociativo) nunha declarada dinamización "ascendente" das comunidades locais.

Esta mobilización das comunidades locais trata de pór de manifesto a imprescindible función social e comunitaria que, en primeiro termo, os individuos e as comunidades asentadas no territorio e, de xeito más xenérico, os colectivos sociais e o tecido comunitario (funcións de catalización, detección de necesidades, mobilización etc.), puidesen chegar a asumir en termos de representatividade, liderato ou capacidade transformadora na capitalización de novas posibilidades nos espazos comunitarios.

Así é como, en relación co tecido social e co seu grao de innovación social, "o enfoque territorial, á vez que mellora a eficacia das intervencións públicas, permite integrar nas políticas unha maior dimensión social, asegurando unha estabilidade e cohesión sen as cales o crecemento económico e os axustes estruturais quedarían en entredito" (OCDE, 1996).

Recóllese para o efecto unha filosofía progresivamente incorporada polos múltiples organismos públicos, dispositivos e liñas de acción local (procesos de planificación estratéxica, xestión relacional etc.), en que a través das súas políticas (como recollen expresamente as iniciativas comunitarias LEADER ou PRODER), dos programas e das iniciativas, implementan diversas medidas territoriais de carácter ascendente. Baséanse pois na participación local e constitúense preferentemente por axentes comunitarios en relación cos diferentes sectores: público (institucións públicas, sociedade civil etc.), privado ou cooperativo (produtores e entidades prestadoras de servizos, entre outras).

Estas expectativas e formulacións, tal e como se ten recollido en relación co enfoque de dinamización ascendente, amosan numerosos retos ao constataren notorias dificultades relacionadas, entre outras cuestións, con:

- particularidades territoriais e das unidades de poboación (taxas de poboación, grao de fixación ao territorio etc.) e condicionantes da sociedade civil (grao de vertebración, implicación etc.);
- particularidades dos contextos e procesos de desenvolvemento (vinculados a crecentes problemáticas de índole social, socioeconómico ou cultural) que redundan nunha diminución das posibilidades reais de dinamización comunitaria;
- dificultades asociadas á natureza da vitalidade e ao protagonismo dos grupos e comunidades locais condicionadas polas inercias ou a reducida eficiencia dos procesos excesivamente institucionalizados (nalgúns casos, ademais, pouco consensuados coas poboacións de referencia).

Desde esta perspectiva, as realidades comunitarias (se aludimos ao conxunto das súas expresións socioculturais, educativas, produtivas ou territoriais) téñense constituído, e ségueno a facer, en obxecto preferente de estudo, ou de análise en moitos casos, empregando a metodoloxía de investigación-acción e intervención en materia de desenvolvemento e promoción comunitaria como a estratexia-modelo de actuación básica fronte a unhas condicións de vida e a un grao de dinamización social manifestamente mellorables.

Deste xeito, os territorios ou as comunidades locais, entendidas como os escenarios sociais e comunitarios construídos en base a determinantes variables de tipo económico, social, poboacional, ambiental ou sociocultural, convértense en potenciais espazos de inclusión-exclusión social.

Constitúe, neste senso, o ámbito do "local" un espazo por excelencia desde o que asegurarlle ao conxunto da poboación o acceso efectivo aos dereitos de cidadanía, entendida xenericamente como o recoñecemento social e xurídico das persoas, a partir dos cales se establecen os dereitos e os deberes no marco dunha determinada comunidade.

En efecto, máis alá da idoneidade de se achegar ao proposto enfoque ascendente, máis alá de formulacións relacionadas coa materialización dunhas liñas de traballo baseadas na autoorganización ou participación comunitaria, na propia significación dos procesos de desenvolvemento, evidénciase a necesidade de ter presente no seu conxunto as comunidades locais de referencia e os seus axentes principais segundo as súas posibilidades reais de incidencia.


#### Cuestións para considerar nun enfoque participativo

Así é como, moi especialmente no marco das comunidades locais e baixo o denominado "enfoque ascendente", recollen o seu papel protagonista os colectivos e as estruturas civís (grupos asociados, comités de acción local, consellos de participación etc.) que, a través dos diferentes procesos socioeducativos e comunitarios artellados, poden contribuír de xeito coordinado e sistemático (partindo das necesidades e das potencialidades territoriais detectadas), a unha transformación progresiva e consciente das realidades sociais. Este enfoque participativo ascendente, desde o protagonismo das estruturas locais e comunitarias, pon de manifesto, como elementos chave, as variables relacionadas con:

- un asociacionismo representativo e unha participación cidadá o máis ampla posible, ao recoñecer a transcendencia dos medios que se poñen a disposición dos axentes e dos colectivos para se implicar plenamente no proceso de desenvolvemento;
- a capacidade para se dotar dunha estratexia e dos medios necesarios para pór en xogo todos os recursos locais, para fixar prioridades e para pór en marcha programas multisectoriais que xeren, a nivel local, un valor engadido (procesos de planificación estratégica territorial);

- a estratexia de reforzar as capacidades e habilidades das poboacións, individuais e colectivas (coñecementos, práctica, sensibilización etc.), co fin de asegurar un desenvolvemento estable do seu territorio.

Representación gráfica núm. 8  
Cara a un enfoque ascendente de participación social



Nesta liña cobra unha especial vixencia a concepción do "desenvolvemento local integrado" como unha estratexia-marco de actuación a partir da cal, e desde as comunidades locais, se fagan efectivas as respostas axeitadas ás súas realidades específicas no afán de instrumentalizar, ao mesmo tempo, as posibilidades de concerto e compromiso das diferentes administracións (locais, autonómicas e comunitarias), axentes sociocomunitarios, axentes privados (fundamentalmente vinculados ao tecido empresarial) e actores principais (habitantes, colectividades e comunidades en xeral).

Mesmo en termos de realidad problematizadora, faise necesario propiciar e incentivar a responsabilidade necesaria no seo dos grupos de base e dos colectivos de acción, co fin de liderar os procesos de desenvolvemento comunitario. Deberíamos, deste xeito, situar a análise no propio interior das estruturas asociadas, de como estas perciben as súas propias responsabilidades nos espazos comunitarios, e en definitiva, cales son as posibilidades e as limitacións que, de acordo coas expectativas depositadas, se procura alcanzar.

Se seguimos a Contreras (1994) na caracterización do proceso "inacabado" da investigación-acción, introducenos esta concepción arraigada nos procesos de participación e toma de decisións no marco comunitario, ante unha comprometida esixencia en favor dos procesos de desenvolvemento comunitario sensibles coas múltiples coxunturas territoriais e fronte ás cales, desde diferentes planos de investigación-acción-intervención, debemos artellar respostas firmes co fin de propiciar escenarios estables de participación.

Unha vez expresadas as dificultades asociadas á realidad das estruturas comunitarias no liderato dos procesos de cambio e rexeneración no ámbito local, podemos recoller ao respecto diferentes realidades, problemáticas e desafíos que configuran os escenarios (por canto se converten en eixes problematizadores desde as metodoloxías cualitativas) dos procesos de desenvolvemento comunitario, que se relacionan entre outros con:

- **liderato e representación institucional**, caracterizado xenericamente por inercias (períodos de inactividade, falta de constancia e presenza comunitaria etc.), por tensións institucionais (situacións de desgaste, deixación, "queime" persoal etc.) e por problemáticas derivadas dun excesivo utilitarismo dos ámbitos asociados (dificultades nos procesos de relevo organizacional, vitalidade etc.);

- **xestión organizacional, participación e rexeneración** das estruturas de participación plasmada na carencia de axentes sociocomunitarios, na escasa renovación organizacional ou no desinterese manifesto pola participación na vida pública e comunitaria, para converter os escenarios participativos e o seu papel nos procesos de desenvolvemento en simples referencias teórico-conceptuais;

- **conciencia social e grao de mobilización**, constituída tradicionalmente como un labor voluntario (organizacións de acción voluntaria) ou de corresponsabilidade coas necesidades da comunidade (colectivos de promoción e acción comunitaria), a práctica e o desempeño dos labores e das funcións propias dos colectivos de base presentan, habitualmente, tensións relacionadas coa conciliación requirida dos seus axentes en relación con tempos, dedicacións ou grao de mobilización social;

- **tecnificación ou "elitización"**, a constitución e a formalización da vida comunitaria, os diferentes rexistros e unidades representativas, os requisitos de acceso a axudas ou a recursos públicos, poden limitar ou coartan as posibilidades de acción e iniciativa assumidas tradicionalmente pola redes comunitarias. Os niveis socioculturais, os coñecementos-estratexias básicas de xestión ou as esixencias formativas, presentan limitacións reais de acceso ás canles de participación e dinamización comunitaria;

- **comunicación institucional**, a escasa coordinación inter-asociativa ou comunicación horizontal (plataformas de representación asociativa, federacións etc.) ou a comunicación vertical coas diferentes administracións públicas (municipios, autonomías, fundacións etc.), limitan en boa medida o intercambio de propostas, a definición de necesidades ou liñas coordinadas de dinamización comunitaria. Desde esta perspectiva, xustifícase a necesidade de establecer dinámicas e propostas inter-asociativas e de "xestión relacional" a partir de escenarios compartidos de traballo e intervención social;

- **finalidades e accións socioculturais**, a percepción de necesidades comunitarias (sentidas, expresadas, non recoñecidas etc.), o establecemento de liñas de acción-reivindicación dos colectivos de base, a consecución de logros comunitarios (acordes coas posibilidades reais de intervención), presentan tensións e dificultades engadidas no seo da vida asociativa e o seu papel na reactivación dos procesos de desenvolvemento;

- **resposta e implicación da comunidade**, a natureza das respostas das comunidades de referencia (propostas de intervención, liñas de reivindicación, mobilización social etc.), o reducido apoio ou implicación nos diferentes feitos e accións socioculturais, constitúense nunha significativa limitación en relación coas posibilidades reais de actuación e mobilización da vida comunitaria;

- **independencia e "politización" das redes sociais e escenarios comunitarios**, os aspectos relacionados co utilitarismo atribuído ás estruturas comunitarias, a falta de rexeneración ou representatividade nas comunidades de referencia, a miúdo forzan problematizadoras relacións cos poderes políticos (que chegan a situacións expresas de adscrición partidista), presións ou condicionamentos derivados do seu corte filosófico-ideolóxico ou situacións de expreso condicionamento institucional;

- **"illamento"**, comunicación e cohesión de grupo, a escasa comunicación horizontal, que xa apuntamos, a insuficiente incardinación nos procesos e nas realidades comunitarias das estruturas asociativas, as dificultades asociadas á comunicación interna (procesos formais e informais de comunicación, valoracións e xuízos sociais), presentan condicionamentos, renuncias ou negativos enfrentamentos no seo das estruturas de participación;

- **formación e estratexias para a acción**, unha vez constatado o incremento das cotas de autoformación e das esixencias formativas relacionadas coa vida e coa participación comunitaria, o

manexo de ferramentas e técnicas básicas na xestión e na promoción sociocultural convértese, para o efecto, nun elemento de inclusión-exclusión nos cadros participativos dos axentes representados;

- dispositivos e escenarios para a participación, con especial significación nas estruturas sociais más debilitadas, unha aparente restrición dos espazos, institucións, tempos ou dispositivos, parecen limitar en maior medida, a consolidación de formas organizadas de expresión e xestión comunitaria.

Ao manifestar certos condicionamentos, mesmo realidades problematizadoras, no artellamento do denominado "potencial social" (Quintana, 2002) atribuído ás diferentes organizacións participativas, asúmese a necesidade dunha estratexia-reformulación das prácticas arredor dos xeitos de operar e de favorecer procesos de desenvolvemento comunitario por parte dos colectivos e das organizacións sociais con presenza nas diferentes realidades comunitarias, en beneficio dunha deseñable acción-promoción (vinculada, en maior medida, a procesos de integración, democratización etc.) e transformación social.

Este desenvolvemento e artellamento social, ao se inserir nas redes comunitarias, incentiva as posibilidades reais a partir de "núcleos xeradores", definidos por Calvín (1992) en alusión ás posibilidades operativas dos colectivos asociados, e favorecendo, en maior medida, as posibilidades endóxenas de desenvolvemento (potencialidades, recursos ou liñas prospectivas de desenvolvemento) como unha estratexia operativa na progresiva transformación das dinámicas e das estruturas das entidades locais.

En efecto, unha vez expresadas sucintamente algunas das realidades problematizadoras más representativas da vida comunitaria, convén non descoidar o propósito fundamental, recollido como parte do proceso da investigación-acción, vinculado á reformulación ou "establecemento de cursos alternativos" ás realidades ou ás problemáticas que son obxecto de análise.

Desde unha perspectiva comunitaria e se recollemos, en síntese, a natureza dos escenarios participativos, as metodoloxías expostas poderían concretarse en procesos sociocomunitarios más ou menos estruturados que, desde unha vital proxección dos contornos e das realidades próximas (procesos de observación, interpretación das realidades e posibilidades de mobilización social), veñan a formular unha lóxica renovada da estruturación organizativa, mesmo podería considerarse unha reestruturación ético-política, en base ás diferentes realidades e ás problemáticas sentidas ou expresadas no seo das comunidades locais.

Recolleríanse, para o efecto, liñas de traballo relacionadas coa educación e coa mobilización social, coa animación e recreación de escenarios participativos, educación-formación permanente, para caracterizar dun especial protagonismo o saber e os coñecementos de base comunitaria como unha fonte de desenvolvemento e promoción social. Parece imporse, neste senso, unha necesaria relectura contextualizada das realidades (estrutura sociais, necesidades comunitarias, dispositivos e recursos), unha coherencia coas posibilidades reais e efectivas de actuación e unha valoración axustada das posibilidades de mobilización e incidencia nas realidades e comunidades de referencia.

O tecido ou consolidación das diferentes redes comunitarias (expresadas en Consellos Locais, procesos de planificación-xestión relacional, regulamentos de participación, etc.) convértense, desde esta óptica, en obxecto prioritario de intervención-acción a fin de facer efectivas as múltiples reivindicacións sociais, a satisfacción de necesidades comunitarias ou o ejercicio democrático da participación e implicación das comunidades na toma de decisións.

Dun grao óptimo de consolidación e da activación de liñas de representatividade, debidamente integradoras e formalizadas -que non burocratizadas-, pode xurdir un desenvolvemento integrado das realidades sociais e comunitarias.

Cobran especial significación, neste senso, os procesos de reflexión e capacitación para o exercicio autónomo e a progresiva aprehensión de responsabilidades. Uns principios e unhas ferramentas básicas para a dinamización e participación, para a constitución e a estruturación orgánica de entidades sociocomunitarias, para a cooperación en liñas de promoción e voluntariado social, para a contribución á promoción social e cultural (organización e desenvolvemento de liñas estratégicas en materia de acción cultural etc.), para a contribución á promoción e ao desenvolvemento de actividades produtivas, para a coparticipación nas redes de comunicación e difusión local (redes de opinión, soportes impresos etc.), poderían constituírse en elementos transversais co fin de motivar unha participación integradora e posibilitadora das entidades locais.

Os aspectos relacionados coa determinación de necesidades e coa priorización de liñas de acción, motivación e cohesión de grupos, e coas estratexias de comunicación, de resposta ou de implicación das comunidades de referencia convértese, desde unha aproximación á metodoloxía de investigación-acción, nun xeito comprometido de operar con claras contribucións aos procesos de desenvolvemento comunitario e de animación sociocultural.

Uns procesos locais que se identifican como estratexias ou principios básicos de reformulación e activación da capacidade crítica no seo das canles de participación, en que a toma de decisións, a asunción de responsabilidades (procesos de autoanálise e determinación de necesidades) esixen en maior grao axustarse a percepcións próximas á realidade, unhas necesidades sentidas ou manifestadas e, en definitiva, como expresión taxible do cambio e transformación social.

#### Espazos de traballo con investigación-acción participativa nas comunidades locais

Derívanse, pois, das bases metodolóxicas e procedimentais recollidas nos procesos de investigación-acción importantes aplicacións aos diferentes ámbitos de actuación no que concirne ao

desenvolvemento e á participación comunitaria. Así como xa se ten expresado, se partimos da centralidade da comunidade e do seu liderado nos procesos de transformación social, podemos identificar como escenarios básicos de aplicación da investigación-acción, entre outros, aqueles asociados a:

- procesos de toma de conciencia e vertebración comunitaria, detección de necesidades e visións estratéxicas (canles de desenvolvemento, "visións" de comunitade etc.). En efecto, nesta liña téñense identificado valiosos procesos de diagnóstico participativo (territorial, sectorial etc.) ou estratexias operativas na determinación de necesidades comunitarias (foros de análise, mesas estratéxicas etc.);

- estratexias e procedementos comunitarios vinculados á toma de decisións, á priorización ou á determinación de campos de intervención, así como á natureza das actuacións comunitarias que hai que desenvolver. Deste xeito, pódense identificar, entre outros, a propia natureza das dinámicas de planificación e de intervención comunitaria (planos comunitarios, estratexias coordinadas de acción local etc.), o deseño de procesos ou dispositivos de participación cidadá ou a implementación de liñas estratéxicas de planificación (social, cultural, comunitaria...);

- dinámicas de participación, deseño ou posta en marcha de procesos de mobilización comunitaria e cidadá cunha progresiva descentralización dos compromisos e das responsabilidades derivadas dunha verdadeira acción transformadora. Estanse a formular, nesta liña, procesos de desenvolvemento local ou territorial (tecido de redes sociais, cooperativismo etc.), múltiples programas de cooperación para o desenvolvemento e, en suma, numerosos procesos de participación social na procura de actitudes de renovación social, participación e reconstrucción dos procesos de cidadanía;

- deseño e implementación de accións autoxestionadas, asumidas desde as propias realidades comunitarias na conformación de respuestas ás súas realidades e problemáticas. Poden, neste eido, conformarse en campos xa recorrentes de aplicación da investigación-acción os asociados, entre outros, a: o desenvolvemento sustentable (deseño e aplicación das denominadas Axendas 21), a participación cidadá e a acción cultural, as actuacións en materia de prevención e saúde comunitaria, os procesos de educación popular e educación de adultos ou as accións vinculadas a liñas declaradas de integración e mediación comunitaria (xuventude, conflitividade social, interculturalidade etc.).

Resulta, pois, a investigación-acción, á vista dos múltiples escenarios de aplicación, unha aposta metodolóxica que cómpre considerar, ainda que non é a única, no marco da análise e da intervención social en favor dos procesos de participación, democratización ou verdadeira reconstrucción comunitaria.

### 3. A promoción da cultura local como contido da investigación participativa<sup>7</sup>

*Participar é, por tanto, rachar voluntaria e vivencialmente a relación asimétrica de submisión e dependencia, implícita no binomio suxeito/obxecto. Tal é a súa esencia auténtica (Orlando Fals Borda, Conocimiento y Poder Popular)*

Concibir a promoción da cultura como un dos elementos que dotan de contido a investigación participativa, ou considerar que a cultura se converte nun dos elementos estratéxicos da investigación participativa -que vén a ser o mesmo- supón, de partida, explicitar que entendemos por cultura e que entendemos por investigación participativa.

O primeiro punto de partida é que esta concepción non conduce só a considerar a investigación participativa como unha metodoloxía que pode axudar á continua construcción e reconstrucción da cultura. Vai máis alá. Supón construír un camiño participativo e democrático en que as persoas -singular e colectivamente- poidan vivirse, sentirse e descubrirse como seres construtores de cultura, que vén a ser o descubrimento da súa capacidade para construír e reconstruír a súa propia realidade. Válenos aquí, entón, o aforismo de Antonio Gramsci sobre que todos os homes (e as mulleres) son filósofos. Por tanto, como dixemos, son construtores de cultura ao viviren e ao interpretaren o que viven.

Mais non adiantemos acontecementos. Este traballo debería permitir (e esperemos que o faga) aos traballadores da cultura e da educación poder construír cos outros e coas outras (os traballadores do agro,

<sup>7</sup> Elaboración a cargo de Emilio Lucio-Villegas Ramos.

do mar, das fábricas, das oficinas ou, infelizmente, os non traballadores, ou os traballadores que cumpriron o seu ciclo e agora constrúen as súas vidas e as súas identidades desde a sabedoría da madurez) os elementos que nos permitan ser xunto aos outros sen deixarmos de ser nós propios. Que nos permitan construir significacións -xa volvemos a adiantarnos- que entrañen sentido para nós e poidan ser compartidas cos demais.

Aínda que é un traballo que debe procurar a súa aplicación práctica más ou menos inmediata, é evidente, para nós, que hai conceptos, ideas, reflexións que cómpre que queden claros. Non nos imos estender demasiado sobre a investigación participativa, só o colateral que necesariamente temos que dicir. Por contra, si que nos imos estender sobre a cultura e a identidade cultural -relacionadas con outros elementos do traballo educativo social- que son as corredoiras para transitar, porque é o obxecto e o suxeito da nossa reconstrucción participativa dos restos que a galerna da globalización arrastrou, como restos dun naufraxio, cara á praia.

Imos comezar, entón, falando de cultura, mais tamén de historia e deses saberes que no noso mundo posmoderno e globalizado achan tantas dificultades para se lexitimaren.

### 3.1. Sobre a cultura e a identidade cultural

Na súa autobiografía, o historiador Eric Hobsbawm explica como a concepción da historia vai cambiando desde os grandes feitos, as batallas ou os monumentos, cara a unha historia que -e cita a Clifford Geertz- ten máis que ver coa cultura. Coa descripción e interpretación dos grandes e dos pequenos acontecementos que constitúen e constrúen o misterio da vida cotiá das persoas.

Unha primeira idea que podemos formular, e sobre a que debemos reflexionar, ten que ver coa reconstrucción da historia das comunidades. Máis aínda, nas comunidades rurais -un mundo case perdido-, a reconstrucción da historia é a recreación da cultura. Orlando Fals (1986) xa apuntaba que un dos elementos que constitúen as reivindicacións que axudan á construcción social e colectiva das necesidades é a reconstrucción da propia historia colectiva, en que está reflectida a historia familiar e a persoal. Sobre o tema da historia persoal e familiar, pode lerse a Amin Maalouf en *Orígenes*.

O traballo cultural e educativo, alén da sempre necesaria xestión cultural, supón construír coas persoas a historia perdida, a cultura roubada e substituída por algún tipo de cultura rápida de consumo e deseño que enriquece -sobre todo economicamente- uns poucos e empobrece -sobre todo culturalmente, porque economicamente non se pode máis- a case todos.

Imos entrar no desenvolvemento daquilo que entendemos por cultura, falaremos da cultura popular e volveremos a Orlando Fals para indicarmos que a promoción da cultura no contexto da investigación participativa se converte nunha forma colectiva de reconstrucción dos saberes.

O concepto de cultura é central en disciplinas como a Antropoloxía. De feito, a Antropoloxía non podería entenderse sen ese concepto, e quizás ao revés tamén.

Trátase dun concepto amplio, difuso e con múltiples usos. No recente debate que expulsou a Plutón do *Olimpo dos planetas*, o astrónomo Michael Brown, descubridor do UB313, chamado Sedna e renomeado agora como Eris, indicaba que para clasificar os planetas tiña máis sentido utilizar a definición cultural que a científica. Dito doutro xeito, o que o astrónomo quería dicir era que se tratava de clasificar os planetas a partir do que a xente entende cando usa o termo, o concepto planeta, e non en función da discusión e do razoamento científico sobre o tamaño ou outros elementos físicos caracterizadores (O Público, 24-08-2006).

Como pode verse, estamos nun territorio proceloso en que a procura de significados leva aparellada a propia significación. Non é estranxo, por iso mesmo, que Kroeber e Kluckhohn achasen 164 conceptos de cultura e os agrupasen nunha serie de categorías.

- Descriptiva. Trátase da enumeración exhaustiva daquilo que nos é observable, tanto crenzas como utensilios.
- Histórica, no sentido do estudo das tradicións.
- Normativa. Pon énfase nas normas que regulan o comportamento humano.
- Psicolóxica. Preocúpase da noción de aculturación ou adaptación.
- Estrutural. Procura o desenvolvemento e a descripción de modelos culturais.
- Xenética. A capacidade de interacción do grupo en relación coa sociedade.

Todas estas clasificacións entrañan outra dificultade importante sobre a que nos deteremos máis adiante: a cultura consta, fundamentalmente, de elementos non racionais que teñen un importante peso simbólico.

Parece haber un certo acordo en considerar que o primeiro autor que definiu a cultura como un concepto foi Tyler en 1871. A súa definición interéstanos non só por ser a primeira en presentar un concepto acumulativo de cultura, senón porque nos vai orientar despois cando presentemos algunas cuestións referidas á xestión participativa da cultura local e do patrimonio cultural dunha comunidade. Di Tyler que "a cultura... no seu sentido etnográfico, é ese todo complexo que comprende coñecementos, crenzas, arte, moral, derecho, costumes e calesqueira outras capacidades e hábitos adquiridos polo home en tanto que membro da sociedade" (Harris, 1980: 20-21).

Ademais, convén non perder de vista a cuestión que ten que ver coa inclusión da persoa como un ser social e que se desenvolve na comunidade.

O propio Marvin Harris, que nos traslada a cita de Tyler, constrúe outra definición de cultura en que insiste na natureza social e relacional. Di Harris (1980: 38), que a cultura "consiste nas formas de pensar, sentir e actuar socialmente adquiridas, dos membros dunha determinada sociedade".

Mais comezamos este apartado sinalando as íntimas conexiós entre a cultura e a historia. A cultura local constrúese nun proceso histórico e é filla dese proceso histórico. Nese sentido, o antropólogo Isidoro Moreno (1991: 2) propón que unha cultura "pode entenderse como o conxunto de formas específicas nas que se reflicte e expresa a interpretación da experiencia, a concepción do mundo e da vida por parte dun grupo humano, resultado da súa experiencia histórica colectiva, por tanto cada un dos grupos sociais definidos que compoñen unha sociedade posúen unha cultura propia... resultado da súa desigual diferenza debida á súa desigualdade estrutural... do propio coñecemento e das posibilidades que o desenvolvemento da sociedade permitirá en cada momento".

Unha das definicións de cultura máis utilizadas nos últimos anos é a de Camilleri. Para esta autora a cultura é "a configuración, más ou menos intensamente ligada pola lóxica tomada dun modelo, de significacións persistentes e compartidas, adquiridas pola súa afiliación a un grupo, que o conduce a interpretar os estímulos do ambiente e a si mesmo segundo actitudes, representacións e comportamentos comunmente valorados; que, ademais, tenden a proxectarse na producción e comportamentos e que, en consecuencia, inducen a asegurar a súa reproducción a través do tempo" (1989: 25).

Ruiz (2001) concretou unha serie de características da cultura a partir desta definición:

- tende a se perpetuar no tempo. Esta continuidade deu orixe a unha das más coñecidas definicións de educación que consideraba esta o proceso polo que as xeracións mozas van adquirindo a cultura das xeracións pasadas;
- prodúcese nun grupo a que as persoas están afiliadas ou co que manteñen alguma forma de pertenza. Sobre este elemento volveremos ao falar da identidade cultural;
- é unha configuración de significacións que permite interpretar o mundo desde unha perspectiva determinada do que ocorre. Esta configuración de significacións -e xa nos achegamos a Clifford Geertz- permite valorar o mundo de forma individual e colectiva e proxectarse como unha forma de construcción de coñecementos e de comportamentos.

Mais a cultura é, sobre todo, algo intanxible. En xeral, cando falamos de cultura pensamos en algo abstracto, en algo realmente difícil de definir e especificar. Algunha entidade que nos permite

relacionarnos e construir un conxunto comunicativo que nos axuda a vivir en sociedade. É esa a achega de Geertz. Para este antropólogo, a cultura encerra un concepto semiótico, e pode entenderse como "sistemas en interacción de signos interpretables... non é unha entidade, algo ao que poidan atribuirse de maneira causal acontecementos sociais, modos de conducta, institucións ou procesos sociais; a cultura é un contexto dentro do que poden describirse todos esos fenómenos de maneira intelixible" (1987: 27).

A cultura convértese no marco en que nos movemos socialmente, onde adquire un sentido e significación aquilo que nós facemos e o que fan os demás que están arredor de nós.

O que propón Geertz é que todos nos movemos nunha armazón relacional e significativa dentro da que as accións -nosas e dos outros- adquieren sentido. É o que chama un "universo simbólico". Este universo simbólico é o continente e o contido que nos permite interpretar colectivamente a nosa vida cotiá.

Normalmente, como membros dunha mesma sociedade vivimos amparados polo mesmo universo simbólico, mais pode ocorrer -e ocorre- que non sexa así, e entón achamos dificultades para comprender os elementos simbólicos que dan forma e contido a outra cultura.

Ao nos achegar á cultura local pode suceder que nos achemos ante unha armazón de significacións diferentes, distinta daquela armazón semiótica en que as nosas actuacións cobran sentido. É importante asumir isto con claridade, porque a non comprensión de que nos situamos en universos simbólicos diferentes, mais que están á mesma altura creadora de significados e seguridades e coa mesma potencia explicativa da realidade, pode provocar a desviación cara a un traballo autocrático de imposición e non cara a un traballo participativo de creación e de respecto.

As implicacións que este concepto de cultura presenta para o noso traballo participativo son tremadamente amplas. Agora podemos formular a recuperación -ou simplemente o afondamento- da cultura local desde a perspectiva do valor de construcción de significados que para as persoas ten. Desta forma, esta opción convértese nunha fonte alternativa fronte á cultura enlatada e preparada para o consumo. Esa vitoria contra o caos, que Dolores Julian chamou cultura (1993), permite recuperar ás persoas a súa conciencia como actores sociais, e permitelles reflexionar sobre algúns elementos como os seguintes:

- a situación contextual e as circunstancias sociohistóricas en que se xestan as interpretacións da realidade que dan orixe aos significados e aos significantes que constitúen a cultura;
- as categorías e os instrumentos que cada colectivo ten para a análise da súa realidade;
- a situación dos grupos sociais diversos no conxunto da sociedade e a propia interpretación que realizan desta situación social e vivencial.

Tamén nos permite descubrir como determinados acontecementos perden a súa capacidade de provocar e de producir significacións e xa non son útiles para o avance da comunidade. Geertz (1987) fálanos, en concreto, dos rituais funerarios nos anos 50 do pasado século en Java. Explícanos como os cambios sociais, relixiosos e políticos -a base da perda de significacións está en determinados confrontamentos, basicamente, a nivel político- fai que os significados que se outorgan a unhas prácticas relixiosas e funerarias concretas se manteñan como ritos, mais perdan a súa capacidade de producir significacións para os suxeitos, de producir as seguridades que orientan unha determinada visión do mundo, como veremos máis adiante nas concepcións de Gramsci.

Hai outros elementos que o concepto semiótico de Geertz nos axuda a comprender. A cultura é unha entidade -por usar as súas palabras- en continuo cambio e movemento. É tamén, por iso mesmo, un proceso de creación persoal e colectiva que dota as persoas dunha determinada identidade cultural, de forma que se senten identificadas cunhas determinadas representacións e non con outras. O que podemos dicir é que a persoa se recoñece e se identifica cun determinado universo simbólico que se constitúe como a súa identidade cultural. Convén prevermos de que a identidade cultural pode ser un concepto tanto positivo como negativo. Dota de sentido e de significacións unha comunidade, e, por tanto, enfróntaa a outros grupos humanos portadores doutras significacións.

Esta identidade cultural, trasladada á personalidade individual de cada suxeito, é a que permite que cada un poida procesar a información que lle chega, que poida tratala afectivamente e racionalmente e que poida dar respuestas desde a práctica. A importancia que ten a identidade cultural na construcción da personalidade é tan grande que é a que permite a apertura ao mundo exterior.

Para Lyotard (1984) un dos elementos fundamentais na análise da posmodernidade é a cuestión da lexitimación das diversas narrativas. Se consideramos -e pode ser así- a cultura local como unha forma de narrativa, parece claro que o problema central da cultura local na actualidade é a súa lexitimación.

Nesta dirección, podemos considerar que todas as estruturas de significación que demos en chamar cultura, non se encontran na mesma medida en estruturas que permiten a súa lexitimación. Hai formas culturais moi asentadas na cultura local que son consideradas retrasadas. Hai outras narrativas, como as historias populares que contan as vicisitudes dos pobos e das comunidades que van sendo perdidas no esquecemento dunha tradición, que non é útil nin sequera como venta turística.

Un dos traballos fundamentais que pode facer a investigación participativa é o de recuperar e construír canles para lexitimar esas narrativas populares que se achán nunha posición secundaria, escurecida, mais que son básicas para que os habitantes dunha comunidade sexan cidadáns e teñan capacidade para descubriren como se constituíron no ser social que son hoxe.

De seguirmos o concepto semiótico e comunicativo, outra parte do noso esbozo intentará formular como reconstruír a historia e a cultura locais para afondar na democracia participativa e recuperar a dignidade das persoas e as comunidades como construtores de estruturas semióticas más alá do caos primixenio, ou do caos enlatado da televisión despersonalizadora ou o consumo de felicidades impersonais.

Vimos de analizar a vertente antropolóxica do concepto de cultura, que nos conducirá máis adiante cara a algunas propostas para traballar. Se só estudásemos esta opción problemática da Antropoloxía, o noso traballo, no marco en que se sitúa, quedaría incompleto.

Quedan, cando menos, dúas cuestións que dilucidar. Por un lado, as concepcións de cultura que se relacionan coa Animación Sociocultural desde unha perspectiva participativa.

Despois intentaremos achegar o concepto de cultura ás opcións relacionadas coa Educación Social, e en concreto coa educación de persoas adultas. Se o noso guía no primeiro camiño é -como non podía ser doutro xeito- Ezequiel Ander-Egg, no segundo seguiremos as obras de Raymond Williams e Paulo Freire, sen esquecer a Antonio Gramsci, dalgunha forma relacionado con eles (Mayo, 2003).

### 3.2. Cultura e animación sociocultural

Na súa clásica obra -no fondo unha especie de Biblia- *Metodología y Práctica de la Animación Sociocultural*, Ander-Egg (1981) diferencia diversos tipos de cultura:

A cultura como adquisición dun conxunto de saberes e como resultado dessa adquisición. O que chama cultura cultivada, que se caracteriza polo refinamento intelectual e artístico, é un conxunto de coñecementos e saberes eruditos. As narrativas plenamente lexitimadas, en palabras de Lyotard (1984). Esa lexitimación implica que se considere cultivada unha persoa que atesoura moitos coñecementos, *moi lida* se di ás veces. O fundamental -na nosa opinión- desta concepción de cultura, moi próxima á cultura enlatada e lista para ser consumida, é que mantén a división entre os que saben (os produtores de

coñecemento) e os que reciben más ou menos pasivamente (consumidores de cultura). Evidentemente, esta concepción está na base de moitas das chamadas industrias culturais, do negocio asociado ao lecer. Mais, sobre todo, esta forma de cultura alta, elitista como a chama Ander-Egg, non ten nada que ver coa construcción e reconstrucción, co vivir e revivir dunha cultura local ancorada nos saberes tradicionais e que dota de identidade unha comunidade.

A segunda acepción de cultura definea como estilo de ser, de facer e de pensar e como conxunto de obras e institucións. O propio Ander-Egg recoñece que aquí se acha todo, trátase dun "concepto ilimitado e de difícil aprehensión" (1981: 12). Efectivamente, estamos ante unha concepción moi achegada ás noções antropolóxicas que formulamos máis arriba. Trátase, como indicamos ao falar de Tyler, dun concepto acumulativo de cultura que o inclúe todo: descubrimentos, obxectos, costumes etc. Esta cultura pode presentarse nun museo, e expresar os avances do que coñecemos como civilización.

Por último, Ander-Egg propón a cultura como creación dun destino persoal e colectivo. Indica que se trata dunha cultura que se debe considerar un estilo de vida, e que mira cara ao futuro. Fala entón da cultura construtiva, que é patrimonio de todas as persoas que participan na súa creación, unha cultura aberta ao cambio porque se constrúe con previsión e con probabilidade de futuro. É esta posibilidade de cambio, esta posibilidade de transformación, o que a diferencia da concepción anterior que para el é unha concepción herdada. Xunto a isto, o que particularmente nos interesa é a concepción da cultura como algo colectivo.

Se a cultura é posible de construír e reconstruír, isto só se fai de maneira colectiva co resto das persoas que constitúen a comunidade, e esta comunidade nucléase arredor do que podemos denominar a cultura local.

Esta concepción de cultura leva aparellada unha serie de implicacións:

- a producción cultural non é exclusiva dos denominados creadores culturais. Todas as persoas poden participar da creación, e de feito participan cando constrúen as súas interaccións cotiás;
- a cultura é un saber ser e un saber facer dun colectivo amplio. Non se pretende unha acumulación elitista, senón a procura das fontes da cultura, neste caso os sectores populares. Desta forma, o traballo cultural terá más que ver coa reconstrucción cultural que coa creación de obras da cultura;
- a terceira implicación é a que máis nos interesa porque nos conduce aos modelos de xestión cultural. Unha opción deste tipo terá más que ver co camiño da democracia cultural que coa democratización cultural. A cultura, di Ander-Egg (1981: 22), "será un estimulante para a creatividade e construcción do futuro";


- ainda que non hai un estudo antropolóxico serio e profundo -que de todas as maneiras non parece que fose significativo na obra- estas concepcións de cultura tiveron unha grande influencia, seguramente porque viñan ligadas a propostas da animación sociocultural.

En fin, o que Ander-Egg propón é que a cultura popular -que ten que ver sobre todo coa última acepción de que falamos- está silenciada. Di: "o substancial é axudar á potenciación da cultura do pobo e das formas de expresión que lle son propias. O pobo debe xerar esa cultura e para iso o que cabe é ofrecerlle instrumentos que lle posibiliten esta tarefa" (1981: 18-19).

Esta será, simplemente, unha das finalidades da animación sociocultural.

Non por repetido nos parece que teña menos interese deternos nas dúas grandes concepcións que Ander-Egg formula para a xestión cultural. Por un lado a democratización cultural, e, por outro, a democracia cultural. O seguinte esquema preséntanos as diferenzas entre estas dúas concepcións.

Representación gráfica núm. 9  
Algunhas diferencias entre democratización e democracia cultural<sup>8</sup>



Fonte: Ander-Egg, 1981: 46-47

<sup>8</sup> Queremos agradecer, neste e no resto dos gráficos deste capítulo, a colaboración de María del Carmen Martínez Pérez.

O modelo da democratización vén expresado pola difusión-extensión cultural (Caride e Meira, 2000) ou pola industria cultural (Ander-Egg, 1981). A democracia cultural, pola animación sociocultural (Caride e Meira, 2000) ou pola creación cultural (Ander-Egg, 1981).

Evidentemente, a democracia cultural tamén nos conduce ao territorio da democracia participativa e nos leva directamente á investigación participativa, á participación das persoas no desenvolvemento das iniciativas de reconstrucción cultural, que non deixa de ser a reconstrucción da propia identidade cultural despoisuída.

Se seguimos a Caride e Meira (2000: 30), podemos considerar a democratización cultural "como a procura dun reparto máis amplio dos beneficios derivados do acceso á cultura, xerando e acrecentando as oportunidades de todos os sectores da poboación para gozar dos bens culturais ofrecidos polo Estado e os poderes públicos que o configuran... a *democracia cultural* como un modo de pór en tea de xuízo os propósitos meramente difusores da democratización, chamando a atención sobre a necesidade de favorecer unha cultura más participativa e envolvente... nun exercicio sociocultural que debe confiar a definición de cultura á propia poboación".

Podemos completar estes dous itinerarios culturais, con outros modelos que presentan Caride e Meira (2000: 27). Deterémonos só no que denominan de oferta e xestión cultural. Neste sentido, podemos introducir o elemento do control fronte á autoxestión. Ou sexa, que o facer énfase na rendibilidade e na eficacia das iniciativas culturais -que conleva que estas poidan ser desenvolvidas por empresas- non supón traizoar -na súa opinión- os elementos que teñen que ver coa participación. A utilización axeitada dos recursos públicos e a eficacia na xestión poden vir acompañadas do control que asociacións ou colectivos de cidadáns e cidadás teñen sobre as iniciativas que se están a realizar.

Moi rapidamente, e para dar por concluído este apartado, volvemos á animación sociocultural e ás catro finalidades que Ander-Egg propón e que relacionaremos coa cultura e co traballo cultural.

- Situarse ante a realidade persoal e colectiva. No noso caso, supón vivirse como un ser construtor de cultura e non só receptor das manifestacións que outros e outras van creando por medio das industrias culturais sobre as que non existe ningún tipo de control.
- Mobilizarse, que supón comenzar a expresar as circunstancias persoais e colectivas, os soños e os desexos, e as causas que impiden realizarlos. Supón comenzar a pensar como expresar a vida cotiá.
- Organizarse para defenderse e construír. É un elemento basicamente colectivo que procura dar unha estrutura ás actuacións que se van facendo ou proxectando. Este proceso de organización é

o principio das realizacións e os intercambios. Xa non só somos seres pensantes, senón que comezamos a executar as accións que nos conducen a construír os soños e os desexos.

- Crear e facer para procurar solucións e para se converter en facedor da historia cotiá. Lembremos que Hobsbawm xa estudaba a historia como un relato cultural da vida cotiá das persoas. É esa narración a que hai que recuperar.

Non imos continuar pola vía da animación sociocultural, sobradamente coñecida. Se nos detivemos é por lembrar que a construcción e a reconstrucción desas narrativas, que coñecemos como cultura local, terán que ver coa determinación que se adopte canto ao papel protagonista duns ou doutros. Para seguir, hai que pensar que o camiño da democracia cultural ten que ver -fundamentalmente- coa construcción da cultura como un percorrido educativo e participativo.

### 3.3. Algunhas notas sobre cultura e educación de persoas adultas

Acoutaremos profundamente o que a continuación imos dicir xa que, senón, sería moi extenso todo o desenvolvemento. Lembremos que, dalgunha maneira, en ocasións a educación presentouse ou confundiuse cos procesos de aculturación polos que se adquieren os fundamentos dunha cultura. Dalgún xeito, a educación, entre outras cousas, dótanos das tecnoloxías necesarias para construír as narrativas que constitúen unha cultura.

O noso achegamento á cultura desde a educación -salvando a cuestión xa citada da consideración de toda a educación como unha forma de aculturación- farase desde o traballo educativo con persoas adultas.

Cando menos en Andalucía, e cando menos mentres existiu un compromiso institucional para que a educación de persoas adultas (en adiante EA) fose algo máis que un simple regreso aos procesos tradicionais de escolarización, os centros de EA foron -nas vilas e nos barrios- uns espazos de difusión e traballo cultural. Iso debíase, fundamentalmente, ao punto de partida desde o que se construíu o traballo educativo. Porque o proxecto de difusión e reinención da cultura foi -e é hoxe para algúns de nós- unha das finalidades fundamentais da EA.

Un dos traballos más interesantes na liña de difusión e extensión cultural, provén de Raymond Williams. En Williams, o traballo educativo con persoas adultas é un traballo cultural de difusión e expansión da cultura. Di Williams (2004: 143-144), ao falar das súas clases: "Nos últimos anos, debatín sobre D.H. Lawrence con mineiros; debatín sobre métodos de argumentación con obreiros da construcción; debatín sobre a prensa con mozos sindicalistas; debatín sobre a televisión con aprendices. Para mim, estas resultaron experiencias formativas e aprendín tanto como ensinei".

Esta vía que propón Williams trata de aproximar o traballo cultural e o educativo nunha síntese que nos achegue a pensar sobre a cultura e a educación dunha maneira diferente. Ambos os procesos están vinculados nunha espiral en que a difusión e a producción cultural son partes indisolubles dun mesmo proceso. Di Williams (2004: 192): "se chega a ser certo que a creación de significados é unha actividade que ocupa a todas as persoas, entón encontrámonos destinados a que nos sorprenda unha sociedade que na súa cultura máis explícita ou ben suprime os significados e os valores de grupos enterios, ou ben non consegue pór ao alcance destes grupos a posibilidade de articular e comunicar estes significados".

Convértese nunha urxencia e nunha esixencia que fai necesaria a loita cultural. Gran parte das raíces do traballo de Williams encóntranse nos traballos de Antonio Gramsci e antes de pechar este apartado sobre a cultura e a educación volveremos sobre Gramsci. Agora imonos deter, ao fio da argumentación anterior, nas propostas de Paulo Freire.

Aínda que quizais non se transmite desta maneira expresa ao longo da extensa obra de Freire, parécenos que é posible deducir que unha parte fundamental da súa proposta de traballo e das súas ideas ten que ver coa forma en que as persoas poden expresar a que chama "cultura do silencio", esa creación de significados de que falaba Williams.

A proposta é, moi resumidamente, a seguinte. Todas as persoas, e os grupos sociais, atesouran formas de expresión ancestrais, esas que podemos chamar de interpretación de significados na terminoloxía de Geertz. Estas manifestacións culturais -locais, populares- son expulsadas da realidade simbólica por aquelas hexemónicas que achamos na escola e nos medios de comunicación principalmente. Ademais, determinadas manifestacións son tildadas e etiquetadas como atrasadas, antimodernas, bárbaras ou, quizais peor, só útiles como atractivo turístico. Desta forma, as expresións culturais son silenciadas. A alfabetización e os procesos comunicativos realizanse a partir dos contidos, das terminoloxías e dos símbolos que se utilizan por parte dos grupos detentadores da cultura dominante.

Se a proposta educativa de Williams ten más que ver con pór ao alcance das persoas os recursos da cultura para se apropiar deles e para adquirir un sentido crítico e estético, as nocións que propón Freire teñen más que ver co rescate e coa reinención da cultura do silencio para que, no proceso de alfabetización, de dicir a palabra, a cultura deixe de ser silenciada e sexa soñada, reinventada, falada e escrita, no proceso de construir e de reconstruir os significados e os procesos que nos levaron a ser como somos.

Para Williams (2004: 198), a cultura convértese nunha arma de loita: "Sei que hai unha tarefa por facer profundamente necesaria con respecto aos procesos da hexemonía cultural mesma. Creo que fai falta que o sistema de significados e de valores que xerou a sociedade capitalista sexa derrotado en xeral e nos detalles cos tipos de traballo intelectual e educativo más constantes. Este é un proceso cultural que eu denomino a 'longa revolución'".

Como xa indicamos, a obra de Williams é debedora dos traballos do filósofo italiano Antonio Gramsci. De feito a afirmación anterior é claramente debedora do que Gramsci denominaba a guerra de posicóns. As ideas de Gramsci sobre a cultura influíron notablemente, como indicamos más arriba, sobre unha gran variedade de autores. Para Gramsci (1970: 14), "crear unha nova cultura non significa só fazer descubrimientos 'orixinais' senón que significa tamén -e especialmente- difundir criticamente verdades xa descubertas, 'socializalas' por así dicir e, por conseguinte, convertelas en base de accións vitais, en elemento de coordinación e de orde intelectual e moral".

É evidente que esta formulación da adquisición crítica e reflexiva da cultura facilita que a pensemos como unha actividade educativa que nos axuda a organizar os procesos de liberación e as posibilidades para a expresión da cultura do silencio.

Peter Mayo (2003) intentou realizar unha síntese das propostas de Gramsci e Freire, propoñendo que a loita cultural de expansión e difusión crítica da cultura que defende Gramsci está, dalgún xeito, inmersa na saída da dominación ideolóxica que os oprimidos propuñan para se liberaren da opresión, que non é só económica senón tamén cultural. A forma prescritiva en que se desenvolve a educación bancaria favorece a invasión cultural que se constitúe nunha forma de imperialismo en que as ideas se reciben desde fóra, e non se constrúen desde o patrimonio cultural propio dos pobos e das comunidades. Mais eses espazos son tamén espazos de liberación. O museo pode ser un exemplo.

#### O museo como espazo de creación de identidade

Aínda que Greek (2004) estudou os museos no Reino Unido, sobre todo en Escocia, a evolución que apunta é moi suxestiva en relación ao que dixemos más arriba. Fai unha diferenciación entre un primeiro período, durante o século XIX e ata a Segunda Guerra Mundial, en que os museos eran más ben repertorios de cousas, curiosidades, obxectos postos aquí e ali sen moita conexión e sen ningunha explicación.

Nun segundo período, tras a Segunda Guerra Mundial, descóbreste o poder educador dos museos e considéranse, como un elemento importante nesta dirección, as visitas escolares. Non obstante, a nivel popular o museo segue a ser un espazo elitista que non semella responder aos intereses e aos sentimentos de pertenza das persoas.

Curiosamente, é o comezo do reinado neoliberal coa súa obsesiva destrución de todo o que poida soar a público e a popular, o que obriga aos museos a adoptar novas estratexias cambiando algunas das más anquilosadas estruturas. A ordenación adquire sentido, a explicación faise necesaria e, nalgúns casos, a necesidade de pertenza das persoas faise imprescindible. Mais o visitante segue a ser un consumidor pasivo que descobre outras realidades -mesmo a súa próxima- sen participar na selección ou na ordenación das realidades que só ve.

Outros pequenos museos ou exposicións constrúense doutra maneira e baixo outros parámetros. Por exemplo, o Museo Etnográfico de Benalauría, unha pequena vila na Serranía de Ronda (Málaga), nace á calor da reconstrucción da cultura agrícola local, como un intento de presentala, expoñela ordenadamente para que os mozos da zona -e non só os visitantes- entendan as súas orixes. Nace, ademais, de iniciativas populares relacionadas cos procesos de desenvolvemento local que aspiran a implementar as persoas da zona e que se afanan en recuperar a riqueza endóxena desta.

No Centro de Educación de Persoas Adultas "Xoán XXIII" de Sevilla, realizase unha exposición/museo temporal para presentar a forma da vida tradicional das persoas que asisten ao centro. Trátase, nunha maioría de casos, de persoas maiores, de extracción popular e provenientes, en bastantes casos, das áreas rurais de Andalucía. A exposición constrúese a partir das achegas das persoas que asisten ao centro, adquire a forma dunha casa rural e organizanse visitas guiadas -mesmo para os colexios da zona- en que as guías son as propias persoas (mulleres e homes) que asisten ao centro e que participaron na construcción da exposición. Desta maneira, a recuperación do pasado en forma de obxectos da súa vida cotiá, permite a reconstrucción da identidade destas persoas.

Representación gráfica núm. 10

A concepción tradicional dos museos fronte a formulacións baseadas na participación social



A partir destes exemplos, parécenos que é posible organizar a exposición da cultura local como un proxecto participativo. Aínda que partamos da concepción de Tyler da cultura como unha serie acumulativa de obxectos, de tradicións etc., o que nos interesa é a forma en que esas tradicións se constitúen e se constrúen. Por tanto, á hora de construír un museo local que aspire a ser popular deberemos considerar que a esencia do asunto non é a lexitimación, senón a participación. E iso, condúcenos á investigación participativa.

### 3.4. Cultura e investigación participativa. Apuntamentos sobre o coñecemento cotián

Son diversos os temas que poderíamos sinalar aquí, mais como queira que precisamos concentrarnos nos asuntos relativos á cultura, imónos centrar nas cuestións relativas ao coñecemento cotián como un elemento substancial na configuración e na reconfiguración de redes de significados. Non obstante, imos presentar, en primeiro lugar, unha definición de **investigación participativa**<sup>9</sup>, polo menos para clarificar a que nos referimos e en que marco nos situamos. Para iso, só imos utilizar os sete puntos que indica o *International Council of Adult Education* (ICAE) e iso, simplemente, porque consideramos que serve para poder avaliar claramente se construímos procesos participativos ou ficcions que manteñen o mesmo estado de cousas.

1. O problema nace na comunidade, que o define, o analiza e o resolve.
2. O fin último da investigación é a transformación radical da realidade social e a mellora da vida das persoas involucradas. Os beneficiarios da investigación son os propios membros da comunidade.
3. A investigación participativa exige a participación plena e integral da comunidade durante todo o proceso de investigación.
4. A investigación participativa comprende toda unha gama de grupos de persoas que non teñen poder: explotados, pobres, oprimidos, marxinados etc.
5. O proceso de investigación participativa pode suscitar en quen intervén nel unha mellor toma de conciencia dos seus propios recursos e mobilizalos en vista dun desenvolvemento endóxeno.
6. Trátase dun método de investigación máis científico que a investigación tradicional, no sentido de que a participación da comunidade facilita unha análise máis precisa e máis auténtica da realidade social.
7. O investigador é aquí un participante comprometido que aprende durante a investigación. Adopta unha actitude militante e non se refuxia na indiferenza (en De Landsheere, 1982: 19).

<sup>9</sup> Desde o Congreso de Cartagena de 1997 hai un certo acordo terminolóxico na denominación investigación participativa.

Con estes requisitos podemos construir o noso museo participativo ou iniciar un proceso de reconstrucción da realidade histórica e social -e, por tanto, cultural- da comunidade. Mais, para iso é indispensable que fronte aos problemas da lexitimación das narrativas, propoñamos a reconstrucción das narrativas das persoas. Por iso, parécenos útil retomar algúns conceptos perdidos nas narrativas científicas da modernidade, como o coñecemento popular.


Referímonos, con este, a un saber de sentido común que deriva das prácticas que realizan os actores sociais na súa vida e nas súas interaccións cotiás. Trátase, por tanto, dun coñecemento producido pola actividade das persoas e que ten unha importante conexión cos contextos en que se produce, e coa asignación de significados que dá sentido a aquilo que facemos seguindo a concepción semiótica de cultura de Geertz.

Este coñecemento cotián implica, dalgunha maneira, unha concepción do mundo e unha pertenza a un determinado grupo social dentro da sociedade, o que Gramsci -xa dixemos algo sobre isto más arriba- definiu como a conciencia de formar parte dunha forza hexemónica, e que para Gadotti (2003) ten que ver coa toma de conciencia como conciencia de clase, recuperando o sentido freiriano do paso da opresión sen conciencia á conciencia de opresión que permite a liberación. Toda esta construcción supón que entran en funcionamento unha serie de mecanismos difusos que permiten desenvolver esa concepción do mundo que se constitúe como a hexemonía gramsciana.

O feito de que o coñecemento cotián ou popular implique unha serie de mecanismos difusos -desacreditados polas lexitimacións construídas sobre o espírito racional do pensamento científico- non supón desdeñar o carácter válido dos actores sociais como creadores de sentido e significacións, senón comprender -como se doutro universo simbólico se tratase- que é un saber vinculado ao concreto e ao contorno que o rodea. Trátase dun coñecemento práctico, que leva consigo un obrar práctico que coñece o mundo e, nese mesmo proceso, aspira a transformalo.

#### Representación gráfica núm. 11

O coñecemento popular: recurso para a análise e a transformación da realidade



Estes factores aparecen, en moitas ocasións, nas propias interpretacións que os actores realizan das súas situacións vitais. A investigación participativa constitúese como unha forma de facilitar ás persoas os instrumentos conceptuais e metodolóxicos que lles permitan analizar o seu contorno desde unha perspectiva científica así como a capacidade de obrar e demostrar a pertinencia da súa cultura (Laporta, 1986).

Imos seguir un dos traballos de Paolo Orefice (1987) para aclarar esta última cuestión. Este autor italiano investigou as visións edificadas sobre o fenómeno do vulcanismo na rexión de Nápoles -os entramados de significación que se constitúen a partir dun determinado fenómeno e que seguimos insistindo en chamar cultura- nun estudo cuxo obxectivo era verificar os procedementos teóricos, metodolóxicos e técnicos da investigación participativa en beneficio do desenvolvemento cultural de territorios desfavorecidos. Moi resumidamente, podemos dicir que a experiencia de Orefice se concreta en diversas fases en que podemos ir vendo o crecemento do coñecemento popular:

- **Primeira fase: investigación de base.** Trátase de ter unha listaxe dos usuarios existentes na comunidade que poida determinar os posibles destinatarios da intervención educativa, así como as formas de organización institucional e formal que existen na zona. Iso permite ter, á súa vez, un primeiro cadre dos problemas locais arredor dos que hai que desenvolver o contido da intervención.

- **Segunda fase: investigación participativa non estruturada.** Trátase de activar os procesos participativos mediante a construcción de accións de sensibilización. No caso que nos ocupa, para esta primeira acción de sensibilización escollerónse catro entidades representativas da realidade local: un sindicato de xubilados, unha asociación cultural de base, o servizo de policía urbana e unha organización de comerciantes. Unha vez culminado este proceso defíñese máis concretamente o tema que é obxecto de investigación: a salvagarda e a organización produtiva dos lagos. Os veciños organízanse arredor desta problemática.

- **Terceira fase: investigación participativa estruturada.** Trátase de que os veciños fagan explícitos os seus puntos de vista, analicen o problema baixo os seus diferentes aspectos e formulen as súas intervencións en relación con este. Desta maneira, ponse en evidencia, e sae á luz, o coñecemento popular de que disponen as persoas e que deriva da súa cultura local de orixe. Sacar á luz este coñecemento supón reforzar a autovaloración dos veciños a continuar unha actividade educativa que lles permita ir superando o que de paralizante poidan ter uns coñecementos con códigos de interpretación moi limitados. Por tanto, a autolectura do problema debe ser formalizada intentando que sobre a base das múltiples lecturas se continúe a construir o proceso educativo.

- **Cuarta fase: intervención didáctica interdisciplinar.** Trátase de confrontar diversos patrimonios de saberes e, neste caso, formular que coñecementos sobre a temática que é obxecto de investigación resultan do coñecemento científico e tecnolóxico. Desta maneira, establecese unha comunicación entre os saberes preexistentes na comunidade e os novos saberes elaborados polo coñecemento científico. Para levar a cabo este intercambio e o contraste de saberes conectouse con investigadores universitarios expertos no sector. Cada experto debía dar resposta aos problemas expresados pola comunidade a partir do seu coñecemento das propias discusións comunitarias, tras visionar un vídeo en que quedaban recollidas estas cuestións. Este proceso é primordial: o contraste entre o coñecemento de sentido común e o coñecemento científico prodúcese desde a base do contacto mutuo e partindo sempre do punto de vista do coñecemento popular. O fundamental é que un coñecemento non se sitúa por riba doutro, senón que ambos entran en discusión para construír un novo.

- **Quinta fase: investigación da comunidade local.** É a última etapa do traballo que propón Orefice na zona *flegrea* de Nápoles. Nela sométense a verificación os saberes que proveñen dun e doutro tipo de coñecemento. É o momento, tamén, en que hai que definir a resposta que cómpre dar ao problema a nivel local e que se caracteriza por unir a acción, a formación e a transformación a través dos coñecementos que se constrúen desde as diferentes concepcións.

Parécenos significativo desta experiencia, que sucintamente acabamos de describir, o proceso polo que as visións colectivas poden ir construíndose e reconstruíndose nun proceso participativo en que poidan contrastarse os saberes provenientes do coñecemento cotián, e os que derivan dos saberes científicos lexitimados. Neste caso, había dous elementos importantes. Un, o máis visible, era a posible recuperación dunha lagoa para reconquistar antigos usos de traballo e de goce. O outro, menos visible, era como combater -a partir da comprensión- a armazón de significacións fatalista que se instalara na mente das persoas. Un fatalismo que, en termos freirianos, describiríamos como máxicó: os fenómenos naturais (o vulcanismo neste caso) son incomprensibles e incognoscibles, e de aí deriva que non poidamos facer nada, sobre ningún dos elementos da realidade social -non só física- que nos rodean.

A investigación-acción rompe esta dinámica de fatalismo e permite reorientar as enerxías transformadoras cando as persoas descobren -e se descobren como seres activos- as súas posibilidades de comprenderen e de actuaren sobre a realidade social.

Podemos definir unha serie de notas distintivas do coñecemento cotián:

- O feito de que as persoas realicen unha representación da súa realidade implica que crean algo, que o coñecemento dessa realidade non é unha simple lectura pasiva do que ocorre arredor. As persoas son actores/axentes, e isto supón que son persoas activas, que realizan actuacións e que estas teñen sentido para eles, aínda que quizás non para nós, que nos situamos nun universo simbólico máis racional.
- Este coñecemento constitúese como notas organizadas dos fenómenos que dependen da comprensión que os actores teñan, e da posición en que están no grupo. A comprensión das accións das persoas, se tomamos a división que realiza Max Weber (1984 [1922]), quedaría no sentido intencional da acción e non chegaría a captar a comprensión explicativa, que sería a que permite coñecer os motivos polos que unha persoa actúa dunha forma determinada, nun contexto concreto, co carácter dunha explicación científica.

A pregunta é como reconstruír este coñecemento cotián ou popular e emerxer a cultura invisible e silenciada.

Para Fals (1986) existen catro características da investigación participativa: a investigación é colectiva; trátase dun proceso que aspira á recuperación crítica da historia dunha comunidade para que emerxa do silencio; supón a valoración e o emprego da cultura popular e non pode pensarse sen que constrúa e difunda un novo coñecemento. Se seguimos a este autor na súa análise de diversas experiencias en medios rurais en América do Sur, presentaremos un camiño de reconstrucción da cultura local que pode ser útil no traballo cotián cos veciños e coas veciñas.

A esencia da investigación participativa é a participación. Por iso, Orlando Fals e outros consideran que a denominación investigación participativa é preferible á de investigación-acción participativa como a denominaron durante algún tempo. É participativa porque se basea no diálogo -que é colectivo- e na construcción social das necesidades a partir da reflexión colectiva sobre como vivimos e sobre cales son os nosos soños, ese *inédito viable* freiriano que sempre está no horizonte. Di Raymond Williams (2004: 194): "Se o home [e a muller] é esencialmente un ser que aprende, crea e comunica, a única organización social adecuada á súa natureza é unha democracia participativa, na que todos nós, como persoas únicas, aprendemos, comunicamos, e controlamos... o desperdicio de persoas provocado polo feito de pecharles as portas da participación efectiva destrúe o noso verdadeiro proceso común".

Esa participación garante a lexitimación, porque o proceso é compartido, avaliado, seguido e construído pola comunidade, sexa un museo popular, a recuperación dos xogos ou das lendas con que os nosos avós ían á cama ben asustados polos lobos, ou felices polo triunfo da luz, ou a comprensión das placas tectónicas sobre as que camiñamos todos os días.

Quizais un dos elementos que máis nos interesa ao falar da cultura local é a reconstrucción crítica da historia, "a versión selectiva dos conflitos de clase do pasado, producida pola xente dos casaríos e das vereas a través da memoria colectiva, as lembranzas individuais, a tradición oral e os documentos e os obxectos recollidos en vellos baús de fogares humildes" (Fals, 1986: 88).

Desta maneira, as comunidades indíxenas estudiadas recuperaron a súa historia anterior á presenza dos facendados, dos enxeños da caña. Convertérona "en catapulta para unha vida mellor" (Op. cit. 1986: 89).

Todo iso non é senón unha maneira de reconstruir a cultura local a través das testemuñas, das lembranzas, dos soños antigos ou novos que perviviron -porque sempre o fan- nunha comunidade determinada que se nega a perder as súas orixes e a súa identidade, e que sempre (a omnipresente presenza do concepto semiótico de Geertz) foi quien de interpretar a súa realidade circundante e vivir unha vida plena de significacións.


A presentación da cultura popular e da cultura local como unha atracción turística parece responder ao papel que a globalización nos ten asignados. Por iso non se trata só da recuperación da cultura, senón da súa valoración e emprego. Para Fals (1986) aparecen tres procesos interesantes nesta armazón: os sentimientos, a imaxinación e o xogo. Os sentimientos permiten entender o outro, a simboloxía da cultura. Frente á lóxica racional, trátase de contrapor a lóxica afectiva.

A recuperación da identidade leva aparellada a posta en práctica da imaxinación e a creatividade colectiva. Por exemplo, cando os xornaleiros que constitúen a cooperativa "La Verde" en Villamartin (Cádiz), acoden aos vellos labregos para aprender como traballar o campo, como seguir mantendo a

existencia dos recursos endóxenos que constituían un campo rico e diverso fronte á homoxeneidade das multinacionais distribuidoras de sementes. Unha creatividade colectiva que culmina en 25 variedades de tomates (Becerra, 2001).

Por último o xogo, o lúdico, o divertimento da adiviña, o chisme ou a fábula.

#### Representación gráfica núm. 12 Procesos de recuperación da identidade cultural



En fin, o final é a producción e a difusión do novo coñecemento na maneira en que a comunidade poida entendelo. E esta cuestión ten moito que ver co anteriormente dito en relación co xogo ou cos sentimientos que se constrúen e se reconstrúen desde a creatividade colectiva. A producción deste novo coñecemento adquire a forma dunha síntese, como a que sinalamos más arriba ao falar dos traballos de Orefice, mais tamén ten moito que ver cos procesos de codificación e de decodificación freirianos (Freire, 1985) ou coas propostas de Francisco Gutiérrez (1975) sobre os diversos niveis de lectura da realidad.

Quizais a esencia de todo este proceso sexa intentar responder á pregunta: como facelo?


Situamos a cultura no centro das dinámicas da investigación participativa e do esforzo por construir o coñecemento e a realidade de forma diferente. Unha forma en que o fundamental non sexa a lexitimación das diversas narrativas que constrúen a cultura, senón a propia reconstrucción desas narrativas para fazer fronte ás dominantes que se asentan sobre o esquecemento e a invisibilización da cultura local.

O que nos queda, fundamentalmente, é a realización dun traballo participativo que nos permita recuperar a historia oral. Este traballo participativo comeza coa construcción colectiva das necesidades, coa definición do problema, coa procura dos e das informantes, coa recollida da información, coa análise e coa construcción desta. Pensemos na construcción dun museo. O primeiro sería preguntarse colectivamente se o problema é construir un museo. Unha vez tomada esa decisión, hai que ver o uso e a utilidade. Despois hai que recoller os obxectos para construir o museo, ordenalos segundo unha secuencia que sexa significativa, vital e afectiva para as persoas -por exemplo a exposición no Centro de Educación de Personas Adultas "Xoán XXIII"- que teñen que verse reflectidas. Ao final queda a xestión, a organización das visitas. E todo iso debe implementarse participativamente desde o primeiro momento. A participación non admite dominios nin parcelas, un proceso só é participativo cando é participativo na súa totalidade.

O segundo elemento con que nos enfrentamos é a reconstrucción e a posta en valor dos universos simbólicos que constitúen a cultura do silencio. Iso pode facerse, basicamente, desde a recuperación dos documentos persoais e desde a reconstrucción oral ou lúdica dos feitos e das tradicións. E niso encontramos unha importante dificultade, xa que todas as nosas tradicións culturais son fundamentalmente escritas e baséanse no escrito como elemento distintivo. Neste sentido, é fundamental repensar a forma de reconstrucción colectiva para construir a historia oral, que supón o desenvolvemento do pensamento reflexivo e crítico que leva asociada toda cultura.

#### Representación gráfica núm. 13

A investigación participativa como recurso para a recuperación e a posta en valor da cultura local



Non hai receitas para facer este traballo, só o convencemento de que os procesos de reconstrución e de reinención da cultura local conducen a pensar o mundo doutra maneira e axudan a cumplir o antigo lema da ilustración:

*Sapere aude! Ten o valor de te servir do teu propio entendemento.*

## 4. Boas prácticas<sup>10</sup>

Que a investigación-acción participativa adopta moi diversas formas e modalidades é un feito de que teñen dado boa conta os escritos que forman parte deste caderno temático e as fontes documentais dispoñibles empregadas para a súa elaboración. Por iso, en correspondencia coa amplitude de perspectivas que reúnen os procesos desta índole, non é casual que unha proposta metodolóxica con tan variadas caras se materialice en realidades e en prácticas sociais de moi diverso tipo, algunas das cales quedan recollidas nas que a continuación se presentan. Así pois, este apartado de boas prácticas en investigación-acción participativa responderá ás múltiples realizacións que permite a implementación dunha estratexia metodolóxica tan flexible e polivalente como a que nos ocupa.

Unha vez máis, e como vén acontecendo nos anteriores cadernos temáticos publicados, desde o *equipo interea* constatamos a dificultade inherente ao labor que implica explorar as prácticas culturais impulsadas desde os municipios, co obxecto de identificar aquelas que posúen as características que as fan interesantes como referencia, polo que se destacan como boas prácticas.

Unha parte desta complexidade é debida á curta traxectoria que avala á *cultura das boas prácticas* no quefacer municipal, así como ao impulso de metodoloxías de traballo -como é o caso da investigación-acción participativa- que están a ser incorporadas ao *modus operandi* das institucións públicas. Cabe, tamén, atribuír outra boa parte das dificultades referidas ao encomiable, mais ainda inapreciable, empeño que os responsables técnicos e os políticos municipais están a facer para incrementar a divulgación e a comunicación social dos proxectos que emprenden. Unha tarefa que require non poucos folgos, mais que é absolutamente necesaria e imprescindible, xustamente, para que as actuacións realizadas teñan o impacto e a resonancia social que delas se espera; un labor ineludible para quen avalía publicamente a súa xestión desde criterios de transparencia e de responsabilidade social.

Porén, no marco dun contexto municipal onde áinda cómpre incentivar a innovación metodolóxica e a difusión do seu quefacer, as experiencias presentadas posúen un valor de accesibilidade e de impacto que consideramos de interese para aqueles que desexen coñecer outras propostas, identificando referentes para a acción cultural local.

<sup>10</sup> Elaboración a cargo de Rita Gradaílle Pernas e Pablo Montero Souto.

Así pois, englobamos na proposta metodolóxica da investigación-acción participativa todas aquellas prácticas que -para facer unha referencia explícita ou implícita aos seus principios e procedementos- nos reportan unha serie de pautas de actuación para desencadear procesos participativos, impulsores da filiación da cidadanía cos propósitos de transformar as realidades locais a partir do maior e do mellor coñecemento das súas singularidades e dinámicas.

Ao termos como horizonte a necesidade de impulsar este intercambio de experiencias, coa vontade de ofrecer referentes vanguardistas e indicadores de futuro, seleccionamos as once boas prácticas presentadas por seren innovadoras, transferibles, viables, sustentables, creativas e imaxinativas, uns baluartes capaces de suxerir novos alicerces para a acción cultural municipal.

A nosa motivación é que en todas e cada unha delas poidamos descubrir a súa particular valía para a realización dun diagnóstico común e compartido que nos posibilite a consolidación dun maior compromiso coas realidades culturais do contorno e unha meirande proxección e repercusión no barrio das iniciativas culturais municipais que emprendamos.

Un proceso que, a medio e a longo prazo, concitará nos seus participes o desenvolvemento dunha vida democrática, caracterizada pola xestión das responsabilidades colectivas desde a participación social da cidadanía nos asuntos públicos. É dicir, o desencadeante de procesos que apostan pola meta da autoxestión e, porén, pola posta en práctica do tipo de modelos e dos mecanismos de natureza participativa que as entidades locais son quen de activar en nome da educación e da cultura.

Por este motivo, metodoloxías como esta son moito más que un medio subsidiario para o logro dos obxectivos culturais dunha comunidade. Son, en si propias, unha auténtica realidade para cantas iniciativas sociais e culturais a incorporan, como un eixe arredor do que se proxectan as metas de maior profundidade na xeración de coñecemento das realidades locais e codesenvolvemento destas.

## Artibarri

Desde: 2005  
 Áreas: Investigación-acción participativa, participación social, creatividade social, artes  
 Destinatarios: Membros de entidades e colectivos de diferentes municipios de Barcelona,  
 Xirona e Tarragona  
 Territorio: Barcelona (Cataluña)  
 Promotor: Fundació Jaume Bofill

## Obxectivos

- Pór en valor a contribución das manifestacións culturais e artísticas da cidadanía nos procesos de desenvolvemento comunitario.
- Dotar a cultura, e en particular as súas diversas expresións artísticas, da centralidade que lle corresponde na transformación social da vida dos municipios.
- Promover a creación de plataformas de relación social e de traballo comunitario que favorezan a participación da mocidade na xestación de proxectos colectivos.

## Cómpre destacar

- A posta en valor da grande cantidade de iniciativas cidadás que, áinda que están distanciadas dos espazos culturais institucionalizados, contribúen a xerar procesos creativos de mobilización colectiva e de participación social.
- A mención explícita feita desde o propio deseño do proxecto ao manexo de criterios de actuación como participación, transversalidade, horizontalidade, calidade, autonomía, autoxestión etc.
- A activación de dinámicas de traballo en rede artelladas desde propostas metodolóxicas con clara vontade participativa e democratizadora.

## Experiencia

*Artibarri* é unha rede de iniciativas para o cambio social que se constrúe arredor dun centro de recursos para a posta en valor das artes nos procesos de desenvolvemento comunitario e o estímulo da democracia cultural na vida local. Por este motivo, a acción comunitaria que acometen ten como pretexto a realización de proxectos artísticos orientados cara á mellora da calidade de vida individual e colectiva da cidadanía. Así, os seus principais quefaceres teñen relación cos eidos da educación, da cultura, do desenvolvemento comunitario, da economía social ou da participación, e favorecen, en todos eles, a manifestación de expresións teatrais, plásticas, musicais, tecnolóxicas, audiovisuais, circenses etc.

A súa presenza virtual, a través do sitio web de que disponen, constitúe o principal medio de difusión e de intercambio. Son os propios membros e colectivos asociados os axentes implicados na xestión da información, na difusión de eventos, no intercambio de recursos e de documentación, na relación entre axentes e actores sociais etc. Non obstante, é no plano físico onde desprega a súa acción de carácter más formativo e investigador, mediante as estratexias que articulan para a análise e a reflexión arredor das realidades e das perspectivas do barrio.

## Contacto

Páxina web: <http://www.artibarri.org>  
 Correo electrónico: [info@artibarri.org](mailto:info@artibarri.org)

Unha boa mostra da súa actuación sobre o coñecemento das súas realidades e o desenvolvemento de proxectos de transformación destas, é o proxecto para a investigación sobre a contribución da creatividade artística xuvenil ao desenvolvemento social e cultural da comunidade local, realizada en 2005 a partir de técnicas de observación dos espazos públicos e de entrevistas a líderes locais, que permitiron realizar unha análise do estado da cuestión das artes e dos creadores novos como os vehículos de canalización das dinámicas sociocomunitarias.

Desde *Artibarri*, por medio deste tipo de procesos de investigación-acción participativa, tense posibilitado a emerxencia das necesidades e das demandas que conformarán as principais temáticas das axendas políticas, sociais e culturais do territorio durante os vindeiros anos, para converter as temáticas e as realidades estudiadas en ámbitos, en liñas de actuación de carácter prioritario para as administracións locais.

Deste xeito, a promoción de iniciativas cívicas permitiu achegar ata as administracións públicas as propostas da cidadanía para a identificación e para a definición das potencialidades e dos desafíos culturais da comunidade, a afirmación de colectivos artísticos e dos axentes culturais profesionais como motores socioeconómicos do barrio, a detección de necesidades de formación cívica no campo das artes e a concertación dos criterios de elaboración das programacións culturais, por nomear tan só algúns dos exemplos más significativos.

Cantos responsables políticos e técnicos culturais municipais estean ocupados e preocupados en conseguir que a cidadanía sexa copartícipe do seu quefacer, poden consultar con maior minuciosidade a acción desencadeante e os resultados deste proxecto de creatividade colectiva na publicación titulada *Joves, creació i comunitat* (2004), dispoñible en internet (<http://www.fbofill.org/php/publicaciones/pdf/390.pdf>), na colección de documentos Finestra Aberta (número 41) editada pola Fundació Jaume Bofill.

## Cidadanía: unha historia con futuro. Experiencia dunha investigación-acción-participativa co asociacionismo veciñal de Santiago de Compostela

Desde: 2000  
Áreas: Investigación-acción participativa, participación cidadá, orzamentos participativos, asociacionismo veciñal  
Destinatarios: 100.000 habitantes do municipio de Santiago de Compostela  
Territorio: Concello de Santiago de Compostela (A Coruña)  
Promotor: Concello de Santiago de Compostela, asociacións veciñais e Sociedade Cooperativa Cidadanía

### Obxectivos

- Deseñar e promover dinámicas que activen o sector asociativo veciñal.
- Revitalizar as asociacións veciñais do concello de Santiago de Compostela, co fin de dinamizar social e culturalmente a comunidade.
- Aprobar un regulamento de participación cidadá que derivase na creación dun Consello de Relacións Veciñais para -en colaboración co concello- favorecer a posta en marcha de instrumentos e de técnicas de participación social.
- Empregar unha metodoloxía baseada na investigación-acción participativa co fin de superar visións reducionistas de supostos teóricos e prácticos, para impulsar o protagonismo dos veciños no deseño e no desenvolvemento das actuacións.

### Cómpre destacar

- O labor de documentación realizado antes do deseño e da implementación do proxecto.
- O traballo colaborativo establecido entre as asociacións veciñais, o concello, os técnicos da Sociedade Cooperativa Cidadanía e a poboación.
- A variedade de técnicas e de estratexias metodolóxicas empregadas para desenvolver o estudo, triangulando os datos obtidos e garantindo a validez e fiabilidade do estudo.
- A constitución de *Grupos Operativos de Traballo* (GOT), integrados por veciños e técnicos de Cidadanía. Destaca a significatividade dos integrantes dos grupos, o que é garante da pluralidade de perspectivas sobre as tarefas que hai que desenvolver.
- *Cidadanía* lidera e é a responsable dos procesos de participación das principais Axendas 21 Locais que se están a desenvolver na actualidade na nosa Comunidade Autónoma.

### Experiencia

*Cidadanía* é unha sociedade cooperativa constituída por un equipo multidisciplinar de profesionais do ámbito das Ciencias Sociais, que é a pioneira en Galicia na integración da investigación, na participación social e no deseño de planos de acción. Cómpre salientar que o equipo humano de *Cidadanía* está comprometido na maximización da utilidade social das investigacións e das intervencións que leva a cabo; de aí que o sentido de cada proxecto constitúa o núcleo que determina o ejercicio profesional, elixindo para tal fin as metodoloxías más adecuadas, a selección significativa da información e un tratamento contextualizado en cada actuación.

### Contacto

Sociedade Cooperativa Cidadanía  
Corredoira das Fraguas, 5, 1º  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléf.: 981589269  
Correo electrónico: [cidadania@cidadania.coop](mailto:cidadania@cidadania.coop)  
Páxina web: [www.cidadania.coop](http://www.cidadania.coop)

Así, baseándose no principio inspirador desta cooperativa -a activación da participación como unha metodoloxía innovadora de xestión e mellora organizativa- promoveuse a realización dun estudo enmarcado no municipio de Santiago de Compostela que axudase a revitalizar o movemento asociativo e que favorecese, deste modo, o desenvolvemento comunitario local. Para lograr estes obxectivos, requiriase a participación activa e democrática da comunidade, ademais do compromiso, da implicación e da corresponsabilización da cidadanía en todas e cada unha das decisións que -de forma colectiva- se tomasen no marco do proxecto.

Para levar a cabo o proceso de dinamización veciñal partiuse dunha análise diagnóstica moi exhaustiva que desvelaba -a través das asociacións veciñais- as deficiencias e as necesidades que presentaban os barrios da cidade de Compostela. Desde aí, deseñáronse e implementáronse medidas que incentivases a participación activa da comunidade e o desenvolvemento local, a partir de diversas técnicas e instrumentos que combinaban metodoloxías cualitativas e cuantitativas. Así, apoiándose nunha democracia cultural e participativa, vertebráronse diferentes iniciativas que contribuíran á mellora social e colectiva tanto dos composteláns como das asociacións do concello, mediante procesos de tomas de decisións coparticipadas e consensuadas.

Finalmente, debemos destacar que este estudo non só evidenciou as necesidades e as diferenzas que existen entre as asociacións de Compostela, senón que contribuíu a deseñar actuacións de información e de formación para mellorar a función pública, a eficiencia e a eficacia dos procesos dinamización veciñal e de participación social, quer das áreas rurais quer dos núcleos más urbanos.

## Equiparación de oportunidades en Aste Nagusia

Desde: 1994  
 Áreas: Inclusión social, discapacidad, participación ciudadana, creación artística, cultura, patrimonio, asociacionismo, planificación urbanística e comunitaria  
 Destinatarios: 350.000 habitantes do concello de Bilbao, 950.000 habitantes en total na comarca que conforman os concellos que pertenecen á ría de Bilbao  
 Territorio: Concello de Bilbao (Biscaia)  
 Promotor: *Equipo de trabajo para a Equiparación de Oportunidades na Festa Bilbaína* (ONCE País Vasco, Federación Coordinadora Diminuidos Físicos de Bizkaia, Asociación Gorabide, Asociación IGON, Asociación de Xordos de Bilbao, Fundación Síndrome de Down do País Vasco, Asociación de Padres de Niños con Deficiencia Visual de Bizkaia, Emiliano del Campo, Konparsa Moskotarrak e Cátedra de Ocio e Minusvalías da Universidade de Deusto)

### Obxectivos

- Potenciar a participación do conxunto da cidadanía, con ou sen discapacidade, en todas as actividades desenvolvidas no marco de *Aste Nagusia*.
- Promover procesos de normalización, integración e equiparación de oportunidades para todas as persoas, para eliminar as barreiras físicas (arquitectónicas, urbanísticas e de comunicación), sociais e actitudinais.
- Fomentar iniciativas de revitalización do contorno que favorezan a inserción de todas as persoas que presentan algún tipo de discapacidade, para contribuir a facer de Bilbao unha cidade más accesible, más comprometida, más humana e más solidaria para todos e todas.

### Cómpre destacar

- O deseño integral que recolle o proxecto, no que respecta á planificación de actividades e á reinfraestruración do contexto urbano, co fin de promover a equiparación de oportunidades para todos e todas.
- A implicación da cidadanía e o recoñecemento social da importancia que o desenvolvemento deste proxecto supón para o propio municipio e para os seus habitantes.
- O achegamento de todas as expresións artísticas á sociedade no seu conxunto, impulsando o goce dun lecer en igualdade de condicións.

### Experiencia

A idea desta experiencia parte de dúas persoas do municipio de Bilbao, membros dunha *konparsa*, que seguindo co labor social que viñan desenvolvendo nas festas de Bilbao, propuxéronse un novo obxectivo: favorecer por primeira vez -tras 16 anos- a presenza das persoas con discapacidade durante a *Aste Nagusia* de 1994.

Constitúese un *Equipo para a Equiparación de Oportunidades na Festa Bilbaína*, formado por distintas asociacións e institucións do municipio involucradas nestes temas, en estreita colaboración co concello de Bilbao e coa Cátedra de Ocio e Minusvalías da Universidade de Deusto, co obxectivo de conseguir unha *festa para todos*.

## Contacto

Equipo de trabalho para a Equiparación de Oportunidades na Festa Bilbaína  
 Yolanda Lázaro Fernández (membro do *Equipo* por parte do Instituto Interdisciplinar de Estudos de Lecer da Universidade de Deusto)  
 Avda. de las Universidades, s/n  
 48014 BILBAO (Biscaia)  
 Teléf.: 944139075  
 Fax: 944467909  
 Páxina web: <http://www.ocio.deusto.es>  
 Correo electrónico: [ocio@deusto.es](mailto:ocio@deusto.es)

Para desenvolver esta iniciativa elaborouse un documento marco que recollía as ideas esenciais para deseñar a semana grande das festas de Bilbao do xeito más accesible para toda a cidadanía. O primeiro paso consistía na sensibilización dos responsables políticos e técnicos e da poboación en xeral, a través de diferentes medios de comunicación social, para -a continuación- deseñar propostas específicas para a organización técnica e o desenvolvemento das actividades da *Aste Nagusia*.

Estas propostas articúlanse arredor de tres principios fundamentais: o respecto á inclusión social, o respecto á inclusión física e o respecto á inclusión comunicativa, neste xeito, recóllese medidas específicas para que todas as persoas, con ou sen discapacidade, poidan participar activamente -e en igualdade de oportunidades- nas actividades da *Aste Nagusia*.

Para este fin, entre outras iniciativas, destacan a elaboración dunha guía de accesibilidade (física, auditiva e sensorial), que marca a localización dos aparcadoiros reservados, os baños accesibles, os teléfonos públicos adaptados ou as zonas reservadas nos espectáculos; os *puntos de información* con sinalizacions e con medios de información acústica e visual, así como a elaboración de programas en sistema Braille, con ampliación de caracteres e en relevo; o deseño de actividades que recollan a adaptación de materiais de xogo, a reproducción dunha Mari Jaia<sup>11</sup> a escala para persoas invidentes, a colocación dunha vía de acceso na Gargantua<sup>12</sup> para que sexa accesible para aqueles que empregan cadeira de rodas para se desprazaren; as proxeccións de cine subtituladas, a colocación das barras das *txoznas*<sup>13</sup> a unha altura menor para que sexa accesible a persoas con dificultades de mobilidade...; a contratación de profesionais, intérpretes de linguaxe de signos, durante todos os actos oficiais, uns técnicos, monitores e animadores que respondan ás necesidades de todos os nenos e nenas, así como a contratación de espectáculos profesionais realizados por persoas con discapacidade...

Finalmente, cómpre facer fincapé na visión integral deste proxecto, para incidir no deseño de actividades accesibles para todas as persoas que presentan algún tipo de discapacidade, para facilitar a súa participación nas distintas iniciativas relacionadas coas artes plásticas, escénicas e musicais que se desenvolven na *Aste Nagusia* e para contribuir a facer de Bilbao unha cidade más accesible para todos e todas.

<sup>11</sup> Símbolo das festas de Antroido.

<sup>12</sup> O Gargantua é unha figura xigante pola que acceden os nenos simulando ser tragados.

<sup>13</sup> As txoznas son os bares que as diferentes konparsas empregan na *Aste Nagusia* para recadar fondos.

## O arquitecto da comunidade

Desde: 1996  
 Áreas: Planificación urbanística, vivenda e solo, arquitectura funcional, soluciones habitacionais  
 Destinatarios: Más de dez mil familias no prazo de dous anos e medio  
 Territorio: La Habana (Cuba) (2.000.000 habitantes)  
 Promotor: Organizaciones non gubernamentais

## Obxectivos

- Facer da arquitectura unha obra social e cultural capaz de contribuír ao benestar individual e colectivo da cidadanía.
- Promover valores cívicos e ambientais na cidadanía co obxecto de favorecer que as remodelacións das construcións que existen se realicen en harmonía co contorno.
- Favorecer a participación ciudadá na planificación urbanística das novas soluciones habitacionais da cidade a través da súa corresponsabilización na auto-reconstrucción dos espazos residenciais.
- Formar arquitectos e urbanistas no labor de proxectar as edificacións, priorizando as necesidades e as demandas dos seus moradores sobre as orixinalidades creativas.
- Reformar a faciana da cidade, gañando en capacidade de atracción turística a través da recuperación arquitectónica das fachadas.

## Cómpre destacar

- A centralidade da investigación-acción participativa no proceso de deseño e de proxección da vivenda.
- A xeneralización do método desenvolvido e a súa validación e consolidación como un referente de acción sociocomunitaria.
- A produción de materiais de construcción intimamente vinculados coas características ambientais e estéticas do lugar.
- O feito de ter xerado lexislación e normativa específica en materia de vivenda e ordenación territorial.
- O seu recoñecemento como *best practice* (a mellor das prácticas) no Concurso de Boas Prácticas patrocinado por Dubai en 1996.

## Experiencia

O proxecto está baseado no seguimento dun proceso de investigación-acción participativa para a modificación estrutural do mapa habitacional da cidade a partir do establecemento de relacions entre a cidadanía e os responsables municipais de urbanismo e ordenación territorial. A súa principal valía reside no tratamento da residencia familiar de propiedade privada como un fenómeno de interese público, dadas as implicacions no hábitat xeradas pola construcción e pola reconstrucción dos bens immobiliarios.

A construcción de novos barrios residenciais, seguindo unha estruturación homoxénea que se caracterizaba pola instalación de módulos prefabricados e unificadores, provocaba que as vivendas familiares atravesasen sucesivas modificacions ou reformas ao longo da súa vida útil e daba lugar á agudización das limitacions funcionais dos

## Contacto

**Habitat-Cuba**  
 Ciudad de la Habana, 7a, 701  
 3604 MIRAMAR (Cuba)  
 Teléf.: (537) 330105  
 Fax: (537) 330105  
 Páxina web: habitat.aq.upm.es/bpn/bp098.html  
 Correo electrónico: habitat@reduniv.edu.cu

espazos, á aparición de deficiencias de iluminación, ventilación e soleamento, á redución dos espazos de ampliación e, en definitiva, á instauración do feísmo arquitectónico.

Esta estandarización construtiva facía desaparecer a posibilidade de ofrecer distintas soluciones habitacionais adaptadas ás necesidades dos moradores, que debían modificar as estruturas e os usos previstos para poder desenvolver a súa vida cotiá nun escenario arquitectónico máis acorde cos seus estilos de vida, quer no modo de habitar o espazo xeográfico, quer na forma de ocupalo nos distintos momentos cronolóxicos.

Esta situación levou ao arquitecto Rodolfo Livingston a desenvolver procesos de investigación-acción participativa que permitisen incorporar as vontades e os desexos das familias nos proxectos de construcción e de reconstrucción do espazo público, e tamén do privado, na medida en que un e outro configuran a estética da cidade. Para este quefacer, deseñou un protocolo de entrevista fundamentado na autoinvestigación que realizan os propios moradores sobre o tipo de vivenda máis axeitado ao seu estilo de vida e ao núcleo urbano no cal está enclavada a edificación. Este diálogo favorece que o planeamento sexa realizado atendendo ás particulares preferencias de cada unidade familiar, sen por iso desatender a necesaria harmonización urbana de usos e de estéticas que lle corresponde facer aos arquitectos municipais.

Este modo de ligar os estilos de vida a que responde o interiorismo das vivendas familiares cos usos colectivos do espazo público, supón unha plusvalía de solidariedade e de tolerancia por parte da cidadanía, que aprende a convivir na diversidade, ao pór os seus estilos de vida en relación co proxecto de barrio e/ou de cidade que atinxo ao conxunto da veciñanza e da comunidade.

## O reparto: un proceso de transformación social en Cabezas de San Juan (Sevilla)

Desde: 1995  
 Áreas: Investigación-acción participativa, participación cidadá, orzamentos participativos  
 Destinatarios: Habitantes do municipio  
 Territorio: Cabezas de San Juan (Sevilla)  
 Promotor: Concello de Cabezas de San Juan (Sevilla)

### Obxectivos

- Transformar a realidade social desde a participación da comunidade.
- Crear estruturas que faciliten unha toma de decisións plural, diversificada e integral.
- Construir -de maneira conxunta- as ferramentas e as habilidades participativas que posibiliten a planificación de propostas de mellora colectiva.
- Fomentar a toma de decisións conxunta, co fin de responder ás necesidades e ás demandas da comunidade.

### Cómpre destacar

- Os orzamentos participativos constituían unha estratexia para propiciar un proceso de transformación social capaz de transcender os intereses individuais cara aos colectivos.
- Creáronse novas canles de participación directa dos veciños e das veciñas a través da mesa de representantes veciñais.
- O proxecto conseguiu involucrar o 15% da poboación nas tarefas de xestión e na toma de decisións en cuestións de obras municipais e de actividades socioculturais, que se reflicte nos orzamentos municipais.
- A posta en marcha do proxecto supuxo unha aprendizaxe de novas formas de traballo más comunitarias e mellorou os procedementos de actuación e de avaliación.
- Foi unha experiencia seleccionada no Concurso de Boas Prácticas patrocinado por Dubai en 2002, e catalogada como *good*.

### Experiencia

Las Cabezas de San Juan conta cunha poboación duns 16.000 habitantes. Está dividida en cinco núcleos de poboación (o centro urbano e catro poboados de colonización, fundados nos anos setenta), e sitúase a 48 km ao sur de Sevilla.

O concello de Las Cabezas de San Juan, comezou a preocuparse por temas de participación, ao promover roldas de asembleas veciñais en que se recollía a opinión do pobo, as actividades alternativas... co fin de potenciar a participación activa dos veciños e das veciñas na elaboración e na aplicación dos orzamentos municipais. Por tanto, recórrese á investigación-acción participativa como unha metodoloxía para traballar a participación veciñal.

### Contacto

Ayuntamiento de Las Cabezas de San Juan (Sevilla)  
 Javier Encina Rodríguez - Delegación de Participación Ciudadana  
 Praza de los Mártires, s/n  
 41730 Las Cabezas de San Juan (Sevilla)  
 Teléf.: 955873069  
 Fax: 955872208  
 Correo electrónico: disolucion@superable.es

O proceso pouse en marcha cun equipo formado por unha socióloga, un antropólogo e unha técnica municipal -traballadora social- co encargo do concello de preparar o III Encontro Popular entre técnicos do concello, asociacións veciñais e mozos, un proceso envolvente que foi implicando un número cada vez maior de xente no propio traballo e nos procesos de toma de decisións conxuntos e consensuados.

O obxectivo era comprender e asumir que o reparto non supuña tan só a creación dun novo organigrama máis eficaz para a xestión municipal, senón que se trataba tamén de facer un reparto de poder, é dicir, que afectase á toma de decisións políticas necesarias para que existise unha vinculación real representante-representado, entendendo por real que houbese escenarios onde, a cotío, a veciñanza puidese decidir.

Como estratexia de traballo, utilizouse a metodoloxía de investigación-acción participativa, celebrando reunións periódicas ata conseguir a creación dun espacio de encontro común. Trátase de espazos planeados desde un primeiro momento como unha demanda dos seus integrantes, uns espazos de decisión mais tamén de formación e de información. Esta liña de trabalho -desde e coas identificacións sociais- abriuse á producción de significados, é dicir, á capacidade das persoas para definir realidades, para interpretar o que as rodea e, por tanto, identificar a propia realidade. Desde a reconstrucción da historia de Cabezas de San Juan a través das historias orais cos mozos e cos maiores, pretendíase recuperar a capacidade da xente para construír e para vivir os seus tempos e os seus espazos, e para isto era fundamental incidir nas prácticas colectivas dos espazos de sociabilidade, co obxectivo de recuperar a súa capacidade relacional e de acción.

Neste sentido, cómpre subliñar que cada barriada e cada poboado decide e prioriza as actuacións que deberían levarse a cabo para mellorar a súa calidade de vida, partindo dunha análise de necesidades e realizando unha avaliación das propostas xeradas en cada contexto. No fundamental, destacamos que os distintos colectivos incidisen nunha serie de propostas para traballar conxuntamente, compartindo recursos, responsabilidades e achegando acertadas críticas á forma de traballar a cotío desde as institucións públicas, con propostas que invitaban a unha maior racionalidade á hora de utilizar recursos, esforzos e ilusións dos veciños.

Esta experiencia contribuíu a fomentar a participación cidadá no desenvolvemento socioeconómico da comunidade, así como a constitución de redes que funcionan máis alá da estrutura administrativa do concello. Deste modo, e a través do diálogo, da reflexión e do fomento de metodoloxías de investigación-acción participativa, contribúese á mellora da realidade social.

## Participación social no proceso de remodelación de Trinitat Nova

Desde: 1996  
 Áreas: Investigación-acción participativa, participación cidadá, remodelación urbana  
 Destinatarios: Habitantes do barrio de Trinitat Nova  
 Territorio: Trinitat Nova (Barcelona)  
 Promotor: *Asociación de Veciños de Trinitat Nova, concello de Barcelona (Departamento de Urbanismo, Distrito de Nou Barris) e Generalitat de Catalunya*

### Obxectivos

- Transformar a realidade social desde a participación da comunidade.
- Promover o intercambio de información sobre os problemas, as necesidades e as demandas do barrio.
- Coordinar as diferentes actuacions, co fin de promover unha acción integral que contribúa ao desenvolvemento sociocomunitario do barrio de Trinitat Nova.
- Promover -a través das distintas iniciativas- un modelo de ecobarrio, en sintonía coa veciñanza, a rede de espazos públicos, a inserción da natureza na cidade, a edificación e os materiais construtivos.
- Recuperar as infraestruturas existentes no barrio para as reconverter en equipamentos comunitarios que promovan a dinamización social.

### Cómpre destacar

- O proceso de participación en Trinitat Nova foi, durante anos, un laboratorio de ensaio de diversas metodoloxías participativas, un proceso creativo do que os seus protagonistas, os técnicos e os cidadáns, foron aprendendo e mellorando gradualmente a súa calidade de vida dentro da comunidade.
- O equipo multidisciplinar (composto por máis de 20 profesionais de diversos servizos) que daba unha resposta coordinada, integral e holística aos problemas e ás necesidades que presentaba a comunidade que habitaba o devandito barrio.
- O cofinanciamento da análise de diagnóstico por parte da comunidade e das administracións públicas directamente vinculadas ao proxecto.
- O plano comunitario iniciado en Trinitat Nova apoiou a creación dunha Axencia de Desenvolvemento Local que estudase as condicións para mellorar o emprego e a economía do barrio.

### Experiencia

O barrio de Trinitat Nova nace como un froito da construcción precipitada de bloques de vivenda nos arredores da cidade, para facer frente á emigración laboral a Barcelona nos anos 50 e 60. Actualmente, concentra certas malformacións urbanísticas relacionadas con esta orixe, xunto coas dificultades sociais e económicas dunha poboación de escasos recursos económicos. A isto hai que engadir que unha parte das construcións se viron afectadas pola aluminose e pola carbonatose, e presentan un estado ruinoso, de aí que se pensase nun proceso de remodelación urbana integral que dese solucións aos problemas que presentaba o barrio.

## Contacto

**AAVV Trinitat Nova - Pla Comunitari**  
 Pedrosa 21  
 08033 Barcelona  
 Teléf.: 933538844  
 Correo electrónico: [avtrini@teleline.es](mailto:avtrini@teleline.es)  
 Páxina web: <http://www.pangea.org/trinova>

A asociación de veciños aproveitou este momento de renovación urbana para impulsar un proceso de mellora xeral do barrio, impulsando a participación colectiva nun proceso de sensibilización e de reivindicación comunitaria que comezou no 1996. Neste sentido, a negociación coas administracións implicadas tiña por obxecto que o derribo e a reconstrucción dos bloques afectados pola aluminose non fose a única actuación no barrio, xa que este precisaba dunha intervención integrada, con accións en moitos eidos, que procuraba tamén a incorporación da visión da veciñanza a través dunha dinámica participativa.

O proceso de remodelación urbana de Trinitat Nova comezou por pór en marcha diferentes mecanismos que garantisen a participación da comunidade. O diagnóstico, elaborado con métodos de investigación-acción participativa, foi un primeiro documento chave para comprender os puntos de consenso a respecto da transformación do barrio e dos problemas más importantes a que había que fazer fronte. Para este fin, fixose especial fincapé nos diferentes colectivos sociais (infancia, xuventude, adultos e xente maior), así como nas distintas áreas de intervención que deberían terse en conta: urbanística, económica, social e asociativa. Deste xeito, comezaba un proceso de exposición pública do proxecto, ao iniciar a recepción de diferentes suxestións e alegacións de cara a que todos os axentes sociais e económicos da comunidade puidesen deseñar o modelo de cidade que desexaban, tratando de definir, de xestionar e de solucionar os problemas urbanísticos do barrio. A participación social constituía, por tanto, o eixe transversal de todo o planeamento, de aí que nas reunións participasen representantes das autoridades locais e rexionais (Ajuntament de Barcelona e Generalitat de Catalunya), de asociacións veciñais, profesionais, ecoloxistas, universidades, axentes económicos, etc.

Tras un amplio proceso educativo-participativo en que os veciños elaboraron un diagnóstico inicial sobre o barrio e os seus problemas, definíronse as liñas de actuación que precisaba o contexto de cara ao futuro, co fin de o converter nun "ecobarrio", baseado na sustentabilidade urbana como idea-forza. Para lograr este obxectivo, deseñaron proxectos puntuais que dotasen de calidade e de diversidade o seu contorno urbano, ao tempo que desenvolvían procesos de negociación en tres comisións (urbanística, política e económica) coas outras dúas administracións responsables do planeamento e da construcción das vivendas, co fin de tomar decisiones consensuadas e participativas en todas e cada unha das fases do proceso de renovación do barrio.

Finalmente, e para dar conta da complexidade do proxecto, debemos destacar que as áreas a que se atendeu prioritariamente son: a área da organización comunitaria, centrada na organización dos recursos públicos, privados e voluntarios, na coordinación, na programación e na planificación de actuacións etc.; a área de desenvolvemento comunitario, para potenciar e incentivar o tecido asociativo da comunidade, dinamizar a vida associativa, revitalizar grupos activos ou asociacións, promover instrumentos metodolóxicos que dinamicen a participación social etc.; a área de coñecemento e de estudio da investigación teórica; a área de información e documentación...

## Post-it city

Desde: 2006  
 Áreas: Investigación-acción participativa, participación cidadá, espazos públicos  
 Destinatarios: Habitantes do municipio  
 Territorio: Internacional  
 Promotor: Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona e Centro d'art Santa Mònica

## Obxectivos

- Experimentar novas formas de indagar sobre as transformacións urbanas dos espazos públicos, que outorgan relevancia aos actos ocasionais que neles teñen lugar.
- Pór en valor as múltiples funcionalidades esperadas e inesperadas que adoptan os espazos públicos como os lugares que vertebran e que articulan o tecido social da comunidade urbana.
- Propiciar que a cidadanía poida ollar desde novas perspectivas as singularidades dos espazos públicos que conforman a súa cotidianeidade.

## Compre destacar

- A consideración de todo habitante das cidades como un observador da escena urbana, capaz de indagar e explorar nas transformacións dos usos do espazo público.
- A necesidade e a conveniencia de documentar os eventos ocasionais das cidades, efémeros e temporais, para poder retratalos e exploralos desde un ollar crítico e reflexivo.
- A capacidade de internacionalización acadada polo fenómeno do estudio das cidades ocasionais, amparada ademais por distintas persoas, entidades e institucións envolvidas no proxecto.
- A recuperación do valor artístico, social e cultural dos soportes inmateriais producidos na e pola cidade.

## Experiencia

En paralelo ás mudanzas urbanas que atinxen ás realidades locais dos nosos tempos, están a sucederse diversas transformacións na concepción e na percepción dos espazos públicos das cidades como uns lugares capaces de se reinventar a partir da espontaneidade creativa da cidadanía e da súa expresividade cultural na vida pública.

O proxecto de *Post-it city* é partícipe deste xeito de entender as cidades, ao introducir como elemento renovador a interpretación da paisaxe urbana como unha trama efémera e mutable, onde continuamente teñen lugar fitos e feitos atemporais e deslocalizados que, en lugar de dotar de sentido á cidade definindo os contidos que a caracterizan, propicia que a cidadanía participe do propio proceso de xeración de contidos que redefinen os tempos e espazos urbanos.

## Contacto

Martí Peran  
 Barcelona  
 Páxina web: <http://www.ciutatsocasjons.net/>  
 Correo electrónico: martiperan@yahoo.com

Desde este propósito, *Post-it city* persegue a creación dun tecido de novos espazos públicos *nas e para* as cidades contemporáneas, que se caracteriza por ser creado e recreado de maneira constante, e que dá lugar ao que se ten nomeado como "cidades ocasionais", en referencia ao tipo de espazos que están dotados de distintos usos temporais e pasaxeiros, que se solapan sobre o territorio urbano e que contribúen a redefinir a súa funcionalidade utilitaria e estética.

Débese a Giovanni La Varra a definición de *post-it city* como un concepto para rastrear aquelas situacions fugaces, alleas ao esperado e ao convencional, que se suceden nas nosas cidades a partir de usos non preconcibidos, anónimos, temporais e críticos. Con este punto de partida, a proposta do proxecto consiste na exploración da manifestación deste tipo de fenómenos desde as posibilidades creativas da arquitectura, do urbanismo e das artes plásticas, escénicas, musicais e audiovisuais en todas as súas variantes e modalidades.

Así, mediante a participación cidadá na creación dun arquivo documental que reúne a información recadada arredor destes acontecementos urbanos temporais, a investigación dos usos dos espazos públicos urbanos vén a contribuir a repensar os principios e os fundamentos do seu deseño funcional, estético e social.

Nesta especie de biblioteca virtual poden acharse unhas formas de ocupar o espazo que, sen responder a parámetros nin a formatos que sexan intencionais e convencionais, resultan transformadoras do modo de vivir os espazos públicos, tanto polas prácticas que neles se realizan como polas escenas urbanas que presentan ao turista visitante ou, mesmamente, ao habitante de barrio.

Sirva pois, a modo de exemplo de actuacions e intervencións *nos e sobre os* espazos públicos, aquellas que son producidas polos practicantes do *skating* e das novas artes deportivas, das *performances* de rúa, do *body-painting*, do rap urbano e do hip-hop... e que o proxecto *Cidades ocasionais* toma como obxecto de estudio e como propósito da súa acción investigadora.

## Repensar Barcelona

Desde: 2005  
 Áreas: Participación cidadá, planeamento urbanístico, movementos sociais  
 Destinatarios: Cidadanía, sociedade civil organizada  
 Territorio: Barcelona (Cataluña)  
 Promotor: Plataforma Veinal Contra l'Especulació, Coordinadora Contra l'Especulació del Raval, Arquitectes Sense Fronteres, Ateneu Enciclopedic Popular, Ciutat Cooperativa, Fundació d'Estudis Llibertaris, Oficina d'Okupació, Departamento de Antropología Universidad de Barcelona, Seminari d'Habitatge, Espai Públic i Precarietat del C.S.O Miles de Viviendas, Sitesize

### Obxectivos

- Facer emerxer o coñecemento cívico-social de quen é morador nos barrios da cidade e vive a experiencia urbana.
- Coñecer máis e mellor que sentimentos produce a cidade a partir da reflexión arredor das vivencias da ciudadanía.
- Fortalecer o tecido sociocomunitario da cidade mediante o encontro para a reflexión e o debate.
- Experimentar o uso de metodoloxías de investigación-acción participativa caracterizadas pola súa orixinalidade e creatividade.

### Cómpre destacar

- A documentación sistemática de todo o coñecemento cívico-social que reside no saber popular de quen habita o territorio.
- A dupla continuidade, física e virtual, dun proceso de investigación-acción participativa que ten extensións no tempo e no espazo.
- As cantidades e as calidades das entidades que comparten os seus recursos persoais e materiais para desenvolver a loxística do proceso.
- A recuperación da ciudadanía como unha fonte de coñecemento que incardina os modos de facer cidade e de pensar no seu hábitat.

### Experiencia

Arredor da idea de xerar unha forma de coñecemento fundamentado nas experiencias da ciudadanía, agrúpase un colectivo que se define como un grupo heteroxéneo, que se conforma por diversas entidades asociativas e xentes da propia comunidade, que quere reflexionar arredor das múltiples facetas e das dimensións da cidade contemporánea. Fano desde as chaves da historia, do urbanismo, da psico-socioloxía urbana, da arte, da economía, da ecoloxía, da cultura etc., co obxectivo de desenvolver novos modos de facer a cidade e de pensar a xeografía social do territorio.

A necesidade de procurar alternativas aos actuais modos de desenvolvemento urbano desde unha decidida vontade de mobilización veciñal, deu pé a un proxecto que trata de crear complicidades para a transformación social do espazo urbano, mediante a potenciación da capacidade de acción comunitaria, que reside naqueles que habitan a cidade.

## Contacto

Páxina web: [www.repensarbarcelona.org](http://www.repensarbarcelona.org)  
 Correo electrónico: [repensarbarcelona@sitesize.net](mailto:repensarbarcelona@sitesize.net)

A base do proxecto consiste en artellar espazos de reflexión e de debate arredor do fio das transformacións da trama urbana e das mutacións que se veñen a producir nas ciudades, ao tratar temáticas de diverso calado na configuración da paisaxe urbana, como as estratexias de participación social a través da auto-construcción, a relación entre os diversos usos da cidade e a sustentabilidade ecolóxica dos espazos, o dereito á cidade en contraposición á especulación urbanística, o urbanismo nas conurbacións das ciudades etc.

Trátase de organizar uns encontros de natureza asemblearia e de participación voluntaria, realizados baixo diversos formatos (relatorios, mesas redondas, foros, debates etc.) e celebrados cunha periodicidade semanal en diferentes espazos da cidade dotados dun significado simbólico e identitario para a ciudadanía: ateneos populares, centros sociais, casas de okupas etc.

O trazo innovador deste proxecto, que o fai merecedor de ser unha boa práctica de investigación-acción participativa, é o de procurar novos formatos de participación por medio de estruturas creativas e abertas que permitan artellar o coñecemento e o desenvolvemento de propostas para a mellora da cidade e da vida dos seus cidadáns.

Así pois, o seu máis destacado logro é o de producir e divulgar un coñecemento cívico entre os diferentes colectivos sociais, culturais e xeracionais, para dar paso ao nacemento dunha "universidade popular itinerante", que cumple unha dupla faceta:

- por unha banda, favorece a aprendizaxe baseada nas experiencias que nos conforman como cidadás;
- pola outra, contribúe a que entidades apegadas ás diferentes realidades dos barrios inicien un proceso de traballo en rede mediante o intercambio de coñecementos.

Neste sentido, o arquivo virtual que manteñen ao día constitúe un referente de ideas e sentimentos arredor da cidade dun grande valor político, social e cultural, dadas as múltiples utilidades para a mellora da planificación urbanística que facilita o maior coñecemento do modo de vivir o territorio por parte da ciudadanía. Nas testemuñas que poden consultarse na páxina web residen os seus modos de sentir a cidade e as súas manifestacións sobre a cidade que viven, e daqueloutra que quererían poder vivir.

## Servizo de Interpretación Territorial de Manresa

Desde: 2005  
 Áreas: Artes visuais, territorio, espazo público, investigación-acción participativa  
 Destinatarios: Colectivo de artistas visuais e ciudadanía  
 Territorio: Manresa (Cataluña)  
 Promotor: Fundación Antonio Gala

### Obxectivos

- Elaborar un servizo de documentación e difusión do coñecemento local sobre as transformacións urbanas do territorio de Manresa/Bages.
- Participar nesas transformacións do territorio mediante a posta en valor do imaxinario metropolitano que posúe a ciudadanía.
- Activar os sentimentos de apropiación do espazo público e os vencellos colectivos de apego ao territorio.

### Cómpre destacar

- A metodoloxía orixinal e singular de posta en valor do saber popular e da ciudadanía como unha fonte de coñecemento do territorio.
- A acción eminentemente participativa capaz de crear capital social a través das artes visuais.
- O sentido comunitario do proxecto traducido na expresión dos modos de sentir e de vivir o territorio que experimenta a ciudadanía.
- A revitalización do espazo público como un lugar de conformación da identidade individual e colectiva.

### Experiencia

O Servizo de Interpretación Territorial (SIT) de Manresa ten por obxecto a creación dunhas accións que participen da vida dos lugares a partir das transformacións actuais e futuras que atravesa o territorio local, como un espazo privilexiado de experimentación de novas formas de acción colectiva de natureza creativa.

No seu plano metodolóxico, SIT Manresa parte dos principios substantivos da investigación-acción participativa para pór en valor o imaxinario metropolitano que subxace no coñecemento das transformacións do territorio (crecemento e expansión da cidade, operacións urbanísticas, planeamento territorial e ecolóxico do municipio etc.) por parte da ciudadanía. Porén, o proxecto está vinculado aos mecanismos de producción de coñecemento e de acción comunitaria propios da investigación-acción participativa, dando lugar a un estado de opinión colectiva capaz de propiciar argumentos que reafirmen a identidade colectiva da ciudadanía.

A canle para desenvolver este quefacer cívico-social é a elaboración dun catálogo visual -a modo de arquivo fotográfico- que serve de base documental das transformacións urbanísticas e paisaxísticas do territorio e que representa, ademais, a oportunidade de producir e difundir saber popular arredor dos activos más intanxibles e simbólicos da localidade.

## Contacto

**Joan Vila-Puig e Elvira Pujol**  
**SITE-SIZE**  
 Páxina web: [www.sitesize.net/sitmanresa](http://www.sitesize.net/sitmanresa)  
 Correo electrónico: [info@sitesize.net](mailto:info@sitesize.net)

O arquivo, dixitalizado e virtualizado, recolle tanto a documentación achegada polas persoas, entidades e institucións públicas e privadas, como aquela outra elaborada no propio proxecto a modo de ensaio de novas formas de interpretación territorial e representación urbana.

Desde a perspectiva metodolóxica, cómpre destacar as fases delimitadas no desenvolvemento do proceso de investigación-acción participativa por que atravesa o proxecto:

- unha primeira fase de investigación do imaxinario colectivo mediante a consulta pública a informantes chave da localidade (persoas e entidades) con participación da ciudadanía;
- recollida de toda a documentación que existir, que nun momento posterior permita o seu intercambio e, con el, a xeración de novos coñecementos;
- accións socio-pedagóxicas de natureza participativa desenvolvidas mediante o uso de técnicas de apropiación do espazo público;
- proxectar a vinculación do proxecto con outras iniciativas co fin de garantir a súa continuidade mediante a creación de tecido social e cultural.

## Sociópolis

Desde: 2003  
 Áreas: Participación cidadá, planeamento urbanístico  
 Destinatarios: Profesionais da área do urbanismo  
 Territorio: Valencia  
 Promotor: Instituto Valenciano de Vivienda IVVSA

### Obxectivos

- Dar resposta ás novas condicións de habitabilidade que requieren as actuais formas de vida.
- Desenvolver un proxecto urbanístico de corte social en sintonía coas políticas da vida cotiá da cidadanía.
- Ofertar vivendas de protección oficial nun espazo de nova construcción dotado de condicións de calidade de vida e benestar individual e colectivo.

### Cómpre destacar

- A pretensión de esbozar ideas e proxectos que reflectan os valores e os principios da arquitectura social e do urbanismo participativo.
- A experimentación creativa e innovadora dun urbanismo que parte do concurso da cidadanía na propia definición dos usos do espazo público e privado.
- A recuperación de valores cívico-sociais na conformación estética da trama urbana e na súa relación co modo de habitar o territorio.

### Experiencia

*Sociópolis* é o identificativo dun proxecto urbanístico para a construción dun modelo de barrio de vivendas sociais, a partir da investigación das necesidades e das demandas de novos hábitats urbanos formuladas pola cidadanía contemporánea.

O proxecto parte da investigación das actuais transformacións sociais e culturais dos diversos modelos familiares emerxentes (familias monoparentais, unipessoais, comunitarias etc.), co obxecto de promover a construción de vivenda de protección oficial, quer en réxime de propiedade quer de aluguer, que responda ao paradigma do urbanismo participativo que cualifica o espazo público mediante unha dotación de equipamentos de proximidade e promove a interacción social para favorecer a cohesión comunitaria.

A proposta global de *Sociópolis* consiste en trazar as directrices dun modo de planeamento urbano que acompaña as transformacións que atravesa a paisaxe e a paisanaxe que habita o territorio e que vivencia a experiencia de ocupar o espazo público e convivencial como unha prolongación do espazo privado e residencial.

Un dos principais logros das indagacións deste equipo de traballo tradúcese na proxección dun panorama urbano integrado no contorno agrícola que dá lugar a un escenario *rururbano* caracterizado por:

## Contacto

Generalitat Valenciana  
 Consellería de Territorio e Vivenda  
 Instituto Valenciano de Vivenda IVVSA  
 Páxina web: <http://sociopolis.net/>  
 Correo electrónico: [info@sociopolis.net](mailto:info@sociopolis.net)

- a protección da superficie arborada e paisaxística mediante a plantación de "hortas urbanas" cultivadas polos propios moradores dos barrios;
- a creación de interacción social a través da concepción comunitaria de espazos compartidos;
- a organización da vida comunitaria a partir da propia xestión dos equipamentos de proximidade (deportivos, sociais, educativos e culturais);
- a relación interxeracional e intercultural que xera a composición dunha trama urbana que fai compatibles as diversas maneiras de vivir da cidadanía.

O resultado tanxible desta proposta urbana recóllese na maqueta dun conxunto de edificios residenciais aliñados ao longo dun circuito perimetral que circunda o interior das zonas verdes e as transicións dos edificios en altura cos equipamentos de proximidade.

Porén, o feito de referir *Sociópolis* como unha boa práctica de investigación-acción participativa responde á súa concepción da arquitectura como a arte de habitar que permite pensar as relacóns das persoas co seu contorno, de tal xeito que as estruturas sexan *per se* capaces de facilitar a formación dunha sociedade cohesionada e integrada nun hábitat solidario que garanta o benestar individual e colectivo. Pois é esta a concepción da arquitectura social que impulsa a un gran número de profesionais do urbanismo contemporáneo a deseñar habitáculos e contedores en función de quen os habita e que os dota de contido humano.

## Wikimap Madrid

Desde: 2006  
 Áreas: Investigación-acción participativa, participación ciudadá, cidades dixitais  
 Destinatarios: Habitantes do municipio  
 Territorio: Madrid (municipio)  
 Promotor: Centro Cultural Conde Duque

## Obxectivos

- Posibilitar o recoñecemento e dar a coñecer á cidadanía, as singularidades e as funcionalidades dos espazos urbanos.
- Contribuír a dotar de significado os lugares, tomando como base a maneira de apropiación destes que ten a comunidade.
- Rendibilizar as potencialidades das ferramentas virtuais para incrementar a participación social nos proxectos de investigación e de estudio das cidades.

## Cómpre destacar

- O desenvolvemento de actuacións sociais e culturais orientadas cara á redefinición do papel dos mapas urbanos na representación dos espazos, itinerarios, contornos e símbolos da cidade.
- A especial consideración da participación social da comunidade como un elemento esencial da investigación das iconas e dos símbolos urbanos estimados pola cidadanía.
- O carácter de monumentalidade que adoptan os espazos públicos unha vez que son considerados e estimados pola cidadanía como uns focos necesitados das actuacións urbanísticas municipais.
- A contribución do proxecto á facilitación da participación mediante a aplicación de ferramentas virtuais de acceso e uso público (non restrinxido).
- O recurso á tecnoloxía "wiki" -en referencia ao carácter participativo das ferramentas virtuais que utiliza o proxecto- como unha estratexia de interacción e dinamismo.

## Experiencia

*Wikimap Madrid* é un proxecto formulado baixo a idea e o formato de mapas urbanos interactivos a través dos que potenciar a investigación-acción participativa na vida urbana. É realizado en colaboración por FutureLab de Ars Electronica e MediaLabMadrid do Centro Cultural Conde Duque, un espazo de centralidade configurado para dinamizar a vida cultural da cidade.

A través de *WikiMap*, a planimetria da cidade, que tradicionalmente se considera unha representación gráfica da súa composición e da súa estrutura en dous eixes de coordenadas, pasa a ter novas dimensións que a dotan de volumetría, ao incorporar -en distintos soportes electrónicos e virtuais- tanto a recreación audiovisual dos lugares como a súa descripción e vivencia textual e contextual. Así, mediante o concurso dunha plataforma virtual, todo o

## Contacto

Centro Cultural Conde Duque  
 MediaLabMadrid (España)  
 Conde Duque 9-11  
 28015 Madrid  
 Teléf.: 915885861  
 Páxina web: <http://www.wikimap.es>

material capturado *in situ* polos propios habitantes do espazo (imaxes, sons, textos etc.) está a disposición de todo o público interesado, co obxecto de activar o intercambio das experiencias sensoriais que fornece o contorno urbano e de favorecer a reinterpretación colectiva do espazo público por parte da cidadanía que o habita e que o aviva.

A canle para a consecución destes propósitos consiste no lanzamento dunha ferramenta multimedia que contribúa á creación da memoria colectiva da cidadanía mediante a súa participación no intercambio de información e no coñecemento arredor dos espazos urbanos, favorecendo a adopción dunha actitude investigadora e documentalista de natureza subxectiva e personalista. Trátase, pois, de solucións dixitais en col da promoción de mecanismos de participación social que incrementen o protagonismo da comunidade na xestión dos espazos públicos pola vía de favorecer a reflexión e a valoración sobre o estado dos lugares e do acontecer da súa cotidianeidade.

Desde esta filosofía, *Wikimap* pon a disposición dos usuarios-visitantes-participantes unha *interface* onde cadaquén (sen necesidade dunha alfabetización dixital previa) pode engadir o seu particular modo de vivir os lugares da cidade, inserindo texto, imaxe, son e outros documentos e arquivos que, ao estaren todos eles ligados entre si, contribúen a tecer itinerarios urbanos que dan lugar á re-significación dos lugares.

Para quen, ao ser internauta, teña coñecemento doutro tipo de proxectos wikimedia que están a xermolar na chamada internet 2.0, o coñecemento e a utilización de *WikiMap* resultará unha experiencia ilustrativa, exemplificante e suxestiva das múltiples posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación, en consonancia co desafío que supón o impulso de procesos e métodos creativos orientados cara ao estudo e a investigación do modo de vivir os espazos públicos por parte da cidadanía.

## 5. Recursos documentais<sup>11</sup>

A metodoxía de investigación-acción participativa, como un método enmarcado no ámbito das investigacións de carácter cualitativo, tivo unha grande eclosión -vinculada ao ámbito da cultura-, arredor dos anos oitenta e principios dos noventa do pasado século. Ao se tratar dunha metodoxía que facilita o desenvolvemento simultáneo, e como unha parte deste proceso, dun labor de investigación e de acción-intervención social, concorre con estratexias de animación sociocultural, coa educación popular e a educación de rúa, en definitiva, coas dinámicas de desenvolvemento comunitario, tan potenciadas naquel momento e de recobrada actualidade agora que estamos a redescubrir e a redimensionar as súas posibilidades.

Nas últimas dúas décadas, debido á maior presenza da xestión cultural nos espazos locais, a investigación participativa minguou a súa visibilidade, sen deixar por iso de ser un instrumento válido, útil e interesante para implicar as persoas nos procesos de desenvolvemento humano que se producen no seu contorno más próximo. De todos os xeitos, e á par do debate arredor da importancia da participación da cidadanía na vida pública e das eivas dos sistemas políticos de democracia representativa, a investigación-acción participativa rexorde como un instrumento para ter en conta na acción sociocultural municipal.

Por estas razóns, ao ser un tema en plena vixencia, non resulta doadó localizar referentes documentais recentes, atópase unha maior profusión bibliográfica noutros períodos temporais. Ao ser así, preséntanse a continuación unha serie de referencias comentadas que pretenden facilitar a aproximación a esta temática de cara á súa difusión e implementación. A maioría son xenéricas, mais pola súa transversalidade metodolóxica, as propostas que presentamos remíennenos a realidades extrapolables ao ámbito da acción cultural municipal.

A diferenza doutros cadernos temáticos desta colección, recorremos só ocasionalmente ás páxinas web, pois as que existen vincúlanse, fundamentalmente, a experiencias que xa se recollen e se sinalan no apartado referido ás boas prácticas.

<sup>11</sup> Elaboración a cargo de M. Belén Caballo Villar.

Basagoiti Rodriguez, M.; Bru Martín, P. e Lorenzana Álvarez, C. (2001): *Tomamos la palabra: investigación-acción participativa*. Madrid: ACSUR-Las Segovias

Concibido como material didáctico e presentado a modo de caderno de traballo, esta manexable publicación achega o lector de maneira clara e con abundantes exemplos á investigación-acción participativa. Foi elaborado no marco do programa de sensibilización e educación para a solidariedade "Tomamos a Palabra", organizado pola Asociación para a Cooperación co Sur (ACSUR) - Las Segovias, coa colaboración de organizacións solidarias de España e doutros países da Unión Europea e Centroamérica.

Está pensado como un recurso que axude e que acompañe na posta en marcha de procesos de investigación-acción nas comunidades locais, unha razón pola que se presenta como un manual de orientacións que facilita a comprensión e a aplicación das diferentes fases por que pasa un proceso de investigación-acción participativa, ao recoller na súa presentación os espazos en que anotar impresións, dúbidas e suxestións sobre a marcha do traballo e un sintético vocabulario básico.

Ao longo das súas páxinas podemos achar información sinxela sobre os instrumentos de traballo útiles para a posta en marcha dunha investigación destas características: técnica DAFO, sociogramas, observación participante, entrevistas individuais e grupais, tormenta de ideas etc.

En definitiva, un material accesible e manexable que analiza, desde a perspectiva da súa aplicación, a investigación-acción participativa como unha metodoloxía que posibilita ás persoas asumir o protagonismo nos procesos de desenvolvemento e de transformación da súa realidade máis inmediata.

Lorenzana Álvarez, C. (Ed., 2002): *Tomamos la palabra: experiencias de ciudadanía participativa*. Barcelona: Icaria-ACSUR Las Segovias

Como o seu título indica, esta obra recolle experiencias de participación autoorganizada desde comunidades xeográficamente distantes e política, económica, cultural e socialmente diferentes. Unhas experiencias de participación local que parten, todas elas, dunha apostila clara pola implicación gradual e progresiva dun abano cada vez máis amplio de persoas no coñecemento e no desenvolvemento das súas comunidades. O papel da investigación-acción participativa como unha metodoloxía que facilita non só a concreción das necesidades e das potencialidades locais, senón tamén a construcción colectiva do coñecemento, está explícita en tres delas: "El Reparto: investigación-acción participativa y presupuestos participativos en Las Cabezas de San Juan", presentada como unha boa práctica neste mesmo caderno temático; "Plataforma Vecinal de Azaña: un ejemplo de participación", experiencia dun barrio costeiro situado en Santa Cruz de Tenerife; e "Movimiento vecinal en Santiago de Compostela", síntese do proceso de investigación participativa desenvolvida pola cooperativa Cidadanía, co asociacionismo vecinal da cidade de Compostela e desenvolvido con maior profundidade no libro que a continuación se reseña.

Lorenzo Gallego, M. (Dir., 2001): *Unha historia con futuro. Experiencia dunha investigación-acción-participativa co asociacionismo vecinal de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela.

A Concellería de Relacións Vecinais de Santiago de Compostela convoca, no ano 2000, un concurso público para a realización de dous estudos sobre o asociacionismo vecinal da cidade, un concurso que é adxudicado a un proxecto baseado no enfoque da investigación-acción participativa que presenta a cooperativa Cidadanía. O libro, que se estrutura en catro partes, dá conta do traballo desenvolvido nos meses que dura o traballo: as dúas primeiras describen o proceso de análise levado a cabo co asociacionismo vecinal de Compostela, así como unha explicación da metodoloxía empregada, percorrendo as fases da investigación-acción participativa e argumentando o potencial desta metodoloxía. Os dous segundos bloques, que configuran o grosor deste volume, presentan os informes resultantes da investigación centrados, nun primeiro momento, na reconstrucción da historia do asociacionismo vecinal deste municipio, e nun segundo, na achega á súa situación actual, ao ofrecer datos descriptivos das asociacións (distribución por zonas, obxectivos, iniciativas, actividades, recursos, financiamento, entre outros) e un diagnóstico participado co movemento vecinal que avanza as súas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

Situámonos, pois, ante unha obra que facilita un achegamento á aplicación da investigación-acción participativa. A súa lectura facilita pistas para pór en marcha unha estratexia metodolóxica que se centra máis en "enmarcar e propiciar unha reflexión colectiva transformadora", que en fixar "conclusións categóricas e definitivas".

Pérez Serrano, G. (coord., 2000): *Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones prácticas*. Madrid: Narcea

Estamos ante un libro que pretende "animar a investigar", polo que o seu grosor está conformado por diferentes investigacións e experiencias que desvelan, ao longo da súa explicación, a metodoloxía empregada e o seu proceso de aplicación. Da primeira parte da obra, de carácter máis teórico, cómpre destacar -en relación co tema que nos ocupa- o capítulo elaborado por Orlando Fals Bordá arredor da investigación-acción participativa. Nel estuda as posibilidades da investigación-acción participativa como unha metodoloxía transformadora das realidades, especialmente no denominado "terceiro mundo", na medida en que se trata dunha investigación colectiva e autónoma, que implica como protagonistas ás comunidades que o aplican, conferíndolle poder. Da segunda parte da obra, reseñamos a experiencia levada a cabo nun centro de educación de persoas adultas de Sevilla coa metodoloxía de investigación participativa. Ao longo deste capítulo, Emilio Lucio-Villegas entrelaza elementos teóricos, filosóficos e prácticos para ir dando conta dunha metodoloxía e do desenvolvemento dunha iniciativa da que subliña o seu carácter de investigación colectiva e o protagonismo que confire ás persoas que se implican nesta para reconstruir as súas vidas.

R. Villasante, T., Montañés, M. e Martí, J. (coord., 2000): *La investigación social participativa. Construyendo ciudadanía/1.* Barcelona: El Viejo Topo

R. Villasante, T., Montañés, M. e Martín, P. (coord., 2001): *Prácticas locales de creatividad social: construyendo ciudadanía/ 2.* Barcelona: El Viejo Topo

Son as palabras dos coordinadores dos dous volumes que componen esta obra as que mellor sintetizan a súa finalidade, ao dar conta do que nos pode ofrecer a súa lectura: "pretendemos contribuír á elaboración de metodoloxías con que abrir procesos de investigación-acción mediante os que teña lugar a construcción de realidades alterna-activas, isto é, novas realidades que alteren, que transformen desde a acción cos outros".

O primeiro volume analiza, nunha primeira parte, as cuestións referidas aos cambios de enfoque da investigación en ciencias sociais, para se centrar logo na explicación detallada do proceso de deseño de investigacións participativas. A segunda parte presenta as experiencias de investigación-acción participativa desenvolvidas na década dos 90 en diferentes municipios e que xiran arredor de temáticas como a recuperación da historia local, a participación xuvenil, o emprego e o terceiro sector, a autoxestión de asociacións e cooperativas, a autoformación do sector asociativo cultural ou o desenvolvemento comunitario.

O segundo volume desenvolve, con maior profundidade, algúns aspectos metodolóxicos da investigación participativa e do desenvolvemento local (como pór en marcha o proceso, como programar e avaliar etc.) así como as técnicas e os instrumentos de análise e de intervención (técnicas participativas, análise de redes, mapas sociais, entrevistas individuais e grupais, análise e interpretación de textos e discursos, datos sociodemográficos, enquisas etc.)

Complétase coa análise de experiencias que asumen a investigación-acción participativa como a metodoloxía nuclear do seu desenvolvemento: os planos comunitarios de Trinitat Nova (Barcelona), e de diferentes distritos de Córdoba, o plano integral de acollida de inmigrantes non comunitarios no Vallès Oriental (Catalunya), o plano de equipamentos de Molins de Rei (Barcelona), ou o proceso de desenvolvemento xerado arredor da escolarización da infancia no barrio Niño Jesús (Caracas, Venezuela).

Callejo Gallego, J. e Viedma Rojas, A. (2005): *Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención.* Madrid: Mc Graw Hill

Desde a convicción de que o horizonte da investigación social é actuar sobre o fenómeno social estudiado para transformalo, os autores desta obra estudan o uso de fontes secundarias, a elaboración de deseños e proxectos de investigación, diferentes metodoloxías orientadas á acción social e aos procesos avaliativos. De entre as metodoloxías de intervención, dedican o quinto capítulo do libro á análise da investigación-acción e da investigación-acción participativa: desde a súa orixe e concepción, pasando

pola explicación das etapas que hai que seguir na súa implementación ata a presentación de técnicas, prácticas e instrumentos para o autodiagnóstico e a programación negociada. Unha aproximación teórica a unha metodoloxía que procura, a través da investigación, non só xerar coñecemento senón tamén provocar unha acción transformadora.

<http://www.participaciouab.net>

Este enderezo lévanos á páxina que contén a documentación do *Posgrao de Participación e Desenvolvemento Sustentable* da Universidade Autónoma de Barcelona. Entre os materiais dispoñibles, cabe destacar aqueles enmarcados no módulo metodolóxico do curso, que se centra nas relacións existentes entre a investigación-acción participativa e os procesos de participación e desenvolvemento das comunidades. Entre outros, salientamos: "A análise de redes sociais nas metodoloxías de participación local e desenvolvemento comunitario" e "Métodos e técnicas para a IAP", ambos de Joel Martí; "Teoría e bases metodolóxicas da IAP. Bases político-metodolóxicas da participación", de Óscar Rebollo; "Teoría e bases metodolóxicas da IAP. A sociopraxe: un acoplamento de metodoloxías implicativas", de Tomás Rodríguez Villasante; ou "Construíndo desenvolvemento comunitario desde os servizos públicos. Fundamentos de IAP", de Moisés Carmona, Atanasi Céspedes e Elisenda Vegué.

<http://www.cimas.eurosur.org>

No ano 2001, créase no Instituto Universitario IEPALA-Rafael Burgaleta, adscrito á Universidade Complutense de Madrid, o Observatorio Internacional de Ciudadanía e Medio Ambiente (CIMAS). Os seus obxectivos son, entre outros, elaborar e manter unha base de datos con información sobre experiencias, equipos, estudos, metodoloxías etc., que versen sobre este tema, así como ofrecer formación e asesoramento.

Entre a información e a documentación disponible na súa páxina web, achamos textos sobre investigación-acción participativa que analizan esta metodoloxía desde unha perspectiva aplicada, e que ofrecen, tamén, a descripción de ferramentas útiles para a súa aplicación: informante chave, grupo nominal, *brainwritting*, tormenta de ideas, *role-playing*, asamblea participativa ou *philips 6/6*.

Canto ás investigacións, cómpre salientar a "Investigación-acción participativa sobre a participación social nas actividades culturais de Pozuelo de Alarcón" (Madrid), desenvolvida entre outubro de 2001 e xullo de 2002. A súa ficha técnica ofrece, de maneira esquemática, datos sobre os autores, os obxectivos, a problemática, a metodoloxía, as ferramentas empregadas, os actores, as conclusións e as materias de referencia, e amosa como empregar a investigación-acción participativa na investigación sobre a cultura nun municipio.

## 6. Bibliografía

- AA.VV. (1996): *131 conceptos clave de Educación Social*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ander-Egg, E. (1981): *Metodología y práctica de la Animación Sociocultural*. Madrid: Marsiega.
- Becerra, C. (2001): "La Verde: una experiencia de desarrollo rural", en Lucio-Villegas, E. (ed.): *Espacios para el desarrollo local*. Barcelona: PPU, páxs. 161-177.
- Borja, J (2001). *La ciudad y la nueva ciudadanía*. Barcelona: Conferencia pronunciada en el "Forum Europa" (Xuño). Documento Policopiado.
- Brown, M. (2006): *Diario o Público*. Lisboa: Público Comunicaçao social, SA (24 de agosto).
- Callejo, J. e Viedma, A. (2005): *Proyectos y estrategias de investigación social: la perspectiva de la intervención*. Madrid: McGraw Hill.
- Calvín, V. M. (1992): "La cultura y las asociaciones rurales", en *Documentación Social: El futuro del mundo rural* (Ed. Cáritas Española), núm. 87, páxs. 158-169.
- Camilleri, C. (1985): *Antropología cultural y educación*. París: UNESCO.
- Caride, J. A. (2001): *Proyecto docente e investigador en Pedagogía Social*. Santiago de Compostela: Departamento de Teoría e Historia da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.
- Caride, J. A. e Meira, P. (2000): "La Educación Social en las políticas culturales: hacia una construcción pedagógica de la democracia cultural", en Caride, J. A. (coord.). *Educación Social y políticas culturales*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 19-42.
- Contreras, J. (1994): "La investigación en la acción, ¿qué es?, ¿como se hace?", en *Cuadernos de Pedagogía*, núm. 224, páxs. 8-19.
- Corey, S. M. (1953). *Action research to improve school practices*. New York: Teachers College Press.
- De Landsheee, G. (1982): *La investigación experimental en Educación*. París: UNESCO.
- De La Riva, F. (2003): *Metodologías de análisis de la realidad global y local*. Madrid: PPV.

- Elliott, J. (1990): *La Investigación-Acción en educación*. Madrid: Morata.
- Elliott, J. (1991): *Action research for educational change*. Philadelphia: Open University Press.
- Esteves, A. J. (1986): "A investigação-acção", en Silva, A. e Pinto, J.: *Metodología das ciências sociais*. Porto: Edições Afrontamento, páxs. 251-278.
- Fals, O. (1986): *Conocimiento y poder popular*. Bogotá: Punta de Lanza.
- Fals, O. (2000): "Investigación-Acción Participativa", en Pérez Serrano, G. (coord.): *Modelos de investigación cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural: aplicaciones prácticas*. Madrid: Narcea, páxs. 57-81.
- Freire, P. (1985): *Pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo XXI.
- Gadotti, M. (2003): *Pedagogía de la praxis*. Barcelona: Diálogos.
- Geertz, C. (1987): *La interpretación de las culturas*. Barcelona: Gedisa.
- Gramsci, A. (1970): *Introducción a la filosofía de la praxis*. Barcelona: Península.
- Greek, S. (2004): "Museums and adult education in UK: from old "cabinets of curiosities" to museums as new sites for no-formal learning", en Kurantowick, E. e Malec, M. (eds.): *Proceedings of 4th ESREA European Research Conference*. Wroclaw: University of Wroclaw.
- Gutiérrez, F. (1975): *Pedagogía de la comunicación*. Buenos Aires: Humánitas.
- Harris, M. (1980): *El materialismo cultural*. Madrid: Alianza.
- Hobsbawm, E. (2003): *Años interesantes*. Barcelona: Crítica.
- Juliano, D. (1993): *Educación Intercultural*. Barcelona: Eudema.
- Kemmis, S. (1984): *Educational research is for education*. México: Australian Educational Researcher.
- Kemmis, S. e Mc Taggart, R. (1988): *Cómo planificar la investigación-acción*. Barcelona: Laertes.
- Laporta, R. (1986): "La cultura de la sociedad local desde la perspectiva autoeducativa", en Quintana, J. M. (ed.): *Investigación Participativa. Educación de adultos*. Madrid: Narcea, páxs. 81-88.
- Latorre, A. (2003): *La Investigación-Acción. Conocer y cambiar la práctica educativa*. Barcelona: Graó.
- Lewin, K. e outros (2006): *La investigación-acción participativa: inicios y desarrollos*. Madrid: Popular.
- López de Ceballos, P. (1987): *Un método para la Investigación-Acción Participativa*. Madrid: Popular.
- Lyotard, F. (1984): *La condición postmoderna*. Madrid: Cátedra.
- Marchioni, M. (2001): *Comunidad, participación y desarrollo*. Madrid: Popular.

- Marti, J. (2005): "Prácticas de participación local en Cataluña. Algunos principios y reflexiones críticas", en *Educación Social. Revista de Intervención Socioeducativa. Estrategias para la participación social*. Barcelona: Fundación Pere Tarrés, páxs. 31-43.
- Mayo, P. (2003): *Gramsci, Freire i l'educació de persones adultes*. Valencia: Edicions del Crec.
- Moreno, I. (1991): *La cultura y la vida cotidiana*. Documento mecanografiado.
- OCDE (1996): *Local Economic and employment development*. París: Programme OCDE.
- Orefice, P. (1987): "Le Service Communal de Didactique Territoriales. Aspects théoriques, méthodologiques et techniques", en *Seminario Internacional: minorías, áreas, zonas desfavorecidas*. Documento mecanografiado.
- Paillé, P. (2001): "Investigación-Acción", en Mucchielli, A. (dir.): *Diccionario de Métodos cualitativos en Ciencias Humanas y Sociales*. Madrid: Síntesis, páxs. 171-174.
- Pérez Serrano, G. (1990): *Investigación-Acción. Aplicaciones al campo social y educativo*. Madrid: Dykinson.
- Pérez Serrano, G. (2001): *Investigación cualitativa. Retos e interrogantes*. Madrid: La Muralla.
- Perez Serrano, G. (2004): *Modelos de investigación cualitativa en Educación Social*. Madrid: Narcea.
- Quintana Cabanillas, J. I. (2002): "Desarrollo y políticas de desarrollo rural", en Comíns, J. (coord.): *Desarrollo Rural. De los fundamentos a la aplicación*. Madrid: Paraninfo, páxs. 63-96.
- Romero, A. (2004): *La participación del voluntariado en el desarrollo de la comunidad local*. Madrid: PPV.
- Ruiz, A. (2001): "Las personas en el desarrollo local: consideraciones culturales", en Lucio-Villegas, E. (ed.): *Espacios para el desarrollo local*. Barcelona: PPU, páxs. 81-93.
- Taba, H. e Noel, E. (1957): *Acting research: a case study*. Washington: Association for Supervision and Curriculum Development.
- Weber, M. (1984 [1922]): *La acción social. Ensayos metodológicos*. Barcelona: Península.
- Williams, R. (2004): *En la frontera*. Barcelona: Diálogos.

Colección  
Cadernos temáticos para  
a acción cultural local

1. A acción municipal no tempo libre.
2. Planificación estratégica en cultura.
3. Asociacionismo e participación cidadá:  
Análise e propostas.
4. Políticas culturais e creación artística  
a nivel local.
5. A investigación-acción participativa no  
quefacer municipal.